



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 31

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

20 de setembro de 1994

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

Punto único.-

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución (doc. núm. 2.761).

SUMARIO

Abrese a sesión ás dez e trinta minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento do novo deputado D. Ismael Rego González.

Para dar cumprimento ó artigo 7º do Regulamento, o Sr. Rego González (S) promete acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia (páx. 2243).

Debate de política xeral: Informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día).

Exposición: Excmo. Sr. presidente da Xunta (páx. 2243).

Propostas para un desenvolvemento harmónico do Estado das Autonomías (páx. 2244).

A reforma do Senado (páx. 2246).

O Consello Económico e Social (páx. 2249).

A Conferencia de Presidentes (páx. 2250).

A participación na Unión Europea (páx. 2251).

Galicia en 1994 (páx. 2253).

Infraestructuras e marco físico (páx. 2254).

Creación da riqueza e do emprego (páx. 2257).

Mellora da sociedade galega (páx. 2260).

As institucións (páx. 2264).

Suspéndese a sesión ás doce e sete minutos da mañá e reiníciase ás catro e cincuenta e cinco minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 2267), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 2276) e Sr. Vázquez Portomeñe (P) (páx. 2284).

Resposta da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta (páx. 2289).

Réplica dos grupos: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 2295) e Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 2297).

Contrarréplica da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta (páx. 2299).

O Sr. presidente comunica o prazo de presentación para as propostas de resolución subseguintes ó debate (páx. 2300).

Suspéndese a sesión ás oito e dez minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e trinta minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa que é asistida polo oficial maior.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Señorás e señores deputados, o señor secretario da Mesa vai dar lectura á orde do día.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina): Señorás e señores deputados, a orde do día desta sesión é a seguinte:

Asunto único. Debate de política xeral, informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

PRESTACIÓN DE PROMESA OU XURAMENTO DO NO DEPUTADO D. ISMAEL REGO GONZÁLEZ

Como cuestión previa ó desenvolvemento da orde do día, procedemos a recibila promesa ou xuramento de acata-la Constitución do novo deputado desta Cámara, don Ismael Rego González, que ocupa o escano vacante por renuncia do señor Salgado García.

Convido ó señor Rego a acercarse á tribuna a prestar xuramento e rógolle á Cámara que se poña en pé para recibilo mesmo.

Señor deputado, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor deputado. Benvido a esta Cámara.

O señor REGO GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL, INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Para presenta-lo seu informe ten a palabra o señor presidente do Goberno, Fraga Iribarne.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Grazas, señor presidente.

Señor presidente, señorías, cumprindo o previsto na Lei da Xunta e do seu Presidente, comparezo ante esta Cámara para dar conta do estado da Autonomía e para que a través do correspondente debate poidamos entre todos fixa-la situación e posición da nosa Comunidade Autónoma, tanto na súa relación co exterior, con respecto ás demais comunidades, ó Goberno central e á Unión Europea, como en relación cos nosos propios equilibrios internos e coa nosa capacidade de mellora-la cohesión social da nosa Autonomía e o noso desenvolvemento económico e social.

O momento histórico que estamos a vivir e os novos equilibrios que se debuxan esixennos a todos unha fonda reflexión sobre a situación actual e o futuro do Estado das autonomías.

É obvio que Galicia ten que actuar dentro dun marco xeral, marco que hoxe en día esixe una fonda redefinición para potencia-lo espírito do título VIII da Constitución Española e lograr un desenvolvemento harmónico e xusto do noso Estatuto de autonomía.

Por iso coido necesario presentar ante este Parlamento propostas básicas que, ó xuício do meu Goberno, lle poden dar ese impulso imprescindible ó noso sistema institucional para lograr que as nacionalidades e as rexións que constitúen España se sintan potenciadas e tratadas xustamente. Lograr, en definitiva, que a diversidade cultural, lingüística e económica teñan un punto de encontro común: a nación española, crisol no que se integra a nosa propia personalidade e que ó mesmo tempo defende a nosa propia diversidade nun marco de solidariedade e xusticia.

Á expresión destas propostas, para as que por adiantado pido o voto favorable desta Cámara cando

se traduzan en resolucións, dedicarei a primeira parte da miña intervención.

PROPOSTAS PARA UN DESENVOLVEMENTO HARMÓNICO DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS

As arelas de autonomía e os intentos por conseguir un reparto territorial do poder político que consiga unha integración sen fisuras entre unidade e diversidade responde á pluralidade de realidades culturais, lingüísticas, xeográficas e socioeconómicas que constitúen España. Pluralidade de fondas raíces que na Constitución Española de 1978 atopou un tratamento basicamente axeitado. Nela atopamos un equilibrado xogo entre os conceptos de unidade e descentralización política.

En efecto, ela mesma fundaméntase na indisoluble unidade da nación, para a cal é imprescindible un poder central naquelas funcións que máis xenuinamente lle corresponden (política exterior, defensa, ordenación xeral da economía, bases do sistema fiscal, da seguridade social, etc.), pero, así mesmo, apúntase xa no seu preámbulo e recoñécese no artigo dous o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións españolas, garantíndose -sub-liño- a solidariedade entre todas elas.

A referencia que a disposición transitoria segunda fai ós “territorios que no pasado plebiscitaron afirmativamente proxectos de estatutos de autonomía”, permitiu unha vía máis rápida para aqueles que no momento constituínte manifestaban con antecedentes históricos e de xeito máis claro a súa vontade de autogoberno (Galicia, País Vasco e Cataluña), pero sen que se lles negase esa vía a aquelas rexións que superasen os difíciles requisitos do artigo 151 da Constitución e sen que isto significase que a aquelas que se beneficiasen do proceso autonómico mediante o camiño máis pausado do artigo 143 se lles impuxese un teito final máis baixo.

Por outra banda, neses primeiros momentos aínda non estaba clara a xeneralización do mapa autonómico, configurándose a senda autonómica como unha opción libre que, finalmente, tódolos territorios acabarían por percorrer.

Deste xeito, abríase un proceso de transcendencia singular que, pola súa natureza, implica un axuste dinámico e continuado, pero sen rupturas traumáticas.

Foi inevitable unha pugna entre o poder central, remiso a ceder esferas competenciais que xa non lle eran propias, e os poderes autonómicos (en especial os das comunidades chamadas históricas, entre as que se atopaba Galicia), dispostos a faceren vale-lo recoñecemento daquilo que entendían que lexitimamente lles correspondía. Foron inevitables, así mesmo, disfuncións administrativas derivadas de duplicidades e solapamentos competenciais, ó que acompañou, en non poucas ocasións, unha considerable descoordinación na xestión diaria das distintas administracións actúantes nun mesmo marco xeográfico.

A este panorama veuse suma-la nova perspectiva que a integración na Comunidade Europea aporta ó deseño do Estado das autonomías, no que as comunidades autónomas verán como as decisións comunitarias inciden de cheo na súa esfera propia de poder político. O Estado verase tentado a reasumir facultades xa descentralizadas con motivo da dimensión internacional da política europea e non amosará a suficiente sensibilidade para tomar en consideración os puntos de vista autonómicos á hora de configura-la posición española nos foros europeos.

Mención á parte merece un dos vicios que viñeron adulterando a práctica política do sistema: a absoluta prevalencia da bilateralidade sobre a multilateralidade participativa no eido das relacións entre as comunidades autónomas e o Estado. As consecuencias disto son de todos coñecidas: imposición dunha dialéctica na que sae gañando case sempre o que máis capacidade de presión exerce ou o máis próximo politicamente ó partido que goberna no centro. Nun momento no que a desaparición dunha maioría absoluta condiciona a dinámica parlamentaria, isto percíbese xa con toda claridade.

Os anos percorridos e os novos acontecementos políticos tanto nacionais (desaparición da maioría absoluta socialista) coma europeos (Tratado da Unión Europea) fan do momento presente un auténtico limiar histórico que impón o exame á luz dos principios constitucionais do ata aquí edificado, co fin de

estructurar mecanismos que consigan dar solidez, estabilidade e coherencia ó sistema.

Trátase de escoller entre dúas opcións: ou a pugna constante e o desequilibrio provocado por situacións de privilexio no marco dunha improvisación permanente e conxuntural ou ben avanzar, dunha vez por todas, no desenvolvemento máximo das posibilidades que o noso ordenamento xurídico nos outorga para configurar un modelo estable nun sentido responsable, autonomista e solidario.

Por desgracia, creo non equivocarme cando afirmo que o primeiro modelo (o da improvisación, a pugna e o desequilibrio) conduciría máis tarde ou máis cedo á crise do sistema, que quedaría, por falta de transparencia e claridade, baixo sospeita de agachar discriminacións e privilexios e incentivar presións e coaccións dunha ou doutra parte segundo a conxuntura política do momento.

Un autonomista convencido non pode por menos de ver con preocupación que as cousas poidan evolucionar por ese camiño; a ningún se lle escapa que as posibilidades de que agromen aquí e acolá de reaccións de desconfianza cara ó sistema de descentralización política que os pobos de España se outorgaron serán cada vez maiores. Como tampouco pode ver con satisfacción como unha máis que posible escalada de reivindicacións, estimulada por agravios comparativos, poida chegar a colapsa-la estrutura institucional e levala cara a un camiño sen saída onde, ó final, saíramos perdendo todos.

A solución, así pois, virá necesariamente da man, penso, da segunda opción devandita, isto é, a revitalización dos principios constitucionais de autonomía, solidariedade e participación como informadores da estruturación de canles transparentes para unha relación estable e leal entre o centro e a periferia, e, así mesmo, entre as diferentes comunidades autónomas. Esa é a única maneira de garanti-la pervivencia futura do pacto constituínte no que atinxe á distribución territorial do poder.

Deste xeito, débense crea-las condicións para que o Estado non se sinta inclinado a aproveita-la ambigüidade e flexibilidade de certas fórmulas ("interese xeral", "bases") ou a oportunidade de certos procesos transcendentais na construción europea para arrojar

un poder que xa é das comunidades autónomas por mandato constitucional e estatutario, e moito menos utilízalo dun xeito arbitrario a prol de quen máis conveña segundo a conxuntura, debendo, pola súa parte, as nacionalidades e rexións de absterse de accións reivindicativas que, indo alén do seu lexítimo dereito ó autogoberno, poñan en perigo a solidariedade económica e a unión política.

Galicia non aceptará xamais o sentido daquelas voces, e moito menos daquelas prácticas, que consideran que existen dúas autonomía de primeira categoría postergando a tódalas demais. Non entende, por exemplo, que entrementes se axiliza significativamente o traspaso de competencias en materia de orde pública a prol de Cataluña, o Estado se negue a adscribir a Galicia as unidades de inspección de xogo da Coruña e Pontevedra, nunha materia, o xogo, na que, por certo, temos competencia exclusiva. Non entende que un ministro de Economía negocie os orzamentos cun presidente dunha comunidade autónoma ignorando os demais. A Comunidade Autónoma de Galicia proclama que, tanto polo procedemento que lle corresponde para acadala súa autonomía como polo teito competencial que poida gozar, ten exactamente o mesmo rango que Cataluña e o País Vasco, polos que teño -claro é- un máximo respecto e afecto. Pero é máis, o que Galicia pide para si mesma como Comunidade Autónoma non llelo nega ás outras deza-seis.

A Galicia vaille moito na preservación do Estado das autonomía; non en van foron moitos os galegos de ben que ó longo da historia entregaron as súas vidas na loita pacífica por conquistar unhas cotas razoables de autogoberno. Non en van, así mesmo, o pobo galego soubo conserva-los seus sinais de identidade como país sen rupturismos nin separatismos con respecto ó conxunto da nación española. A ver se precisamente por buscarmos unha vía para as nosas arelas de autonomía compatibles coa solidariedade e unidade co resto dos pobos de España nos vemos postergados e afastados. É por isto polo que a Xunta de Galicia, nun intento por renova-lo espírito de consenso que presidiu a transición política, quere presentar perante este Parlamento a súa proposta de desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomía, co fin de estrutura-los mecanismos institucionais necesarios para que a autonomía, a solidariedade e a

participación atopen un marco axeitado e estable de realización.

Tal proposta estrutúrase en catro apartados:

Primeiro: Un proceso controlado e medido de reforma constitucional para facer do Senado o que a Constitución quixo que fose, pero que non acertou a culminar: unha cámara de representación territorial.

Segundo: O cumprimento do mandato do artigo 131 da Constitución, de xeito que se constitúa un Consello Económico e Social no que teñan participación, activa como di expresamente o apartado 2, as comunidades autónomas.

Terceiro: Unha conferencia composta polos presidentes das comunidades autónomas e o presidente do Goberno do Estado que constitúa o enganche na cúspide dos mecanismos de cooperación e diálogo entre os poderes territoriais e o poder central, coordinando, ademais, as xa existentes ou por crear conferencias sectoriais.

Cuarto: A articulación dunha normativa legal que garanta a participación activa e eficaz das comunidades autónomas na política estatal no ámbito comunitario.

A REFORMA DO SENADO

As tres realidades nas que se realiza politicamente o Estado español: comunidades autónomas, poder central e Unión Europea, precisan dunha integración harmónica, para a cal o principio de participación é un instrumento fundamental. A lóxica máis elemental ensínanos que para a elaboración de políticas xustas na ordenación dos nosos sectores productivos, das nosas infraestruturas, na configuración das bases do noso ordenamento xurídico-administrativo, na determinación dos criterios de reparto dos fondos de solidariedade, etc., debe terse en conta o criterio dos poderes territoriais.

En tódolos países de estrutura composta ou descentralizada existe un foro que desenvolve o labor de aunar a vontade das partes no todo, de maneira que a vontade común estea informada en todo momento pola sensibilidade plural que por debaixo dela subxace.

Este é un requisito ineludible en calquera estado composto que sexa verdadeiramente tal.

Non obstante, no que a España respecta, atopámonos con que, malia a declaración do artigo 69 da Constitución, que define o Senado como Cámara de representación territorial, a potestade lexislativa que posúe é superflua e, no mellor dos casos, subordinada.

Por outra banda, o sistema de selección de senadores, primando absolutamente a circunscripción electoral provincial, fai que se reproduzan as correlacións de forzas do Congreso e que o senador se sinta máis vinculado ó seu grupo partidario-ideolóxico có seu territorio de procedencia.

A nosa Cámara alta vén sendo así unha instancia vacua que rara vez foi quen de introducir no proceso lexislativo algo máis ca un aporte meramente técnico, complementario ou adicional. Non nos pode estrañar, xa que logo, que non sexan poucos os que vexan nesta Cámara un factor distorsionador que leva consigo demoras temporais e dispendios económicos inútiles.

Se se analiza de vagar o articulado que a nosa Lei de leis lle dedica, obsérvase claramente un contraste entre o que a Constitución pretende como liña de principio e o que despois se plasma en cada un dos preceptos. As dificultades e incertidumes que se vivían na transición política -por certo, aínda non houbera tempo de organizar, como era lóxico, as autonomías- sen dúbida explican este fenómeno, xa que naquel intre nin sequera estaba claro que se ía producir unha xeneralización do mapa autonómico.

Por iso penso que non teñen xustificación os que temen unha reforma constitucional tan mínima como a que imos expoñer por facer periga-lo consenso que tantos esforzos custou conseguir no proceso constituínte. Trátase de deseñar unha reforma que, primeiro, deixe o texto da nosa norma suprema o máis intacto posible; e, segundo, que sexa, por suposto, unha reforma conforme en todo punto co espírito da Constitución, e, xustamente, para realiza-lo que propoñemos.

Pola contra, o que ó meu entender si adultera tal espírito son as prácticas espurias e as graves eivas que coa reforma se pretenden evitar: o déficit integrador

dos intereses das diferentes comunidades autónomas, as marxinações inadmisibles en investimentos e infraestruturas -e diso en Galicia sabemos bastante pe-se ós esforzos do Goberno galego, que evitaron carencias maiores-, o abuso das relacións bilaterais fronte á necesaria multilateralidade, os favoritismos a favor das rexións da mesma color política ou en beneficio dos que fan da súa forza política moeda de cambio, a utilización polo poder central da normación básica para recortar e invadir competencias que lles corresponden ou lles poderían corresponder ás autonomías, a maior axilidade en ceder transferencias en favor das comunidades, digamos, “amigas”, o esgallamento de poder financeiro en contra do principio de solidariedade mediante mecanismos que pouco teñen que ver coa corresponsabilidade fiscal e coa autonomía financeira.

Por iso as razóns de prudencia e moderación que se esgrimen para evitar retoca-la nosa carta magna deberían, en troques, motivar todo o contrario. A miña experiencia de moitos anos confirma que as pequenas reformas deben facerse antes de que o deterioro sexa tal que impida unha adaptación mesurada da armazón política-xurídica.

A última reforma regulamentaria do Senado puxo de manifesto que tódalas forzas políticas alí presentes consideran necesario abrírlles canles de participación ás comunidades autónomas e dotalas dun maior protagonismo, de maneira que con boa vontade hai bases para confiar nun acordo amplo.

A reforma regulamentaria devandita foi útil pero insuficiente. A creación da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, aínda que outorga un certo eco ás inquedanzas destas, carece de funcións lexislativas e a súa eficacia será limitada.

Unha reforma só será satisfactoria se se dota o Senado dunha especialización funcional con protagonismo real no proceso lexislativo e se se modifica a súa composición incrementando significativamente a presenza do nivel autonómico, pero a vía regulamentaria, obviamente, nunca poderá ter ese alcance. Deste xeito e cos condicionantes expostos de desenvolver e non traiciona-lo espírito constitucional, así como o de altera-lo menos posible a dicción literal do texto, a Xunta de Galicia propón:

a) Reestructura-la representación territorial como segue:

Primeiro. Reduci-lo número de senadores que ha-xa que elixir por cada provincia de catro a tres. Así como reduci-lo número dos que lles corresponden ás illas maiores de tres a dous e mante-lo número de senadores das outras illas ou agrupacións.

Segundo. Eleva-lo número de senadores designados polas comunidades autónomas ata un total do dobre das provincias que compoñen a Comunidade, manténdose o senador por cada millón de habitantes.

Terceiro. Constituír cada un dos presidentes das comunidades autónomas en senadores.

Os senadores de designación autonómica deberán ser membros da asemblea lexislativa da comunidade respectiva e deberán ser elixidos por ela.

Con isto conseguiríase, entre outras cousas, incrementar-la representación de nivel autonómico dun xeito significativo, garanti-la presenza conxunta dos principios esenciais nas modernas democracias federais: a representación territorial e a orixe democrática do poder político, e, finalmente, dotar de liñas de comunicación fluídas entre as sensibilidades políticas dos parlamentos autonómicos e a cámara de representación territorial.

Respecto da especialización funcional do Senado, a Xunta de Galicia propón:

b) Que o Consello de Ministros teña que enviar ó Senado, para que o procedemento lexislativo se inicie nesta Cámara, determinados proxectos de lei definidos consonte encaixen nunha serie de materias. Verbo destas, así mesmo, o Senado terá a iniciativa lexislativa. Vexamos cales serían:

Primeiro. A planificación da actividade económica xeral e/ou a efectividade do principio de solidariedade nos termos previstos nos artigos 131 e 138.2 respectivamente. Recóllese este dobre suposto porque a competencia exclusiva do Estado verbo das bases e da coordinación da planificación xeral da actividade económica ten unha enorme forza expansiva que frecuentemente pon en perigo a competencia autonómica no que atinxe á ordenación económica do seu territorio.

Ámbalas competencias están chamadas obxectiva e necesariamente a ser concorrentes. ¿Que mellor, xa que logo, de cara a esa concorrencia que a participación do sentir das rexións na elaboración das grandes liñas da política económica, como está previsto, repítolles, expresamente no artigo 131.2 da Constitución? ¿E que mellor para garantirlles ás Comunidades Autónomas o seu ámbito de ordenación propio?

Non se esqueza, ademais, que a ordenación económica xeral, por mandato constitucional, deberá ir encamiñada á harmonización e ó equilibrio do desenvolvemento rexional e a propiciar unha máis xusta distribución da riqueza tamén no plano territorial. Deste xeito, a participación das comunidades autónomas neste terreo resulta conveniente e ata imprescindible.

A segunda materia competencia do Senado deberá se-la lexislación básica que a favor do Estado se recolle no artigo 149. As razóns son obvias: é xustamente a dialéctica bases-desenvolvemento a que máis conflictividade ten suscitado nas relacións centro-periferia. Galicia considera que na configuración da lexislación básica é posible regular con máis sensibilidade autonomista. Cuestión da máxima importancia, pois a lexislación autonómica deberá integrarse na regulación global dunha materia dun xeito coherente. Ademais, evitárase así que a lexislación estatal sexa uniformadora alí onde a Comunidade Autónoma debe ter unha esfera suficiente para desenvolve-las opcións propias derivadas das súas peculiaridades ou intereses específicos.

Unidos a este suposto inclúense na reforma proposta outros que non responden ó esquema lexislación básica ou lexislación de desenvolvemento, senón que a súa selección deriva da importancia capital que para todos e cada un dos territorios ten a regulación estatal de determinados recursos naturais como os tan delicados hoxe en día dos aproveitamentos hidráulicos, e, finalmente, inclúense así mesmo outros nos que a propia natureza das cousas fai ou fará que as administracións autonómicas corran co peso da xestión consonte os principios defendidos na proposta da Administración única feita pola Xunta de Galicia (estou pensando no patrimonio, museos, arquivos, bibliotecas, etc.).

O terceiro gran sector de materias é triple: aqueles proxectos de lei ós que se refiren os números 1 e 3 do artigo 150 da Constitución, así como os proxectos de lei orgánica previstos no número 2 do mesmo artigo. Trátase no suposto do 150.1 da delegación lexislativa en materia competencia do Estado, mecanismo pouco utilizado que permitiría habilitar unha ou varias comunidades autónomas para o dictado de novas normas.

O artigo 150.2 dá a posibilidade de que o Estado transfira ou delege facultades de titularidade estatal. Este artigo debe chegar a ter unha operatividade singular pois permitiría algo perfectamente normal nos sistemas federais -ou en xeral de estados compostos- nos que o aparello administrativo dos poderes territoriais executa, ademais de políticas propias, moitas directrices do poder central, evitándose duplicidades, descoordinacións e gastos innecesarios. Lémbrense de que a proposta da Administración única ten como eixe o artigo 150.2, precisamente.

Respecto do artigo 150.3 contemplamos aquí un mecanismo de enorme trascendencia a través do cal o Estado pode acomete-la harmonización de disposicións normativas das comunidades autónomas. A importancia e mesmo a gravidade deste suposto, que sempre ha de ter un carácter excepcional, esixe a intervención relevante da cámara de representación territorial.

O cuarto suposto que se recolle como materia na que o Senado ha de asumir un especial protagonismo será, por razóns incontestables, a aprobación e reforma dos estatutos de autonomía.

O quinto será a mesma declaración de interese xeral. Tal cualificación é un título habilitante para a atribución de competencias por parte do Estado en prexuízo do que en principio lle correspondería á Comunidade Autónoma. A utilización desta declaración como un mecanismo para burla-la distribución de competencias é un perigo patente que esixe a intervención das comunidades autónomas na fixación dos criterios que lles sirvan de base. Así mesmo na medida en que tal declaración supón que as obras sexan sufragadas polo Estado podería conducir a discriminacións e favoritismos que deben ser evitados.

A derradeira materia sobre a que versará a que denominamos como *especialización funcional do Senado* será a referida a aqueles tratados internacionais que supoñan cesión de competencias constitucionais ou estatutarias. Este tipo de tratados, dos que os sucesivos convenios que fundamentan a construción europea son un bo exemplo, inciden nos ámbitos autonómicos de poder, polo que é evidente o interese que esta materia ten para a cámara de representación territorial.

Vallan estas pinceladas para darlle cumprida conta a este Parlamento da reforma que se pretende. Sobre este e sobre os demais temas que vou tratar xa se lles entregaron ós grupos parlamentarios propostas formais, escritas e con texto. Nela inclúense, por suposto, os procedementos para levar a bo termo o iter lexislativo, os detalles do cal afórroos nesta exposición para non perde-la atención sobre o fundamental.

O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

Entro, pois, xa de cheo, no segundo gran apartado da proposta que estamos presentando. Trátase de dar cumprimento ó mandato do artigo 131 da Constitución dando entrada á participación -hoxe negada- das comunidades autónomas no Consello Económico e Social, unha institución que terá pouco que ver coa que neste momento existe a nivel estatal e que, por suposto, acaba de ser regulada como lei orgánica en desenvolvemento da Constitución.

O recoñecemento da autonomía das nacionalidades e rexións, e moi especialmente o principio de solidariedade entre todas elas, esixe un papel activo das comunidades autónomas no deseño das políticas estatais no eido económico. Políticas que, no marco do modelo de Estado social e de dereito, responderán a un concepto amplo e flexible de planificación económica respectuoso coa liberdade de mercado, e políticas que non poden descoñecer-la articulación de competencias en materia económica das que se deriva a necesidade de estruturar mecanismos institucionais de participación económica.

Os que facemos da unidade do Estado e do dereito á autonomía unha soa crenza temos moi presente que a integración entre os diferentes pobos que configuran a comunidade nacional depende en grande medida da

cohesión económica existente entre as diferentes rexións. Os agravios comparativos, as marxinações, as concentracións de investimentos en determinadas zonas co esquecemento doutras, son sempre, a medio prazo, factores de desestabilización, á parte de seren intrinsecamente inxustos. Cómpre, polo tanto, darlle un carácter estable á colaboración entre tódalas comunidades autónomas e o Estado central.

Isto, que, como ten repetido ata a saciedade o Tribunal Constitucional, está implícito na estrutura do sistema, ten no artigo 131 da Constitución un instrumento utilísimo que está virxe na súa aplicación. No seu apartado 2 prevese a creación dun consello destinado a colaborar nos proxectos de planificación da actividade económica xeral segundo as previsións subministradas polas comunidades autónomas.

A marxinación das comunidades autónomas no proceso planificador da Administración central, do que un instrumento básico, por certo, son os orzamentos, non se pode tolerar por máis tempo. En Galicia non se entende, por exemplo, por que o tren de alta velocidade Madrid-Sevilla vén esixido por un superior interese xeral, o que xustifica unha enorme contía investidora entrementes aquí, pola contra, temos que loitar por que non se nos reduzan as liñas férreas de comunicación. Como tampouco é aceptable que todo o Plan director de infraestruturas 1993-2003 fose elaborado sen o concurso das comunidades autónomas, cando están en xogo, coas medidas nel contempladas, enormes cantidades en investimentos e o futuro do equilibrio territorial.

A Xunta de Galicia non se limita a denunciar, senón que quere contribuír a articular respostas coherentes e con vocación de permanencia para reparar-las eivas expostas. Por iso propón a imbricación das comunidades autónomas no proceso planificador a través dunha dobre formulación: a reforma orgánica e funcional do Senado antes exposta, e agora, a reforma do actual Consello Económico e Social, creado por Lei non orgánica do 17 de xuño de 1991, mediante a redacción dunha nova que deberá conte-las seguinte previsións:

Primeiro. O Consello debe asumir-las funcións consultivas en relación coa planificación económica,

entendida como o labor de dirección, impulso, coordinación e harmonización por parte do Estado.

Segundo. Na composición do Consello debe existir unha representación das comunidades autónomas, integrada por un membro do Consello de Goberno de cada unha delas, e un experto proposto por aquelas. Tal representación deberá estar presente en todos e cada un dos órganos (Pleno, Comisión Permanente, comisións de traballo...) que existan no Consello.

Terceiro. Os informes do Consello en materia socioeconómica terán carácter preceptivo.

Cuarto. Se o criterio do Goberno non coincidise co do Consello, este comunicarlle a aquel as razóns da discrepancia debidamente fundadas.

Quinto. O Consello poderá, por propia iniciativa, elaborar informes e estudos relacionados co grao de equilibrio do desenvolvemento rexional.

Sexto. O Consello deberá elaborar anualmente unha memoria na que expoña as súas consideracións á luz, especialmente, dos artigos 2, 131.1 e 138 da Constitución.

A CONFERENCIA DE PRESIDENTES

Como xa apuntamos ó longo deste discurso, o Estado e as comunidades autónomas veñen sometidos a un deber xeral de colaboración intrínseco na estrutura de Estado composto que diseña a Constitución. Este deber de colaboración non crea ningunha competencia a favor do Estado nin pode ser utilizada para limitar indebidamente as competencias autonómicas, pero si vincula as diversas instancias político-administrativas a prestarse cooperación e asistencia mutua para un mellor e máis eficaz exercicio das competencias de cada unha.

Unha das maneiras de materializar esta operación é xa o funcionamento dalgunhas -non todas- conferencias sectoriais, que integran tanto os representantes das comunidades autónomas coma os responsables dos diferentes departamentos ministeriais. Un dos defectos de base, sen embargo, que se detecta ó examina-lo resultado destes mecanismos é, ó meu entender, a falta dun referente sistemático que as insira nun contexto máis amplo e globalizado. Neste senti-

do, creo que tales conferencias precisarían dun enganche na cúspide.

Non se entendan, polo tanto, as miñas palabras como unha descalificación global das conferencias sectoriais. A Xunta de Galicia estima positiva a súa existencia, participa sempre nelas considerando que a celebración das súas reunións deberá de ter un carácter máis periódico e máis estable.

A nova Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común recolle esta idea, pero dunha forma non plenamente satisfactoria. Que se plasmase nunha lei coma esta a necesidade da información recíproca e o intercambio de pareceres debe merecer tódolos eloxios. De tódolos xeitos, algún paso máis podería e pode ser dado. Considero que debería establecerse unha regulación que lle outorgase carácter periódico a estas conferencias e que abrise a posibilidade de que se constituísen con carácter extraordinario se o solicitase un número determinado de conselleiros autonómicos. Na elaboración da orde do día os representantes autonómicos deberán ter un papel efectivo. Pero aínda así estaríamos sufrindo unha carencia fundamental, pois as conferencias sectoriais non poden abranguer máis que un sector illado da acción pública e quedarían sen abordar os grandes temas que atinxen á globalidade dos intereses xerais. É preciso, xa que logo, superalo de grao devandito constituíndo un foro de cooperación ó máis alto nivel: unha Conferencia de presidentes de comunidades autónomas e o presidente do Goberno de España.

Non se trata de invadir as competencias que lle corresponden ó Executivo do Estado, pero que dúbida cabe de que, en temas fundamentais que a todos nos afectan, é utilísimo e case imprescindible que o Goberno poida contrastar opinións e valoracións cos altos dignatarios autonómicos. Agora ben, non con este ou aquel segundo o que conxuntualmente conveña por mor de intereses cativos e partidistas, senón con todos e dunha maneira regular, transparente e normalizada.

Moito se melloraría en coherencia e coordinación se estas conferencias de presidentes puidesen se-la fonte de importantes acordos que imprimisen novos pulos e unha maior solidez á política nacional. Así

pois, propónse a redacción dun texto legal plasmado nos seguintes precisos temas:

Primeiro: Créase unha Conferencia de presidentes formada polos presidentes dos consellos de Goberno das comunidades autónomas, ademais do presidente do Goberno do Estado, que a presidirá, actuando de secretario o ministro da Presidencia. Os membros poderán asistir acompañados do persoal que coiden conveniente.

Segundo: A Conferencia terá carácter deliberante, tomará os seus acordos en determinados casos por unanimidade, reuníndose semestralmente ou a petición dun tercio dos seus membros na sede que se fixe para a xuntanza.

Terceiro: A Conferencia debaterá cuestións xerais de interese común que non correspondan a órganos creados pola lei para esta finalidade, e coordinará as conferencias sectoriais.

Cuarto: A Conferencia emitirá o seu parecer verbo dos proxectos normativos da Unión Europea e designará os representantes autonómicos nas comisións interadministrativas para os asuntos económicos relacionados coa Unión Europea e de seguimento e coordinación das actuacións relacionadas coa defensa do Estado español perante o Tribunal de Xusticia das comunidades europeas, hoxe Unión Europea.

Quinto: A Conferencia elaborará o seu propio regulamento.

A PARTICIPACIÓN NA UNIÓN EUROPEA

A proposta de desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomía que estamos formulando non podía deixar de abordar un aspecto de importancia decisiva como é o da participación das comunidades autónomas na construción europea.

Estamos asistindo a un proceso que, con maiores ou menores dificultades, leva consigo a asunción de competencias e atribucións a prol das institucións europeas, que pertencían, segundo o reparto constitucional, ben ó Estado central, ben ás comunidades autónomas. Se isto xa era así na anterior Comunidade Económica Europea, moito máis o será en relación

coa recén nada, pero que é inevitable que siga progresando, Unión Europea.

É ineludible, polo tanto, redefini-lo actual modelo de relacións Unión Europea-Estado-comunidades autónomas, modelo que dificilmente merece tal nome, pois hoxe caracterízase pola improvisación e a marxinalización dos poderes autonómicos na configuración da vontade estatal perante os órganos comunitarios.

A cesión de cotas de soberanía a prol das institucións europeas non supón de *iure* nin debe supoñer de *facto* unha reasunción de competencias por parte do poder central, o que agravaría o famoso déficit democrático. Faise necesario tamén, nesta perspectiva, estruturar mecanismos garantidores de que a presenza do Estado español en Europa sexa congruente co sistema autonómico. E isto nas súas dúas vertentes, é dicir, no procedemento interno de formación da vontade do Estado *ad extra* como na fase de execución da normativa comunitaria *ad intra*.

Con respecto á vía descendente, o Estado non pode utiliza-los asuntos europeos como coartada para recuperar facultades normativas e de xestión que doutro modo, consonte o reparto constitucional de poderes, xamais lle corresponderían. Mais o certo é que xa se viu tentado a iso, tendo o Tribunal Constitucional que poñe-las cousas no seu sitio en máis dunha ocasión. A proposta de Administración Única podería chegar a ser, neste sentido, un bo antídoto contra este tipo de inclinacións recentralizadoras, xa que suporía que, con carácter xeral, a instancia de execución fose da Administración autonómica naquelas materias nas que, en virtude das súas competencias, xa vén desenvolvendo un nivel importante de funcións.

Non me cansarei de repetir que os temas europeos non son relacións internacionais no sentido tradicional do termo, por iso defendo o que a estas alturas xa debiera ser de meridiana claridade para todos: que o recoñecemento constitucional do dereito á autonomía das rexións e nacionalidades que integran España debe te-la súa tradución no papel do Estado español na esfera europea, así como na execución das políticas deseñadas nese chanzo. Do contrario estaríamos ante o que me atrevería a cualificar de auténtica fraude á Constitución.

Neste eido, a colaboración entre a Administración central e a autonómica resultou, polo de agora, insatisfactoria. Os proxectos de convenio dos ministros Pons e Almunia non fructificaron por diversas razóns, entre as que cabe cita-la de non seren o suficientemente avanzados. De feito, hoxe non queda máis foro institucional que faga efectiva esta colaboración que a Conferencia Sectorial para Asuntos Comunitarios Europeos, que se reúne pouco.

O baleiro é grave xa que as comunidades autónomas vense afectadas nas súas esferas propias pola acción comunitaria, polo que deben participar no proceso de formación da vontade estatal, como é propio dun Estado composto. Isto, sen dúbida, tamén contribuiría a unha mellor e máis correcta execución do ordenamento comunitario.

Son moitas as resolucións do Parlamento europeo e do Consello de Europa que instan a un maior protagonismo rexional, e son significativos tamén os esforzos realizados por outros estados europeos descentralizados neste sentido. É inútil, pois, que en España sigamos pechando os ollos a esta clara necesidade.

O que propoñemos aquí é que a acción europea do Estado traduza a distribución constitucional de competencias que a Constitución reconece e garante. Isto implica unha información fluída entre as diferentes administracións, a participación activa das comunidades autónomas na definición da posición do Estado nos procedementos normativos, unha presenza real e efectiva de representantes de nivel autonómico nos comités e grupos de traballo da Comisión e, sobre todo, do Consello, e unha cooperación procesual nas accións xudiciais que substancien perante o Tribunal de Xusticia europeo.

Nin que dicir ten que, neste trascendental e delicadísimo ámbito, os mecanismos deben funcionar no marco dunha escrupulosa lealdade constitucional, o que implica o respecto ó papel irrenunciable que lle corresponde ó Estado como suxeito da integración europea. Non se pretende unha suplantación do Estado, cousa que, ademais, non encaixaría no ordenamento xurídico comunitario, senón que a súa natureza composta de Estado descentralizado politicamente non se falsee na esfera europea. Unha vez máis teremos que lembrar que a lealdade constitucional xo-

ga en dúas direccións, das comunidades autónomas cara ó poder central, isto é certo, pero tamén do poder central cara ás comunidades autónomas.

Estou convencido de que entrementes a participación dos poderes territoriais non se instrumente mediante unha norma estatal con rango de lei, seguiremos mergullados na improvisación sen que se albisquen doutro xeito solucións transparentes e estables.

Así pois, a Xunta de Galicia propugna a aprobación dunha Lei reguladora da participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da vontade do Estado na Unión Europea que necesariamente deberá conte-las seguintes previsións:

Primeiro: O Goberno da nación informará ás comunidades autónomas, con antelación suficiente, dos proxectos normativos (dereito derivado) da Unión Europea que sexan do seu interese, podendo as comunidades autónomas formula-las observacións que consideren pertinentes.

Segundo: Os proxectos normativos da Unión Europea que afecten ás competencias lexislativas das comunidades autónomas rexeranse polas seguintes regras:

a) O Goberno enviará o proxecto co seu parecer á Conferencia de presidentes, que emitirá o seu.

b) Se o criterio da Conferencia non coincidise co do Goberno, este comunicarlles a aquelas as razóns da discrepancia debidamente fundadas.

Ata aquí trataríanse de crear canles de información mutua, como condición elemental dunha colaboración eficaz.

Terceiro: As comunidades autónomas poderán designar un delegado perante a representación permanente de España na Unión Europea, como órgano de contacto, información e relación.

Os delegados autonómicos que representen ás comunidades afectadas polo proxecto europeo nas súas competencias lexislativas, ata un máximo de dous, incorporaríanse á delegación española en calidade de asesores-observadores e tamén ós comités de asesoramento da Comisión e do Consello.

Desta forma, as autonomías estarían presentes nos foros de negociación, discusión e preparación das decisións do Consello e na supervisión das competencias de execución. Foros tan importantes e decisivos como o Comité de representantes permanentes (CO-REPER). A súa intervención na formación inicial da vontade comunitaria tamén se articulará mediante a presenza autonómica nos comités consultivos da Comisión, que debe consultalos de forma obrigatoria.

Limitar estes supostos de participación a deter competencias exclusivas sería unha fonte de discordias e practicamente a marxinação das comunidades autónomas nas cuestións europeas. A participación da Autonomía debe incardinarse unicamente na súa capacidade lexislativa, que é a que lle permite integrar na súa política xeral as decisións comunitarias.

O criterio para determinar que comunidades deberán enviar observadores establecerase a prol daquelas que posúan un interese de importancia relevante no sector afectado -pensemos, por exemplo, a pesca no sur de Galicia- e, ó mesmo tempo, significativo no contexto nacional.

Non se exclúe a posibilidade, de carácter excepcional, de que a mesma representación do Estado, sobre a base dos criterios anteriores, a asuma un conselleiro e Goberno autonómico no seo do Consello de Ministros, ben entendido que a súa presenza sería en calidade de representante do Estado español. Así está establecido xa en Alemaña e en Bélxica.

Cuarto: As comunidades autónomas, cando as accións ou omisións dos órganos da Unión Europea afecten ás súas competencias lexislativas, poderán coadxuvar ó exercicio de accións xudiciais co Goberno central perante o Tribunal de Xusticia, quedando a salvo a responsabilidade do Estado e sempre que iso sexa posible e non se opoñan outras comunidades.

Quinto: Prevese a creación dunha Oficina xestora de asuntos europeos dentro da Misión permanente de España en Bruxelas, á que poderán adscribirse as oficinas xestoras autonómicas ou equivalentes de asuntos europeos das diferentes comunidades, co fin de facer máis eficaz e coherente a xestión dos asuntos das súas competencias perante os órganos da Unión Europea.

Sexto: Á Comisión interministerial de asuntos económicos relacionados coa Unión Europea poderán incorporarse dous representantes autonómicos que designará a Conferencia de presidentes.

Como tema de singular importancia para as comunidades autónomas como Galicia, esta Comisión será competente para establece-las grandes liñas de programación relativas ós Fondos Estructurais e ó Fondo de Cohesión, por mor de garanti-la coherencia e a equidade do cofinanciamento comunitario, tanto nos aspectos territoriais como sectoriais económico-financeiros.

É este un aspecto clave. Se no ámbito nacional as desigualdades interrexionais son grandes, no ámbito europeo son abismais. Cómpre que as administracións españolas saibamos utiliza-los instrumentos de solidariedade que outorga o ordenamento europeo dun xeito adecuado e xusto.

Sétimo: Poderanse incorporar representantes autonómicos á Comisión de seguimento e coordinación das actuacións relacionadas coa defensa do Estado español perante o Tribunal de Xusticia europea.

En definitiva, o Estado deberá favorecer e apoiar-la participación das comunidades autónomas, en materias da súa competencia, en tódalas instancias europeas e da propia Administración central que realicen actividades relacionadas coa Unión Europea, sen máis límites que os derivados do ordenamento constitucional e do dereito comunitario.

GALICIA EN 1994

No contexto interno, e nesta segunda parte da miña intervención, referireime á situación de Galicia neste ano, xa que as eleccións de outubro de 1993 supuxeron o máis eficaz e claro xuicio sobre a acción do Goberno, tanto no último ano, como na totalidade da lexislatura anterior.

O respaldo do pobo galego á acción do Goberno foi tamén un voto de confianza ó programa de lexislatura exposto polo Partido Popular de Galicia.

Os nove meses transcorridos desde a toma de posesión do novo Goberno permitiron ir poñendo en pé

este programa no contexto dunha Galicia que comeza a rexurdir e a desenvolve-las súas potencialidades.

Como anexos -repito- á miña intervención ante esta Cámara únese, ademais dos textos que detallan as propostas que formulei sobre as reformas do Senado, o Consello Económico e Social, a Conferencia de presidentes das comunidades autónomas e da Unión Europea, unha análise pormenorizada da acción do Goberno nestes primeiros meses de lexislatura, dividida en catro grandes apartados: infraestruturas e marco físico, creación de riqueza e emprego, mellora da sociedade galega e as institucións que -repito- estarán a disposición dos señores deputados, polo conduto dos grupos parlamentarios, inmediatamente que remate a miña intervención, a síntese dos cales intentei desenvolver a continuación.

INFRAESTRUTURAS E MARCO FÍSICO

O orzamento para 1994 esixiu para Galicia, ó igual que para as demais comunidades autónomas, un exercicio de realismo. A dificultade do Goberno central para xestionar adecuadamente a crise económica e as esixencias do Tratado de Maastricht obrigaron a unha desaceleración no ritmo de crecemento do noso orzamento.

Cunha clara contención do custo corrente non ligado á prestación dos servizos sociais e cunha limitación deste último á posta en funcionamento dos novos servizos, a política orzamentaria foi orientada ó mantemento do investimento público ós mesmos niveis có ano anterior.

O obxectivo no campo das infraestruturas foi o de ir rematando os grandes plans iniciados na lexislatura anterior.

Destacarei, no que se refire ó Plan autonómico de estradas o remate de 92 km. nas vías de alta capacidade e a iniciación de obras noutros 13 km., o remate na rede primaria e complementaria de 131 km. e o comezo de obra noutros 140 km., así como obras diversas en materia de conservación e reforzo de firmes.

Quero destaca-lo concurso de execución das autoestradas A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona. Non vacilei á hora de toma-la decisión de sacar a licitación estas obras para a súa posta en marcha mediante a co-

operación entre iniciativa pública e privada, a súa execución por un concesionario, con dereito a peaxe, e unha subvención da Comunidade Autónoma de 12.000 millóns de pesetas mailos terreos, que poden valorarse en 1.500 millóns máis.

Se o marco financeiro da Comunidade Autónoma non permite, como neste caso, que as obras sexan financiadas integramente con cargo ós orzamentos, o fundamental é contar con estas liñas de comunicación que constituirán a panca para o desenvolvemento destas áreas. Tódolos días vemos que moi lexitimamente os grupos, sobre todo da Galicia interior, piden vías de alta capacidade. Pois ben, non hai máis ca un xeito de facelas: o que está, por certo, previsto e autorizado na Lei de estradas, que algúns consideraban superflua.

Nunca vacilou o Goberno, e nunca lle vacilará o pulso, á hora de tomar decisións, que poidan ser presentadas por algúns como impopulares, cando están en xogo os intereses de Galicia e do seu futuro.

Na área das infraestruturas portuarias, teño que salienta-las obras en curso de portos de abrigo e lonxas, e sobre todo destacarei o concurso para a construción de oito portos deportivos, que duplicarán os puntos de atracada de Galicia, e a construción de quince bases náuticas menores, actuacións que comezarán a situar a Galicia no lugar que lle corresponde respecto da potencialidade náutico-recreativa. Isto contribuirá á conxunción entre turismo e deporte como un factor de xeración de riqueza e de saúde para Galicia.

O Plan MEGA, desenvolvido en estrita colaboración coas empresas eléctricas, continuou co seu ritmo de execución cun investimento previsto para este ano de 3.250 millóns de pesetas. É obxectivo do meu Goberno efectua-la súa revisión para adaptalo ós novos marcos da Lei estatal de enerxía eléctrica, en trámite no Parlamento nacional, e ó marco legal estable. O obxectivo é claro: con ou sen a axuda -á que se comprometeu o Goberno central e que aínda esperamos recibir porque así foi acordada e firmada- completa-la electrificación rural para que poida ser viable a transformación da nosa agricultura.

Na área da gasificación, e despois do cumio da Unión Europea en Corfú, que aprobou a rede transeu-

ropea gasística na que se inclúe o proxecto de gasificación de Galicia na súa integridade e a conexión con Portugal, e en trámite de resolución, parece ser, dos problemas de aprovisionamento desde Nixeria, xa hoxe non existen obstáculos para que o gas natural estea dispoñible nas grandes cidades en 1997.

Ademais desta importante creación no eido enerxético, estase a poñer en marcha a planificación do sector a nivel rexional debidamente coordinada coa nacional e europea a través do Plan enerxético de Galicia.

Este plan permitirá unha análise dos recursos e necesidades enerxéticas de Galicia, identifica-las actuacións por parte da Xunta e avalía-los beneficios sociais e económicos para orientar, dar sentido e garantir a eficacia dos obxectivos da política enerxética por mor de conseguir unha oferta axeitada, competitiva, integrada e ben cuestionada que garanta a seguridade, calidade e economía do subministro e unha demanda eficiente potenciando o aforro, todo iso inserido na filosofía da necesaria preservación do contorno.

En telecomunicacións, a acción realizada ata agora impulsárase aínda máis. Somos conscientes de que un dos eixes básicos do desenvolvemento de Galicia é dispoñer dunha infraestrutura de telecomunicacións moderna que permita a introducción dun novo nivel tecnolóxico e cultural: o que chamamos a sociedade da información.

Estando a dar pasos importantes: ampliación da *rede trunking* e a súa conexión coa rede telefónica; próxima creación da Rede Galega de Telecomunicacións, que administrará a Rede pública da Comunidade Autónoma; convenio con Telefónica, xa asinado, que permitirá a dixitalización de tódalas centralíñas rurais de Galicia e que, a través da RDSI, permitirá estender aplicacións de apoio á agricultura, á sanidade, á educación e ás industrias.

Tamen citarei os estudos previos de viabilidade para a participación da Comunidade Autónoma na televisión por cable. Destacarei necesariamente a telefonía rural, na que neste ano se cumprirá o obxectivo previsto no convenio asinado con Telefónica para o primeiro semestre de 1995 e que permitiu que hoxe calquera cidadán galego poida contar co mesmo ser-

vicio telefónico ó mesmo custo, calquera que sexa o seu lugar de residencia.

Galicia deu un paso de xigante neste sentido. Non só nos teléfonos, nos que se pasou de ter case o 50% da poboación sen acceso telefónico a garantir unha accesibilidade total, senón na rede básica e complementaria de telecomunicacións e a rede de voz e datos propia da Xunta. Todo isto sitúanos na cabeza das comunidades autónomas, neste sector tan sensible de futuro e no que Galicia, certamente, tiña dificultades especiais. Expresarei neste sentido, publicamente o meu agradecemento á Compañía Telefónica e ó seu presidente por apostar tan claramente polas propostas galegas.

Na creación de solo empresarial, os obxectivos para este ano concréntanse en actuar en 32 parques empresariais cun investimento previsto de 5.000 millóns de pesetas.

Estructuras agrarias e equipamento rural. Estamos a actuar en 400 km de rede viaria. Neste mes adxudícaranse os plans *leader*; estanse a desenvolver 519 accións de desenvolvemento rural e estase actuando igualmente en 30.228 ha en concentración parcelaria cun investimento de 5.450 millóns de pesetas. Así mesmo, estanse a desenvolver 69 programas de investigación agraria e dáselles formación e capacitación a 17.015 alumnos.

O ano 1994 foi, por desgracia para España, un ano trágico en materia de incendios forestais. Considerouse o peor da década e non só arrasaron centos de miles de hectáreas, senón que custou moitas e preciosas vidas humanas.

Neste horizonte tremendo e trágico para todos, Galicia segue a ser unha excepción. Unha excepción fermosa da que todos, e sobre todo o pobo galego, debemos sentirnos partícipes e coautores. Non se trata dun milagre nin, como algún dixo, da choiva, (*aplausos*). Recordemos que en gran parte de Ourense e de Lugo teñen un clima moi semellante ó mediterráneo. É o resultado dun esforzo tenaz e decidido para loitar contra o lume e, sobre todo, para mobilizar e sensibiliza-los galegos, que hoxe están convencidos de que a lacra dos incendios forestais se podería evitar como están convencidos de que noutros eidos vale a pena loitar.

Unha organización comarcalizada (31 comarcas), profesional e estable, e un procedemento operativo no que a prevención, a detección e a extinción constitúen accións coordinadas, constitúen a clave deste éxito que permitiu reducir ó mínimo posible as consecuencias económicas, ecolóxicas e sociais dos incendios forestais.

O esforzo está a continuar. En 1994 actuarase sobre 1.200 km de vías de penetración e pistas; abríranse 120 fontes de auga; actuarase sobre 4.000 hectáreas para rozas e queimas controladas; investiranse 2.000 ptas. por hectárea que haxa que protexer, o que supón 2.400 millóns de ptas (2.000.000 de hectáreas); subvencionáranse 211 concellos por un importe de 561 millóns e subvencionáranse 55 comunidades veciñas con 190 millóns de pesetas.

O balance coñecémolo todos, pero é preciso lembrarlo: de 93.116 hectáreas de superficie arborada queimadas en 1989 pasouse a 1.528 en 1993, e de 112.277 hectáreas de superficie rasa a 6.426, e todo iso tendo en conta que o número de incendios forestais non decreceu practicamente, pasando de 9.405 en 1989 a 7.197 en 1993.

En 1994 o panorama segue a se-lo mesmo. Dos 11.924 lumes contabilizados en España ata primeiros de setembro, aproximadamente o 50% producíronse en Galicia; a pesar diso, a eficacia da organización manifestouse en que se queimaron 1.500 ha de arborado fronte ás máis de 230.000 no conxunto de España.

Os índices de eficacia mantéñense (0,24 hectáreas por lume) igual ca no último ano, e todo por riba de calquera consideración, repito, de tipo climático que se alega en ocasións para desprecia-lo que son feitos de eficacia.

Pero non só hai que loitar contra os incendios. Hai que repoboar para recupera-la riqueza perdida no pasado. É preciso, e niso estamos, que o modelo de monte se adapte ó territorio; capitaliza-lo monte; producir planta de calidade mellorada xeneticamente, o que estamos a facer en Sergude e Lourizán; aumentar decididamente a repoboación -en 1994 investiranse 4.443 millóns actuando sobre 10.000 ha de xestión directa e 13.000 de montes particulares.

En caza e pesca fluvial, o obxectivo inmediato é a consolidación de poboacións de caza maior en cercas cinxéticas e continuar co plan de recuperación dos ríos. Neste sentido referireime ás minicentraís, que desenvolven unha actividade importante desde unha perspectiva económica e de xeración de enerxía mediante a utilización de recursos renovables, pero que, en ningún caso, deben destruí-la riqueza dos nosos ríos para o cal témo-la lexislación pertinente.

As infraestruturas ambientais teñen para nós unha importancia singular e a elas dedicamos unha atención preferente. Referireime en primeiro lugar á planta de residuos industriais de Somozas, o remate da cal está previsto neste ano. Permitirá o tratamento, eliminación e inertización deste tipo de residuos e á que se destinarán en 1994 1.100 millóns. Tamén aquí Galicia é pioneira.

Con respecto ós residuos sólidos urbanos, neste ano adxudicáranse as obras das plantas de tratamento e eliminación de residuos cun investimento en 1994 de 2.612 millóns de pesetas, e no derradeiro trimestre presentarase ante esta Cámara o proxecto de lei reguladora dos RSU.

Tamén salientarei que, nesta materia de medio ambiente, no mes de setembro tomarán posesión os primeiros inspectores ambientais: 13 funcionarios de corpos superiores facultativos, que asumirán directamente, dentro da Secretaría Xeral de Protección Civil e Medio Ambiente, a inspección ambiental en Galicia, o que permitirá unha eficaz aplicación da Lei de protección ambiental de Galicia, a tramitación da cal, como saben, se está a ultimar neste Parlamento.

Destacaranse, igualmente, as obras hidráulicas: 144 accións de abastecemento cun investimento de 4.950 millóns; 52 accións de saneamento por 1.850 millóns e 18 accións de depuración das augas residuais por 1.400 millóns; tamén a continuación, o Plan de saneamento das rías, con 37 obras por 3.350 millóns de pesetas.

Todo iso ten que conectarse e vertebrarse a través do Plan hidrolóxico de Galicia, en curso de elaboración, no que se está a prestar especial atención ós déficits e falta da calidade das augas e especialmente ós vertidos industriais, para o tratamento dos cales será preciso un investimento de 300.000 millóns de pese-

tas nos próximos vinte anos e no que deberían colaborar substancialmente as propias empresas.

Pecharei esta análise da acción e situación das infraestruturas en 1994 cunha breve referencia ás sanitarias e educativas.

A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e o SERGAS terán investido ó remate do ano en infraestruturas 1.600 millóns de pesetas para atención primaria (finalización e equipamento de 19 centros, iniciación da construción doutros 14, redacción dos proxectos para 15 máis e actualización de estruturas en 37) e 5.419 millóns de pesetas para atención especializada (continuación das obras do Hospital Clínico de Santiago, ampliación do do Meixoeiro, encarga dos proxectos dos tres comarcais do Barbanza, Salnés e Costa da Morte, dos que se iniciarán os trámites de contratación este mesmo ano de estaren dispoñibles os terreos, e 58 actuacións de actualización de infraestruturas dentro dos diferentes plans de necesidades dos hospitais e de varias reparacións, adecuacións e melloras necesarias).

En infraestrutura educativa, as accións máis relevantes están constituídas pola actuación en 5 centros universitarios cun investimento de 4.385 millóns en obra e 950 millóns en equipamentos; 5 centros de educación secundaria e profesional cun investimento de 1.499 millóns e a construción de 16 centros de educación primaria e 50 unidades de educación infantil cun investimento de 775 millóns de pesetas.

Todo iso configura un panorama no que se destaca o enorme esforzo que estamos a realizar na dotación e vertebración do noso sistema universitario, cun gran esforzo para recupera-lo atraso que Galicia sufría.

Apostamos claramente pola potenciación da educación superior xa que nisto está o noso futuro.

Nos demais niveis educativos o ritmo de crecemento está claramente subordinado á implantación da LOXSE, e dependerá claramente da capacidade do Goberno central de subministrarlle ó sistema os recursos necesarios para esta implantación.

CREACIÓN DA RIQUEZA E DO EMPREGO

Nesta análise da situación da nosa Autonomía en 1994 quixera centrarme especialmente nos aspectos económicos.

Galicia está a comeza-la súa saída da crise, e pouco a pouco o esforzo que realizamos para asumí-la brutal reconversión á que foron sometidos no seu día os nosos sectores básicos industriais, ademais da paralela obsolescencia do noso tecido industrial tradicional, está a comezar a da-los seus froitos.

O esforzo fundamental que corresponde realizar agora, unha vez afrontado o reto da modernización das nosas infraestruturas, é a dinamización e especialización do noso sistema productivo, que debe asumir -e está asumindo, efectivamente, como demostra o dinamismo das nosas exportacións- a conquista dos mercados do exterior.

Iso esixe un impulso especial ás innovacións tecnolóxicas, á formación dos cadros de persoal, ás esixencias do proceso productivo, un apoio especial á comercialización e á promoción exterior e liñas de financiamento competitivas e que apoién proxectos de futuro, así como un esforzo especial no deseño e na calidade dos produtos.

En todas estas liñas estamos a traballar.

Mencionarei, en primeiro lugar, os instrumentos de apoio deseñados dende a Consellería de Economía: Sociedade de Desenvolvemento Industrial de Galicia, Sociedade de Investimentos Estratéxicos de Galicia e Instituto Galego de Promoción Económica.

O IGAPE, como axencia de desenvolvemento, SODIGA, como empresa de capital-risco e INESGA, como impulsora de proxectos empresariais con garantía de solvencia e de interese xeral para Galicia, constitúen as tres un conxunto articulado que, enlazado coa acción realizada a través das consellerías sectoriais, lles permitirán ás nosas empresas acadar novos mercados e asenta-la súa competitividade.

Como accións concretas que desenvolven estes obxectivos podemos menciona-las liñas de apoio financeiro do IGAPE, con axudas previstas para 600 empresas, cun investimento de 5.400 millóns de pesetas;

as accións de formación dirixidas a empresarios (33.810 horas); plans estratéxicos de mellora (50 proxectos); o IGATEL; o apoio a sociedades de garantía recíproca; oito convenios de I+D con universidades e centros tecnolóxicos; dous centros de investigación e servizos propios (CIS-deseño e CIS-tecnoloxía); subvencións á innovación tecnolóxica a 75 empresas por valor de 1.671 millóns de pesetas; 5 convenios con sectores prioritarios; convenios específicos de I+D máis normalización e homologación de calidade con 35 empresas e os laboratorios de metroloxía e calibración, de inmediata posta en funcionamento.

Referireime, como feito singular, á participación da Comunidade Autónoma na investigación dos recursos petrolíferos nas nosas costas a través dos acordos subscritos con empresas petrolíferas especializadas de primeira orde.

Na área da formación destacarei accións de formación profesional ocupacional que, cun investimento de 7.300 millóns de pesetas, permiten impartir 2.180 cursos dirixidos a máis de 32.000 persoas. Neste programa formativo participan directamente 268 concellos, 160 empresas, 8 sindicatos e 117 asociacións de iniciativa social.

Mención especial merece o Plan de emprego xuvenil, con múltiples accións que se están a desenvolver ó longo deste ano: iniciativas locais de emprego, proxectos piloto de acción rural, contratos de substitución a tempo parcial, contratación de servizos públicos con empresas de economía social, contratación polas corporacións locais, xoves empresarios e axudas para contratos de aprendizaxe, etc., así coma outras accións, unidas a cursos específicos que están logrando de vagar inverte-la tendencia e darlle cabida no mundo laboral á nosa xente nova, como así o demostran os máis de 2.000 contratos indefinidos derivados das axudas á contratación ata o 30 de xuño.

A agricultura, e en especial o sector lácteo, segue constituíndo e constituirá no futuro a espiña dorsal da nosa economía no sector primario, por iso seguimos centrando os nosos esforzos na industria agroalimentaria.

Mencionarei especialmente as liñas de mellora á estrutura das explotacións leiteiras, que afectará en 1994 a 4.100 explotacións cun investimento de 9.035

millóns; a liña de apoio á calidade do leite e diminución de custos de produción que afecta a 170 agrupacións con 200 millóns de subvencións; a mellora da competitividade das industrias agrarias que afectará a 200 industrias cun apoio de 1.300 millóns.

Nun sector tan clave para Galicia, como o lácteo, pasamos dun enfoque de “pre-ocupación” xeral no Estado ante a problemática creada polas cotas, a un enfoque proactivo no que nos “ocupamos” directamente de resolve-lo problema.

Xa se expuxo o Plan de abandono da produción láctea elaborado polo meu Goberno coa idea de non abandonar nada, senón coa intención de captar cota para distribuíla, con criterios de eficiencia profesional, entre as explotacións galegas máis progresistas que, deste xeito, verán incrementadas as súas posibilidades productivas.

Pero a nosa formulación non remata no devandito plan nin cos proxectos da distribución da cota nacional concedida no seu momento. O Instituto Lácteo Gandeiro, presentado na Cámara, configúrase como a ferramenta máis útil para reestructurar todo o sector e colocalo, con todo merecemento, no primeiro posto no ámbito nacional.

Ó mesmo nivel de importancia sobre as poboacións ás que afecta temos que menciona-la política pesqueira que, dentro do obxectivo xeral de melloralo nivel da renda, do benestar e seguridade do sector, segue centrando a súa acción nas liñas de:

- Protección e ordenación dos recursos.
- Renovación e modernización do aparato productivo.
- Formación e investigación.
- Mellora dos procesos de produción e comercialización.

Como accións concretas que se están a desenvolver no ano 1994 mencionarei 50 proxectos de renovación da flota cunha subvención de 1.890 millóns; 30 proxectos de modernización de industrias de transformación e comercialización, cun apoio de 746 millóns; o novo sistema informatizado de vendas e xestión interna en 4 lonxas e a conexión doutras 45 a unha rede avanzada de telecomunicacións.

O Goberno de Galicia expresa, unha vez máis, o seu total apoio ós pescadores galegos e das comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e País Vasco, que na costa do bonito defenderon o seu dereito a pescar e a preservar os recursos na liña que, precisamente, marcan os regulamentos da Unión Europea, non sempre as accións.

Galicia solicita con toda firmeza o apoio decidido do Goberno central á petición dos nosos pescadores de supresión total das redes peláxicas á deriva e transmitiralle a Bruxelas, polas vías á súa disposición, esta petición absolutamente xusta, a única que permitirá a pervivencia dos recursos e o mantemento desta pesquería tradicional.

Como accións igualmente significativas destacarei o estudo de viabilidade da flota de arrastre do litoral xa realizado, do que se desprende a necesidade inmediata -que afrontaremos- de adaptación da capacidade da flota, a renovación e a modernización das unidades e a necesidade de formación especializada e de reorientación dos excedentes laborais que puidesen resultar.

Polo que respecta ó marisqueo, 1994 supuxo a culminación do esforzo emprendido en todos estes anos para profesionalizalo sector. O permiso de explotación constitúe o instrumento idóneo xa que permite, ó mesmo tempo, regula-lo acceso á actividade, clarifica-las artes con posibilidade de alternancia, asegura-la preservación dos recursos e dignifica-lo marisqueo a pé.

Estamos a realizar múltiples accións para o control do furtivismo; rexeneración, acondicionamento e sementado de bancos marisqueiros; reordenación de viveiros flotantes e parques de cultivo; campañas experimentais sobre diversas especies; rede de control de contaminación; Plan de competitividade de cultivos en viveiros flotantes; modernización, renovación e innovación tecnolóxica en instalacións de acuicultura e liñas crediticias para axuda ós titulares de viveiros flotantes afectados pola marea vermella. Estes e outros constitúen outros tantos exemplos.

En formación e investigación pesqueira destacarei os novos plans de estudos náutico-pesqueiros, a intensificación dos cursos de capacitación -82 cursos

con 1.474 alumnos- e a realización de 17 proxectos de investigación nas distintas áreas.

Nesta análise da situación e evolución do noso sistema productivo referireime ó sector comercial.

Concentrámo-la nosa actividade tanto na potenciación de recintos feirais como na promoción exterior dos nosos produtos a través das cámaras galegas, como é moi especialmente no Plan de competitividade para o sector do comercio, de forma que poida sopor-la-la competencia das grandes áreas comerciais.

Polo que se refire ás actividades feirais, está a pórse en marcha un plan de ordenación do sector nas súas diferentes vertentes de mantemento, explotación e promoción, por ser este un dos mellores instrumentos para a promoción e comercialización dos produtos galegos.

A promoción dos produtos galegos como distintivo de calidade reforzarémola coa creación da empresa Galicia Calidade S.A., para continuar-la campaña de Galicia Calidade e accións puntuais nesta materia cunha promoción a nivel mundial, como foi a participación do veleiro Galicia-93, único de España na volta ó mundo, que quedou terceiro, como se sabe.

A promoción turística potenciouse mercé á creación de TUR-GALICIA, que integrou o sector privado, reforzou a profesionalidade nas liñas de promoción e permitiu definir novas liñas de actuacións. As accións foron múltiples: viaxes profesionais, gastronomía, campañas publicitarias, central de reservas do turismo rural, negociación con tour-operadores nacionais e internacionais, novos catálogos e guías turísticas, vídeos do Camiño de Santiago, etc., etc.

Ó mesmo tempo, continuáronse as liñas tradicionais de apoio ó turismo náutico, balnearios e, moi especialmente, como dixer, ó turismo rural, que deixou de ser un proxecto para converterse nunha realidade económica con singular suceso.

Na mesma liña prestóuselle unha atención especial, que debe continuar, ó Camiño de Santiago, con accións en tódalas áreas: creación dun comité de expertos, xornadas profesionais, concursos e premios sobre o Camiño, libros e estudos, material publicita-

rio, rexistro de asociacións, animadores culturais ou convenios con concellos.

Entre as obras postas en marcha destacarei tamén o remate do Pazo de Exposicións, de próxima inauguración, e o Estadio Multiusos do Sar, obras do Consorcio da Cidade de Santiago coa importante participación financeira da Comunidade Autónoma, así como novos albergues e o programa de rehabilitación de capelas e igrexas no Camiño.

Por último, e dentro deste apartado xeral, referiréime á planificación territorial é a comarcalización, coa creación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia; á próxima constitución de fundacións para o desenvolvemento comarcal en cada unha das vinte comarcas nas que se está xa a actuar; á iniciación da construción de pavillóns de exposición comarcal nas doce primeiras comarcas e á posta en pé de unidades técnicas comarcais nas deputacións da Coruña e Lugo como órganos de apoio e colaboración, que constitúen os fitos máis significativos.

O resultado de todo este esforzo xa está, a Deus grazias, á vista. Nun ano de depresión como o pasado, de 1993, en que o PIB de España descendeu nun 1,13%, en Galicia creceu un 1,2%. Galicia, en porcentaxe de crecemento de PIB en 1993, respecto a 1992, ocupou o cuarto lugar entre as dezasete comunidades autónomas. Segundo os avances do Servizo de estudos da Fundación FIES referidos ós anos 1992 e 1993, Galicia situouse no período 1991-1993 na media da renda nacional.

Tódolos datos son coincidentes: a participación relativa de Galicia no total da renda familiar dispoñible de España pasou do 6,60% en 1989 ó 6,72% en 1993. En relación á renda rexional pasouse do 5,76% en 1989 ó 5,83% en 1993. No que atinxe á renda rexional por habitante, o incremento foi de 3,06 e de 4,27 puntos na renda familiar no que se refire ó noso achegamento ós países da Unión Europea.

Os datos de evolución do paro segundo as cifras de agosto do INEM, publicadas hai uns días, son igualmente positivas. O paro descendeu en Galicia o dobre que no resto de España: 2,22% fronte ó 1,14% de media estatal, e isto supón 4.278 parados menos en Galicia. Deles, ademais, 1.388 son mozos, xente nova, colectivo este que acada en Galicia o maior

descenso entre tódalas comunidades españolas. Efectivamente, a diminución do paro entre a nosa xente nova foi dun 2,63%.

Son realidades históricas que témo-la honra de lles confirmar ó Parlamento e ó pobo de Galicia.

MELLORA DA SOCIEDADE GALEGA

Referiréime nun primeiro lugar á política lingüística, que segue, nas liñas subliñadas na lexislatura anterior, ó ritmo que facilitaron os convenios co Goberno central. Isto permitiu continuar cunha intensa acción de normalización da nosa lingua, tanto dirixida ó propio ámbito educativo, primeiro elo da cadea de aprendizaxe, coma á extensión e difusión do galego nos foros nacionais e internacionais.

Seguíuselle prestando unha atención especial á normalización lingüística nas administracións local e de xusticia e con subvencións a empresas privadas para fomentalo uso do galego. Continuouse, así mesmo, coa colaboración especial coa Real Academia Galega e co Instituto da Lingua, á parte da xa importante acción que está a desenvolverlo Centro Ramón Piñeiro.

Na mesma liña de autoidentificación e afirmación do noso ser propio destacarei o esforzo que se está a realizar para a difusión e protección do noso patrimonio cultural: 43 intervencións no patrimonio construído e subvencións para a conservación de 45 edificios do patrimonio eclesiástico constitúen una boa mostra.

Estase a prestar atención especial á promoción da produción audiovisual galega a través do Centro Galego de Artes da Imaxe e fixéronse os criterios que permitirán desenvolver-la nosa propia política audiovisual.

Son múltiples as accións realizadas en materia de difusión e animación sociocultural e déronse os pasos previos necesarios para a posta en funcionamento inmediato do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Na área de bibliotecas, a atención centrouse nas bibliotecas fixas nodais e na súa relación coas bibliotecas municipais, en articulación dun sistema xeral de catalogación e información bibliográficas, incluíndo as bibliotecas básicas doutras institucións. O Libro

branco da cultura galega expón máis polo miúdo os importantes obxectivos en todas estas e outras materias.

Con respecto á Galicia do exterior estase a seguir cos programas xa consolidados dirixidos a afirma-lo concepto e o espírito de unidade de Galicia, sen distinción do territorio, partindo da idea de universalidade, con atención especial á terceira idade, á xuventude e ós campos social, asistencial, cultural e de formación. No ano 1994 reforzáronse os créditos destinados á mellora das infraestruturas dos centros galegos do exterior.

Teño que menciona-la dificultosa situación dos residentes galegos en Cuba e, en xeral, do pobo cubano nestes momentos. Quero expresar unha vez máis a miña solidariedade con este pobo, reafirma-la nosa firme vontade de continua-la axuda ós nosos compatriotas residentes en Cuba e o noso desexo de que Cuba consiga completa-la estabilidade na liberdade que merece, en solidariedade coas repúblicas irmás.

No ámbito educativo, a Formación Profesional segue constituíndo o noso reto principal. Constituíronse grupos de traballo para a definición das novas ensinanzas e estanse a realizar estudos sobre itinerarios ocupacionais. Na Educación Primaria seguiu-se coa implantación da LOXSE, tanto na formación do profesorado como na dotación a 52 centros de especialistas en educación musical e a 100 centros de especialistas en idioma estranxeiro, continuándose co segundo ciclo de educación infantil con 48 novas unidades. O desenvolvemento universitario impulsouse especialmente dentro do marco do Plan de financiamento. Destacarei que a pesar das importantes restricións financeiras e das limitacións que xurdiron no orzamento de 1994, en materia universitaria cumpriuse estritamente o Plan de financiamento. Recordareilles ás súas señorías que o Plan non ten financiamento propio senón que se financia cos fondos propios da Comunidade.

Isto esixiu, evidentemente, que os 27.222 millóns de pesetas que dedicamos ó financiamento do sistema universitario impliquen a renuncia doutros programas. Sen embargo, entendo que os obxectivos do Plan de financiamento tendentes a conseguir un sistema universitario equilibrado, ó servizo de Galicia e do seu

desenvolvemento, corrixindo os desequilibrios básicos en persoal docente e investigador, infraestrutura científica e de bibliotecas, servizos complementarios e campus universitarios, eran e son prioritarios.

Ás accións restantes subliñadas engadiréille-lo apoio prestado á actualización e perfeccionamento do profesorado universitario que afecta a 1.349 persoas, con bolsas por importe de 1.595 millóns de pesetas.

Durante este último exercicio avanzouse de xeito importante nas liñas estratéxicas da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, plasmadas nos documentos “Unha política sanitaria para Galicia” e “Plan de Saúde para Galicia 1993-1997”.

No que atinxe á organización e á xestión acadouse o sistema de información máis completo do Estado, o que permitirá ó principia-lo ano 1995 coñecer-se os custos de tódolos procesos atendidos en cada centro e aplica-las medidas de xestión precisas para oferta-la mellor atención posible cos medios existentes. Do primeiro coñecemento desa información xurdiron os pactos que a Consellería de Sanidade estableceu co SERGAS, co obxecto de seguir, avaliar e controlar, en cantidade e calidade, os resultados asistenciais durante 1994.

Dentro dese modelo de organización proposta introducíronse novas fórmulas de xestión que permiten unha maior eficiencia, das que son claro exemplo a constitución de fundacións públicas, como a xa consolidada Fundación Hospital de Verín, co custo por actividade máis baixo dos hospitais da rede pública e un moi alto grao de satisfacción por parte dos pacientes, familiares e traballadores; a recente do Instituto Galego de Medicina Técnica S.A., que prestará servizos de xestión, consultoría e asistencia sanitaria de alta tecnoloxía e a inmediata do Instituto Galego de Oftalmoloxía, que acadará un lugar sobranceiro dentro desa especialidade en España.

Outros logros neste eido foron a creación do complexo hospitalario universitario de Santiago de Compostela que, preservando a autonomía de xestión dos diferentes centros de gasto que o constitúen, aproveita a complementariedade dos mesmos mediante unha fórmula realmente anovadora, moi importante tanto para a sanidade como para a educación sanitaria.

Noutra orde de cousas, avanzouse no camiño da redución dos tempos de internamento cirúrxico coa creación das unidades de cirurxía de alta precoz dos hospitais de A Coruña, Santiago, Vigo e Lugo; mellorouse sensiblemente a oferta hoteleira hospitalaria co establecemento de dous hoteis de pacientes -Santiago e A Coruña- e estase a traballar no aumento de camas para doentes crónicos -Hospital Nicolás Peña, de Vigo, Marítimo de Oza, Gil Casares, Xeral-Calde- e a negociación para incorpora-lo Hospital Militar de A Coruña, que tamén quixeramos ver chegar a bo termo.

Para o conxunto do SERGAS a actividade rexistrada no ano 1993 superou dabondo a do ano 1992, e iso cun custo unitario inferior. O mesmo feito está a darse para o ano que corre. Este incremento da produtividade contribuirá a diminuí-lo número de pacientes en lista de espera para operarse de patoloxías cirúrxicas non urxentes, un dos problemas conxunturais máis graves e de máis difícil abordaxe nos sistemas de saúde nos países máis avanzados.

Interesa salientar especificamente o importante incremento no número de doazóns e transplantes de órganos, cun incremento dun 7 e un 11% respectivamente, como resultado da mellora organizativa neste eido, e a posta en marcha dos programas de transplante de fígado na Coruña e Santiago.

O Plan de saúde para Galicia 1993-1997 identificará como problemas de saúde relevantes as patoloxías cardiovasculares e oncolóxicas, ámbalas dúas agravadas pola escaseza da oferta para atendelas. Pois ben, as previsións para 1995 son de triplica-la capacidade para realizar cirurxía cardíaca e duplicala para a cardiología intervencionista. Para iso incorporáronse dous novos equipamentos para hemodinámica e, previsiblemente, ó longo do vindeiro semestre se poida abri-la unidade de hemodinámica e cirurxía cardíaca do sur de Galicia. Polo que respecta á loita contra o cancro, somos conscientes do importante déficit de oferta radioterápica. Como saben, acabamos de asumir-lo compromiso de incorporar, por medio do Instituto Galego de Medicina Técnica, tres novos equipos aceleradores lineais este mesmo ano e outro máis para o vindeiro.

A política de concertos constituíu tamén un dos piares da política deseñada inicialmente, que establece un sistema de financiamento público coexistindo cun sistema mixto -público e privado- de prestación de servizos. Neste sentido, establecéronse concertos singulares pactando unha actividade concreta contra un presuposto máximo pechado e con garantías de pronto pago, que lle permiten á Consellería executar con precisión tanto a actividade programada coma o seu custo, e presentan importantes vantaxes para as organizacións subscritoras: POVISA, hospitais da Deputación Provincial de Pontevedra, Centro Oncolóxico da Coruña e diversas clínicas privadas.

Sempre considerámo-la atención primaria coma unha das áreas básicas que había que desenvolver dentro da política sanitaria e para iso publicouse hai un ano o Decreto 200/1993 que establece o novo modelo que se vai aplicar, que ó rematar esta lexislatura abranguerá o 60% da poboación galega, ó igual que o Plan de urxencias, vinculado a aquel e a piques de principia-la súa implantación nos vindeiros meses.

En materia lexislativa, durante o vindeiro mes será presentada ó Parlamento a Lei de drogodependencias, que dotará de apoio técnico, potenciará e coordinará o cumprimento do Plan autonómico de drogas e o Decreto regulador dos dispositivos de saúde mental. Así mesmo, manifestámo-la nosa vontade de dispoñer, antes de remata-lo ano, dun borrador da futura Lei de ordenación sanitaria de Galicia que establecerá o marco organizativo no que, dentro do lexislativo a nivel estatal, nos moveremos no futuro.

No eido da saúde pública, destaca-la reestruturación do corpo de veterinarios, que supoñerá unha substancial mellora no control das industrias cárnicas, lácteas e dos produtos da pesca, coa creación de 357 novas prazas; o impulso dos programas de protección e promoción da saúde; a continuidade do programa de detección precoz do cancro de mama; o esforzo feito na vixilancia epidemiolóxica, prevención, información, financiamento de proxectos realizados por organizacións non gobernamentais, diagnóstico, seguimento e asistencia ós afectados pola infección do virus da inmunodeficiencia humana (SIDA), incrementando o presuposto e reforzando a estrutura orgánica dedicados a iso.

Ó Plan autonómico de drogas, nos seus eixos fundamentais de prevención, reinserción, coordinación, asistencia e formación-investigación, dedícanse durante 1994 máis de 1.000 millóns de pesetas, o que supón un incremento dun 23% sobre o ano anterior.

En materia de recursos humanos, durante este ano créanse 212 prazas en atención especializada, 225 en primaria e as 357 xa citadas de veterinarios.

Para remata-la exposición sobre política sanitaria, cómpre destacar que todo este enorme esforzo levouse a cabo malia os atrancos que desde a Administración central do Estado se veñen poñendo no camiño que Galicia está a andar desde as transferencias do INSALUD. Exemplo deles son:

Os retrasos na transferencia do Instituto Social da Mariña e o silencio ante as reiteradas peticións para que se acurte o período de equiparación co resto das autonomías e se teñan en conta criterios de financiamento razoables e reais tales como renda, dispersión e avellentamento da poboación, non só o número de poboación -proposición de lei aprobada por esta Cámara-, que fan máis custosa a asistencia sanitaria á poboación galega, xa de seu discriminada pola ausencia de investimento e gasto anteriores ás transferencias e polos acordos de financiamento conxunto de investimentos que se manteñen con outras comunidades.

O desequilibrio financeiro, que supón o retraso da transferencia dos recursos ata a liquidación do exercicio anual por parte do INSALUD, que non sempre é reflexo do gasto real e que obriga a un esforzo financeiro recorrente á nosa comunidade, que parece que agora se vai resolver.

No que se refire á política de servizos sociais, as liñas básicas de actuación son, en materia lexislativa, o desenvolvemento da Lei 4/93, de servizos sociais, a través da promulgación de cinco decretos reguladores: da atención primaria, da especializada, do Consello Galego de Servizos Sociais, de inspección e sancións e de homologación e acreditación de centros, e a proposta de modificación da Lei 9/91, de medidas básicas de inserción social, co fin de acadar un maior grao de implantación e adecuación á realidade social galega, que se atopa en fase de proxecto e calendario de aprobacións.

Támén durante este ano se pretende remata-lo proceso de transferencias das residencias da terceira idade, como a do Meixoeiro en Vigo; potencia-la rede básica de servizos sociais de atención primaria co incremento do número de concellos e beneficiarios dos programas, prestacións dos plans concertados e co establecemento de convenios coas corporacións locais para a construción de 30 novos centros; fomenta-lo voluntariado social; dar un novo pulo cara á integración social dos discapacitados mediante o incremento do número de prazas concertadas con centros dependentes da iniciativa social e a eliminación de barreiras arquitectónicas; impulsa-los programas de atención ós maiores acollemento familiar, centros de día, apartamentos tutelados, estancias temporais, fomento do lecer e tempo libre, turismo social e incremento de 258 prazas residenciais, coa posta en marcha de 4 residencias asistidas en Quiroga, Viana do Bolo, Pobo de Trives e Bande; seguir na loita contra a pobreza e a exclusión social mediante a concesión de axudas económicas a 4.500 núcleos familiares, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dentro dos programas de cooperación europea. Todo iso cun custo global de 5.000 millóns de pesetas.

Para remata-lo apartado de política de servizos sociais e sanitarios estase a preparar un novo modelo de coordinación sociosanitaria que achegue ámbalas dúas xestións e axilice os procesos entrámbolos dous eidos.

En política de vivenda e solo residencial destacarei como novidade o impulso que se lle está a dar á política de alugueiros ante a mobilidade actual da sociedade e as demandas crecentes, especialmente de xente nova.

Continuouse coas liñas tradicionais e estanse a reforzar-los programas de mellora da vivenda rural no que se prevé atender neste ano a 5.000 peticionarios.

A pesar das dificultades coas que nos encontramos para dispoñer de solo residencial a prezos competitivos, estanse a articular convenios cos concellos das sete grandes cidades de Galicia que permitan o cumprimento dos plans previstos.

A creación da Consellería de Familia, Muller e Xuventude deulles un protagonismo especial a estas

áreas no presente ano; ano, por certo, internacional da familia.

En política de muller intensificouse a acción formativa, coa programación de 96 cursos específicos dirixidos a máis de 1.540 mulleres. Estase a promover-lo asociacionismo -430 asociacións na actualidade-, así como a mellora da integración laboral con programas novidosos como o NOW.

A atención á infancia e ós menores necesitados de protección constitúe un obxectivo prioritario da nosa acción de Goberno. Aumentáronse as prazas de garderías, 910, así como as dos centros de menores, 108, iniciándose un proceso de racionalización e mellora destes equipamentos. A posta en marcha do teléfono do neno está a contribuír eficazmente á mellora da atención ó mundo infantil.

A celebración do ano internacional da familia serviu de pulo para a posta en marcha de programas de apoio á familia en colaboración cos concellos e outros programas innovadores: gabinetes de orientación familiar, accións de sensibilización social, etc., dirixidos fundamentalmente ás familias en situación de necesidade.

Na área da xuventude, ademais do Plan de emprego xuvenil ó que xa se fixo referencia, reforzáronse igualmente as liñas de acción seguidas ata agora como o incremento dos intercambios xuvenís, a creación de 14 oficinas de información xuvenil en colaboración con asociacións e concellos, e a participación da Consellería na construción ou equipamento de 35 centros socio-familiares e xuvenís que xestionarán os concellos, o que supón un investimento de máis de 400 millóns de pesetas.

En materia deportiva, 1994 representa o último ano do convenio subscrito coas corporacións locais para a dotación das infraestruturas. Neste ano destinaranse 2.500 millóns á realización de 35 obras novas e á reforma de 40 instalacións deportivas. Están avanzados os estudos previos para un novo Plan director cuatrienal que consolide as melloras das instalacións deportivas galegas e que se asentará sobre as mesmas bases de obxectividade e universalidade có anterior.

O deporte constitúe un fenómeno social da maior importancia e que merece todo o noso apoio como

instrumento de mellora social. Cincuenta e dúas federacións, 4.200 clubs e 178.000 deportistas federados constitúen unha realidade que merece ser estimulada e apoiada, e aí están os resultados brillantes do deporte galego nestes últimos tempos.

Como accións especiais que se deben salientar teño que sinala-lo Plan de axudas ós concellos co fin de dotalos de técnicos adecuados para a promoción de tódolos deportes, conseguindo, ó mesmo tempo, rendibiliza-las instalacións e a mellora da calidade na práctica deportiva a través do apoio ás federacións, dentro do Plan galego de tecnificación deportiva, así como a potenciación da Escola Galega do Deporte e do INEF.

No eido da protección civil destacarei a ampliación do CECOP Galicia; a dotación progresiva de terminais da Rede Trunking a voluntarios de Protección Civil, Cruz Vermella e radioaficionados; a continuación de dotacións ós concellos a través dos Plans SA-PRAGA, MEGA e Protección Civil, o inicio da rede de parques comarcais de incendios e, sobre todo, o incremento espectacular no ano 1994 das agrupacións de Protección Civil dos concellos de Galicia. Este voluntariado representa e simboliza, unha vez máis, o mellor espírito da nosa terra e das nosas xentes.

Nesta mesma área teño que subliña-lo esforzo en materia de salvamento marítimo. Reforzáronse as medidas dispoñéndose hoxe de dous helicópteros -capaces de actua-las 24 horas-, un remolcador e un buque de apoio; intensificáronse os cursos de formación en materia de salvamento para mandos e tripulación de pesca e xeneralizouse o seguro do mar que beneficia a 60.000 familias.

Como acaba de publicarse recentemente, Galicia foi a Comunidade Autónoma onde máis se reduciron os accidentes laborais. A iso contribuíron os programas desenvolvidos pola Comunidade Autónoma dirixidos á prevención, á formación e á axuda a empresas para a dotación de medidas de seguridade.

AS INSTITUCIÓNS

Mencionarei en primeiro lugar o proceso de negociación coa Administración central co fin de lograr para Galicia as transferencias estatutarias pendentes e

aqueloutras competencias que interesan especialmente á Comunidade Autónoma.

Estase a avanzar en temas importantes para a Comunidade Autónoma e esperamos concretar neste mesmo mes o acordo sobre fraudes agroalimentarias, Cámaras Agrarias, medios materiais e persoal laboral da Administración de xusticia, Museo das Peregrinacións, castro de Viladonga e puntos de información cultural.

Continúan as conversas sobre centros de ensinanza do Ministerio de Defensa; instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría; SENPA, Inspección de Traballo e outros temas.

Temos máis dificultades noutras competencias de interese especial para Galicia, en particular nos portos de interese xeral e en singular na xestión dos portos de Vigo e A Coruña, esenciais para Galicia, polo que seguiremos reiterando a necesidade da transferencia de xestión deses portos, petición que vén respaldada por tódolos usuarios, e loitaremos, en todo caso, para conseguir unha coxestión coa Administración central.

Galicia precisa que os seus portos estean dotados dos medios e da organización necesaria para que poidan cumpri-la súa misión de instrumento fundamental do tráfico exterior e non regateará esforzos para conseguila mellora do seu funcionamento, totalmente insatisfactoria nestes momentos, así como da política de precios. En todo caso, e como principio xeral, Galicia esixirá o mesmo trato que as demais comunidades históricas no obxectivo irrenunciable de completa-lo seu teito estatutario.

Referireime ó tema da colaboración coas corporacións locais, de singular importancia para a Comunidade Autónoma.

Ademais das múltiples relacións que manteñen as consellerías sectoriais cos concellos de Galicia, 1994 supuxo un incremento aínda modesto, pero que será potenciado en exercicios sucesivos, nos temas básicos do Fondo de Cooperación Local apoio ás policía locais a través da Academia Galega de Seguridade, que está a realizar un excelente traballo, e o apoio directo á construción de casas consistoriais e informatización dos concellos.

Con respecto á Administración de xusticia, as accións realizadas en 1994 seguen a liña de anos anteriores no referente ós convenios co Ministerio de Xusticia, co Tribunal Superior de Galicia e co Consello do Poder Xudicial, lazos que permitirán e facilitarán a próxima transferencia, con efectos do 1 de xaneiro de 1995, dos medios materiais e do persoal laboral.

Referireime ó tema da Policía adscrita a Galicia, á nosa Policía autonómica. 1994 supuxo a consolidación do modelo actual coa incorporación de novos efectivos, o despregamento territorial nas catro provincias, a construción da sede da Dirección Xeral de Seguridade nas Fontiñas e a próxima contratación das obras da Academia Galega de Seguridade na Estrada.

Galicia apostou por un modelo policial que vén demostrando a súa utilidade e a súa valía, e entende que a expansión das súas competencias virá dada nun proceso no que se terá en conta, tanto a evolución xeral do sistema policial como as necesidades específicas que se susciten.

Detereime na reforma administrativa que a Xunta de Galicia está a desenvolver.

Regularizada a función pública autonómica e implantada a informática a nivel global, estamos hoxe na fase de explotación e de aplicación dos medios utilizados para lograr unha efectiva mellora no funcionamento dos servizos públicos.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que dispón hoxe dun sistema de información xeral que permite coñecer-lo estado de tramitación de calquera expediente que se xestione en calquera Consellería, ó mesmo tempo que a xestión se viu por si mesma facilitada ó utilizar medios informáticos, evitando procesos manuais.

A dotación en 1994 de catro inspectores de servizos e catro subinspectores permitiu que sexa xa unha realidade o seguimento da actuación das distintas consellerías, a análise e o impulso das áreas que presenten retardo, a existencia dun servizo de información ó administrado que permite dar información telefónica sobre calquera expediente e, en definitiva, que se poida xa falar, na realidade, dun proceso efectivo e real de mellora da eficacia da actuación da

Administración, potenciada coa refundición normativa que se está a levar a cabo en tódalas consellerías e xa pública en varias.

A reforma da Lei da función pública, en tramitación ante esta Cámara, permitirá que este proceso técnico vaia acompañado do necesario axuste de medios humanos que leva consigo toda innovación tecnolóxica, ó tempo que introducirá na nosa Administración pública un novo estilo, coa avaliación do rendemento ó que serán sometidas tódalas unidades organizativas.

É preciso que non só os mandos, senón tamén tódolos integrantes da Administración, sexan conscientes do seu nivel de eficacia a través dun procedemento transparente, con intervención dos sindicatos como representantes do persoal e con garantías xurisdiccionais.

Neste proceso de reforma, a EGAP seguirá presutando un papel fundamental, tanto no que se refire á formación de directivos como á de mandos intermedios, así como á formación básica a tódolos integrantes da Administración. Os tres cursos para a obtención do Diploma de Directivos convocados en 1994 serán seis para 1995. Con iso conseguiremos un cambio efectivo no tratamento técnico e na forma de afrontar os temas polos responsables da organización.

Dentro desta visión sintética, pero necesariamente densa, sobre o estado da autonomía procede unha breve análise sobre a proxección exterior de Galicia, en especial sobre o Comité das Rexións e sobre a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

O Comité das Rexións constitúe a cúpula das múltiples organizacións europeas na que Galicia está representada (Asemblea das Rexións de Europa, Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas, Centro Europeo de Desenvolvemento Rexional, Sur Europa Atlántica e Comité do Arco Atlántico). A nosa presenza na Comisión clave de Política Rexional, Desenvolvemento Económico e Finanzas Locais e Rexionais permitiranos facer chegar ó Comité os temas de interese especial para Galicia.

Respecto da cooperación rexional cómpre facer mención á Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, xa plenamente consolidada. Están en curso proxectos de especial interese que facilitarán a acces-

ibilidade entre ámbalas dúas áreas: a ponte de Arbo-Melgaço; a de Vilanova da Cerveira-Goián; o ferry A Guarda-Camiña e o cable de fibra óptica entre Porto e Vigo. A isto unirase o convenio de colaboración xa firmado coa Compañía Telefónica para uni-las universidades do Norte de Portugal con Galicia a través dun cable de fibra óptica e a cooperación xa a nivel local entre as localidades limítrofes a través do programa Interreg I e II.

Como se detalla na documentación adxunta, que agora lles será remitida, o programa comunitario Interreg II vai permitir que se dea un novo pulo ás relacións entre as dúas rexións irmás, non só na área de infraestruturas, senón tamén na cooperación científica e económica, esta última de especial importancia, xa que a rexión norte de Portugal ocupa o segundo lugar en canto ás exportacións de Galicia, só superada por Francia.

Por último, referireime ós proxectos lexislativos que o goberno vai presentar con carácter inmediato, algúns de especial transcendencia, como son os de ordenación do territorio, réxime local de Galicia e Lei do plan comarcal, ós que se engadirán os da vivenda, sanidade de Galicia e drogodependencias, todos eles, textos básicos que, unidos ós xa presentados durante este ano, -en singular, Consello Consultivo de Galicia e protección ambiental- e unidos á proposición conxunta de tódolos partidos sobre dereito civil de Galicia, permitirán ir pechando a normativa autonómica e adaptando a lexislación ás necesidades específicas do noso pobo.

Tales son, señor presidente, señorías, as informacións e consideracións que, apoiadas nunha extensa documentación, me honro en someter neste momento ó Parlamento e ó Pobo de Galicia. Confío en que sirvan de base a un bo debate e, sobre todo, a reforzalas nosas esperanzas e ilusións, cara a un ano 2000 cheo de desafíos, seguro como estou de que Galicia saberá afrontalo con decisión, confianza e con renovada ledicia de ser ela mesma, eterna e sempre renovada.

Dixen.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

A sesión reiniciarase ás cinco da tarde.

Suspéndese a sesión ás doce e sete minutos da mañá e reiníciase ás catro e cincuenta minutos da tarde..

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, reiníciase a sesión.

Comenzámo-lo debate sobre o informe de política xeral.

Na rolda de grupos parlamentarios, ten a palabra o señor voceiro do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, desde a miña casa de Aguiar dexerxo o largacío val da Mahía, que ben podía ser farturenta horta nutricia de Compostela. O vello Apolinar, que hoxe está de loito- non podo estar con el -ben que quixera-, o Roxelio e os meus amigos e veciños cóntanme da chea de camiós que de por alí saían cada ano, hai aínda dous ou tres decenios, cargados de froita -de ceireixas maiormente-. Din que as cerdeiras enfermaron e morreron, as máis delas por mor do salto do Tambre. É a versión popular pero non hai tal, nin é verosímil nin cadran as datas. Mais, en troques, os efluvios de Meirama, cando o tempo está do norte, chegan ó val, apousan na froita e nas ramalladas das árbores que nós mesmos plantamos desde hai cinco anos e co orballo da noite forman un celme acedo que queima por riba os pexegos e pavías e escorreaga polas nervaduras das follas dos novos castiñeiros, cerdeiras e nogueiras deixando nelas un rastro mirrado contra o que non vale o sulfato nin caldo bordelés. Mais a tese de doutoramento que hai ben pouco estudiaa o problema da contaminación nese mesmo val padeceu o *execratur* da sapiencia institucional e foi posta no índice de libros para queimar pola nova inquisición. Entrementes, o señor Cuiña, conselleiro de Política Territorial e Medio Ambiente, prepara, coa colaboración de capital transnacional, a reconversión de Meirama en central incineradora de lixo de toda Galicia para o seu Plan de residuos sólidos urbanos. Se cadra por iso, señor Fraga, vostede non chistou sequera fronte a Unión FENOSA durante o recente *affaire* do traslado da oficina da Coruña que fixo asoma-la punta do iceberg do proceso de descapitalización, desinvestimento e dismantelamento dos servizos en Galicia, que en realidade comezara desde a

absorción de FENOSA por Unión Eléctrica, con traslado do domicilio social de Galicia para Madrid, e que algúns -moi poucos, certamente- prognosticaramos e denunciáramos xa daquela, cando recibíramos -coma min mesmo, en calidade de catedrático de Económicas- unha moi cortés e tranquilizadora carta explicativa de don Demetrio Salorio -presidente, polo entón, do Consello de Administración de FENOSA- que resultaría dramaticamente cómico exhibir aquí agora mesmo.

Sentado nun banco de pao no socalco máis elevado da nosa finca, disque pazo e todo -que lle perguntan a aqueles meus veciños que foron alí os derradeiros caseiros dos Picóns que clase de pazo era aquilo-, sentado alí -digo- co meu amigo e discípulo Edelmiro, nunha cota de 160 metros de altitude, contemplámo-lo val que se debruza ós nosos pés 100 metros por baixo de nós, entre Bastabales e Ortoño, desde as caeiras dos montes do Urdilde e Rois ás de Lampai e O Lapidio. “Abonda ollar isto”, -espétame o Edelmiro- “para comprobarmos que aquí todo está do revés no tocante á ordenación do espacio e ó actual uso do chan. No val inzan cada vez máis o mato, piñeiros ruíns e eucaliptos a treu; merman as veigas, os lameiros e o labramio; as edificacións de tódalas clases e feitíos agurgullan á toa coma os choupíns; e arriba, en troques, os montes están calvos, só xesta, uces e carqueixas. Todo ó revés e a cada pouco máis caótico e derramado canto menos se traballa o campo”.

Ollo para el cun sorriso desenganado e calmo, e penso en canto tempo hai que o Concello de Brión solicitara xa, e volveu solicitar inutilmente, a concentración parcelaria do monte e a ordenación de superficies para arborado e para pasteiro. Penso tamén que é o único concello da redonda que dispón desde vai para tres lustros de normas urbanísticas serias que ningunha institución lle axuda a desenvolver en proxectos xa aprobados pola corporación. Lembro así mesmo que hai menos de cinco anos -cando foramos vivir para aló- había vacas en catro das seis casas do núcleo rural. Mercabámoslle o leite recén muxido á Carme. Hoxe o único gando que fica na aldea son as dúas ovellas da María e seica as do Apolinar. Iso si, cáseque todos cobran algunha pensión e os fillos transitan do paro a contratos temporeiros no terciario da cidade, e logo, ó paro outra volta; tamén algún cursa estudos na Universidade. Ningún se ocupa de pór en va-

lor as terras da facenda familiar e van ficando a monte para benfeito das producións holandesas e das papeleiras e similares.

Tiro para Santiago. Collo o auto. Hai 14 quilómetros de distancia ó Pazo de Raxoi, no corazón da capital de Galicia, 12 deles pola estrada de Noia desde o semáforo dos Ánxeles. Doce quilómetros de vía virtualmente urbana esganada por concentración de bloques de vivendas en Bertamiráns -concello de Ames- sen que o MOPU nin a COTOP termasen do que seica era unha estrada- e convertida desde Roxos nun *continuum* de tránsito infernal entre casas a esgalla e un caos de encrucilladas laterais inordes nas que non pasa día sen accidente mortal, ou venial, coma os seus pecados. Mais cómpre colle-lo auto. Non existe ningún servizo de transporte regular urbano ou periférico, de cadencia acompasada ó longo do día, que permita prescindir do transporte individual agás as liñas de autobús que pasan camiño das dúas beiras da ría de Noia.

Prendo o motor e descendo atravesando Pedrouzos -o núcleo cabeceira do concello. Un grande taboleiro ou *valla* do MOPU, chantado aínda alí á beira desde hai seis ou sete anos, reclámanos a gratitude lembrándonos que por esas datas se acometera o acondicionamento dese tránsito con asfaltado e beirarrúas. Mais cómpre circular atentos e non dar de fociños con algúns dos postes dos tendidos eléctrico e telefónico espetados na calzada, e mesmo no medio dalgún cruce lateral con pistas adxacentes, que desafían impertéritos as ordenanzas municipais, provinciais, autonómicas e estatais en materia de urbanismo e seguridade vial media ducia de anos despois de feitas as obras que o taboleiro lles segue a anunciar ós transeúntes, tal vez coa van esperanza de que algún día os responsables dos servizos públicos telefónicos e de subministro eléctrico se dignen retirar-los postes da calzada para cumpriren tamén eles coa mellora de seguridade vial acometida en Pedrouzos, Brión, na década pasada.

En chegando á Gándara, a piques de desembocar na estrada de Noia, outro taboleiro anuncia obras do Plan MEGA, e explica para mellor entendemento dos *parroquianos*: "Plan de mellora eléctrica de Galicia". Iso non obsta para que en Aguiar falte a luz cada vez que hai un temporal ou simplemente que cae un lós-

trego na redonda, amén das veces que lle cadra a un espertar e erguerse unha noite calma e que vai prendela luz e non hai. Nunha obra nova comezada no lugar hai poucos meses, a *pluma* que instalaron tiveron que substituíla ou amaña-lo choio non sei ben como, porque a tensión para a que estaba previsto o seu funcionamento, e seica constaba teoricamente na rede, non a había realmente no tendido. Na iluminación vial, desde O Tremo a Roxos, hai tres clases de focos: os acesos, os apagados e os que chiscan o ollo intermitentemente. Non é defecto do material nin por simular unha discoteca. É falla de tensión abondo para tantas lámpadas de sodio ou mercurio e demais prodixios tecnolóxicos. E cada vez que se vai a luz na casa, acudimos maquinalmente á fiestra para comprobarmos se foi só na nosa casa, en toda a aldea ou tamén na iluminación pública de Brión ou en todo o val. Na nosa breve experiencia xa hai mostras de tódalas combinacións imaxinables.

Señor Fraga, non estou a relatar lembranzas da miña nenez, senón vivencias de feitos actuais no derradeiro decenio do século XX. Nin tampouco lle estou a falar do Courel, dos Ancares, da Terra de Montes nin da Costa da Morte. Estoulle a falar da periferia, medio rural e medio urbana da capital de Galicia onde eu habito e onde acudo a este pazo do Parlamento a escoitar as fazañas que vostede e os seus servidores relatan da súa imaxinaria acción de goberno nun país tamén imaxinario inventado pola súa fabulación mentireira e pola súa ocultación sistematicamente da realidade material que os cidadáns que nos elixen a todos nós efectivamente padecen a cotío.

Non só a material, tamén a cultural e mais a política, ou sexa, a dos dereitos e liberdades cívicas realmente exercidas, do pluralismo ideolóxico efectivamente respectado, da igualdade verdadeiramente aplicada perante a lei e perante a Administración, da democracia nas institucións do poder político autenticamente operante. Porque todo iso, baixo o seu Goberno, señor Fraga, brilla cada vez máis pola súa ausencia, polo seu cada vez máis sistemático e xeneralizado incumprimento.

Mais vaíamos primeiro á realidade material, á realidade das condicións materiais de existencia dos cidadáns e do conxunto deste país como tal.

Durante o seu mandato, señor Fraga, a base material deste país sufriu un retroceso neto en todos ou case absolutamente en tódolos seus eidos. É máis, sectores que aínda se mantiñan relativamente a cuberto ou á marxe da recesión recúan agora ou caen baixo a ameaza de inminente descomposición ou reconversión. Por riba, a súa política está a piques de enxendrar unha especie de guerra civil económica e financeira intragalega de consecuencias imprevisibles entre o norte e o sur do país; léase, para simplificar, os eixos que basculan nos centros de gravidade da Coruña e Vigo respectivamente.

Na economía agraria, ó esganamento e á retracción do sector outrora máis vizoso e expansivo, o gandeiro, superpónselle unha situación caótica e de tráfico espurio no reparto e asignación de cotas lácteas ós produtores, mentres a vella promesa de creación dun grupo lácteo galego segue a ser unha entelequia evanescente e a produción cárnica de calidade está máis indefensa ca nunca fronte ó *matute* hormonado que entra a esgalla nos mercados fóra e dentro do país.

A comercialización dos produtos agrarios segue atomizada e a expensas dos que controlan os grandes mercados centrais e das cadeas comerciais que meten aquí os bens substitutivos dos nosos propios, que non son promocionados e aínda menos catapultados á exportación. Os seus *tinglados* de comercialización da pataca de Lalín, por exemplo, traen pataca de fóra que sae de volta coa etiqueta de orixe mesturada coa auténtica. Desacreditan o que din que intentan garantir.

A política forestal, ¿ula? ¿U-lo Plan forestal? ¿Que foi del? A Comisión de seguimento, deste Parlamento, está baleirada de contido e de obxecto de traballo. Non hai seguimento que facer porque non hai realmente plan ningún en acción. Non houbo unha súa sesión da Comisión nesta lexislatura.

O viño está ameazado agora polos *matuteiros* europeos e polos programas de arrinque de cepas que nos pillarán co proceso de reposición de castes autóctonas atrasado e unicamente movido pola iniciativa particular de cada quen, sen ningún programa do seu Goberno merecente de tal nome. Só lles interesa o control partidista dos consellos reguladores. No que realmente importa, ou sexa, nunha política do Goberno para o sector, vostedes andan a velas vir.

A concentración parcelaria, convertida nunha fraude e nunha desfeita: proxectos incumplidos dos que nin se fala, o servizo convertido nun negocio privado e destrución ecolóxica do que en Europa se protexe con rigor, como a flora dos lindes, sebes e demais.

Na pesca non só está *caput* a industrial de altura, tamén a baixura, e agora o sector marisqueiro, inorde, semella que queiran deixalo morrer tamén por descomposición interna para que o recolonicen as transnacionais da acuicultura ó seu xeito. Mentres, as súas queridas confrarías van por libre, fanse a guerra a miúdo entre si e mesmo practican reciprocamente a piratería depredatoria coa lei do máis forte ou do máis avisado. Mentres a flota pesqueira segue sen programa de modernización e recuperación que non sexa tapadeira ou coartada para desguaces e reducións, nos nosos mercados de abastos pódense ver caixas de sardiña ou xouba co rótulo catalán *peix blau*. Nunca tal se vira desde a época dos fomentadores do século XVIII.

Industria. ¿É que aínda se pode falar da industria galega? Neste Parlamento ten que se-la oposición a que tome a iniciativa de crear unha comisión de traballo para a industrialización do país. Con iso está dito case todo respecto da iniciativa do seu Goberno nesa materia.

Infraestructuras. Vostede renunciou desde o comezo do seu mandato a obte-las autovías transfoiteirizas ata alén o ano 2000. Mais agora tamén asume con pasiva submisión o desmantelamento do ferrocarril: ficaremos sen un só medio de transporte colectivo propiamente dito. Na rede do tendido eléctrico e de comunicacións telefónicas vostede enterra cartos públicos a esgalla en beneficio das compañías responsables dos servizos públicos que, lonxe de compensaren a débeda histórica que arrastran e os beneficios enormes que tiraron e custos sociais que xeraron ás costas deste país -no caso concreto da enerxía-, tómanos a vostede polo pito do sereno e fan un gran negocio cosas nosas arcas públicas.

O seu Goberno, señor Fraga, é como a trastenda dunha carnicería na que se procede ó despece dos diversos membros do animal xa cadaver, “da vella porca que devora a súa camada”, como dixera Joyce de Irlanda noutro tempo, denantes de servilo por cachos

ós parroquianos europeos. Non podo evitar que me susciten vostedes a lembranza das atroces imaxes daquel filme británico titulado *El cocinero, el ladrón, su mujer y su amante*.

Podería simplemente utilizar propostas de resolución do BNG do ano 1993 para comprobarmos cal delas foi cumprida por propia iniciativa de vostedes ou na forma en que fora presentada. Dáme igual, pero non quero perde-lo tempo. Tamén podería preguntarlle onde está o deseño da súa política económica para este país nesa situación. O Bloque teno feito. Eu mesmo teño publicado un esquema na revista *A trabe de ouro*. ¿A súa onde está?

Mais o peor non é que vostedes desquarticen o corpo -a realidade material do país-. O peor é que vostedes se aplican ó sinistro labor de matar ou tentar mata-la alma deste pobo.

E a alma dun pobo, cousa ben sabido na antropoloxía e en socioloxía, é a súa cultura e a súa conciencia social; ou sexa, a conciencia reflexivamente cultivada de si mesmo, da súa identidade, da súa dignidade, dos seus dereitos e das súas liberdades.

Vostedes proceden a esa angueira certamente sordida por varios vieiros converxentes nun mesmo desenlace. Son estes:

Primeiro. A conversión da cultura en algo deleznable, nunha especie de secreción orgánica do poder, nunha excrecencia ou, ó cabo, nun detrito.

Segundo. O secuestro cada vez máis completo da información e da comunicación e, polo tanto, dos vieiros de intercomunicación social mediante o fluxo plural de ideas e o diálogo.

Terceiro. A reconversión dos cidadáns en súbditos, coa retrotracción a un estado de cousas análogo ó historicamente anterior ás revolucións burguesas liberais europeas de hai douscentos anos.

Cuarto. A desvirtuación e mesmo o desmantelamento progresivo do aparello de Estado autonómico.

Voulo explicar. Mais denantes quero deixar ben claro o que todo iso supón en síntese. Deste xeito:

Cando un pasa de vagar e coa ollada atenta pola Europa da cidadanía, observa os fenómenos máis sinxelos e asómbrase de presenciar e convivir como normalidade cotián feitos e situacións que aquí se consideran reivindicacións utópicas cada vez que alguén as formula, ou casos excepcionais cada vez que algún deles acontece. Cada vez que un fai a experiencia desa paseata -como me cadrou a min de volvella facer este verán- ó cabo un vese conducido a unha conclusión que pode semellar unha simplificación abusiva, mais que contén in nuce a cerna mesma da verdade histórica.

A diferenza de alén Pirineos, nas nosas latitudes instalouse a barbarie no poder hai máis de medio século, durou en estado puro catro veces máis tempo ca no propio país onde esa forma de barbarie se enxendrara orixinariamente, e, en rigor, en Galicia en concreto aínda non foi desaloxada plenamente dos órganos do poder político nin erradicados os comportamentos efectivos dos centros de poder dominantes na nosa sociedade. E aínda máis: tras un decenio escaso de avances democráticos fronte a esa barbarie que seguira a operar sen ruptura tralo franquismo na armazón do poder social, e que deu unha efémera lampada esperanzadora co denostado e malogrado Goberno tripartito, chegou vostede, señor Fraga, e o que fora un penoso proceso de avance lento no mato baixo desta terra inzado de silvas e toxeias trocouse nunha involución velocísima e cada vez máis estarrecedora.

Escribía antonte un meu amigo, adversario político de sempre, e que na adversidade súa mesmamente foi onde se atopou sorprendido coa amizade miña no canto dos ataques que ata entón, el no poder, lle eu dixira, escribía, digo, galanamente e con humor, que tiña “medo de vivir nun país que liquida sen piedade os seus pianistas para contratar organilleiros”.

Á parte de non ser, obviamente, o meu caso -pois non son Claudio Arrau -don Claudio, sen máis, para os melómanos- mal sabe el que ós creadores non os mata nunca un país, senón un poder, que a Mozart non o matou o pobo austríaco, senón a corte imperial vienesa, e nin sequera o emperador Xosé I, que era culto e masón, senón o seu imbécil e reaccionario sucesor “de cuyo nombre no quiero acordarme”. E que o problema xa non é que a sinistra situación creada por vostedes, o confinamento da vida política do país

en auténticas mazmorras decoradas con estridente mal gusto e luz de neón, vaia levando ó paroxismo o exacto cumprimento da lei de Gresham da circulación monetaria aplicada á clase política deste país, que tan lucidamente diagnosticaba Carlos Mella hai xa varios anos: que a moeda mala despraza a boa. Don Carlos Mella, señor Fraga, para quen vostede debiera ter un respecto de ben nacido se tivese un algo de elegancia sequera. Unha selección a contraño que retira da circulación os mellores do mesmo xeito que a boa moeda se atesoura no canto de utilizala nos trocos. Uns vanse polo aburrimiento ou tedio, outros por congruencia ou dignidade, algún é condenado pola inquisición, hainos tamén que se van por noxo e náusea. Aínda acaba de pasarlle a Fernando Salgado, con quen perdemos un excelente cadro político para o país, no Goberno ou na oposición, vítima do enxendo de pactos subterráneos contra natura entre vostede, señor Fraga, e o señor Vázquez de *La Coruña* -que debe ser un *topos uranus*.

A min non. Eu, mal que lles pese, e pesia tamén as miñas maneiras disque de *dandy* e un algo nonchalantes, eu téñolle-la paciencia dos revolucionarios, dos que o somos na cerna aínda que moderémo-lo método e o compás todo o que cumpra moderalo, sempre que sexa na dirección dos únicos obxectivos polos que merece a pena baterse e loitar na política no canto de facer música diletante: a liberdade, a dignidade e o benestar deste pobo. Aí baten vostedes en rocha viva, e non esquezan que este país é un macizo de granito -seixo, feldespató e mica- desde A Rañadoira a Corrubedo.

Mais todo iso non é o grave. O grave é que vostedes, e non este país, tentan face-lo que dera título a unha tenra película, un tanto sentimentalóide se cadra, de hai ben anos: *Matar un rei*. Na película, o rei-señor era un negro e inofensivo nunha vila do sur norteamericano. Aquí, neste o seu caso, o rei-señor é este país mesmamente, a alma deste pobo, o seu *volksgeist* se así o prefiren, a súa conciencia social. A conciencia -repito- reflexivamente cultivada de si mesmo e non epidérmicos arreguizos emocionais, que eu, en todo caso, sempre respecto desde o meu escano cando se producen por parte de vostede nesta tribuna. E non o fan por inconsciencia. Fano a mantenta, por intereses ben concretos de toda orde: materiais, sociais e

ideolóxicos. Iso é o que os converte a vostedes en culpables no canto de simples insensatos.

Á volta da miña paseata armoricana e occitana deste verán, xa na casa, no canto de saír a dar publicamente resposta ós cando menos pintorescos interrogantes suscitados pola miña ausencia, seica de enigmáticos significados cabalísticos, púxenme a ler a Voltaire e Platón, ambos nas fenomenais edicións críticas da Biblioteca da Pléiade de Gallimad. Estraña parella, diranse, ¿non si? Pois non, moi acaída e complementaria para matinar na nosa situación actual, a situación política da nación galega baixo o seu Goberno, señor Fraga. As novelas e contos filosóficos de Voltaire, e aínda con máis atención a explicación da xénese e do contexto biográfico e histórico de cada unha desas obras. E os diálogos de Platón, especialmente os da madurez, non *A República*. Singularmente o Fedón, ou da alma -e do relato da morte de Sócrates, ¡claro!-, pois é moi oportuno relelo cando un ten que rozarse ás veces con desalmados. Tamén o Protágoras, ou dos sofistas, e, por suposto, a apoloxía de Sócrates; o texto, por certo, no que aparece por vez primeira en uso literario o termo *sicofantes*, que vostede, señor Fraga, empregou extravagantemente hai certo tempo, e logo imitouno ó señor Cuíña sen saber sequera o que significaba, e que nunca comprendín se se decataba vostede do autorretrato que se facía ó empregalo, pois que os *sicofantes* eran precisamente os delatores, os que delatan a Sócrates, logo da difusión do infundido de que corrompía a mocidade, para provoca-la súa condena a beberlo veneno de cicuta. ¿Lémbrase vostede de Aranguren e de Valverde?

Os de agora teñen outros nomes, mais os métodos son análogos e se cadra máis requintados e, segundo vostedes, democráticos porque se apoian en votos, aínda que utilicen os votos para reconverte-los cidadáns en súbditos. E velaí vou agora.

Un destes días pasados, nun programa de radio -non a súa, ¡claro!- veciños da comarca de Santiago denunciaban a carencia de transporte escolar para os seus fillos e laiábanse da ausencia de solucións e de resposta por parte do conselleiro de Educación. Inseríase no programa unha declaración gravada dun alto cargo da Consellería na que, entre varias excusas peregrinas, aducía que, ademais, cumpriría unha peti-

ción fundamentada, que os afectados aínda non formularan. Afortunadamente para os afectados e mais para os oíntes, o portavoz dos veciños estaba en directo no programa, e así puido aclarar que aquilo era falso porque, precisamente, o que os indignaba era que formalizaran a petición e non tiveran resposta ningunha.

Isto ilustra, señor Fraga, o que eu quero significar cando falo de reconversión dos cidadáns en súbditos. Que haxa carencias puntuais sempre é desculpable. Que as carencias sexan graves podería ser comprensible. Que as carencias se dean ó pé da súa capital -xa resulta insólito e desconcertante. ¡Como serán lonxe do seu pazo de Raxoi! Mais esa actitude de que o poder sempre ten razón, esa falsificación de feitos operada desde a autoridade do Goberno que fai pasa-los cidadáns que protestan por mentiráns ou axitadores, esa conducta de *sicofante*, iso é mil veces máis grave, porque é esmamente trata-los cidadáns coma súbditos, e dicir, como non depositarios da soberanía democrática, como carentes de dereitos na práctica, cada vez que non gozan da gratuíta protección benevolente do déspota.

E o caso que acabo de relatar non é unha excepción. Responde a un talante e a unha pauta de comportamento que en vostede sempre semellou ser innata e que, lamentablemente, se propaga cada vez máis no estilo de actuación do seu Goberno e da súa Administración. Señor Fraga, desculpeme pola anotación á marxe. Ó cabo abonda ver de que xeito acena vostede co dedo neste salón de plenos a calquera dos seus conselleiros cada vez que vostede se ergue no medio dun debate importante e o reclama para ausentárense do recinto -e se cadra lerlle a cartilla fóra ou despachar asuntos tan urxentes que non poden agardar a que o debate remate-. Esta, cando menos, displcencia e desinterese polo que se discute neste recito tamén é un síntoma do talante despótico, dito sexa non coma epíteto pexorativo, senón coma definición rigorosa da concepción do poder historicamente anterior á declaración dos dereitos do home e do cidadán na Asemblea Constituínte da primeira República francesa. E o andazo desa reconversión en súbditos mesmo penetra xa nesta Cámara de deputados, que non é a sede do seu Goberno mais que vostede e os seus tratan cada vez máis ostensiblemente coma se o fose.

Voulles relatar un suceso. O pasado mes de xuño, estando celebrándose aquí sesión plenaria, sete membros do Comité de Empresa do Grupo Álvarez, que levaban varios días acampados nas zonas verdes da cidade agardando ser recibidos pola Xunta para tratar a súa situación límite, pois sete membros do Comité de Empresa do Grupo Álvarez -coa súa señora presidenta entre eles- que acudían ó Grupo Parlamentario do BNG para xestionarmos unha entrevista co señor presidente deste Parlamento e maila presentación dunha proposta de declaración institucional en defensa dos postos de traballo dese colectivo, non puideron pasar alén do posto de policía situado no adro deste edificio. A presenza e mediación de dous membros do noso Grupo Parlamentario non valeu de nada. Eu mesmo, como portavoz, tiven que soste unha regueifa de dúas horas cos axentes de seguridade, cun funcionario da Presidencia, amén dunha tensa conversa co señor presidente para conseguir que eses membros do Comité de Empresa puidesen entrar no edificio e accederen ás oficinas do noso grupo para se reuniren con nós.

Desde o remate do franquismo nunca me sentira nunha situación tan vexatoria e aldraxante, xa non só para os dereitos duns cidadáns coma aqueles, senón para os meus propios dereitos e prerrogativas como portavoz dun grupo parlamentario e mais para a institución que é o grupo parlamentario mesmo. A min, tamén a min, non simple cidadán, senón deputado portavoz, tentóuseme tratar coma súbdito na propia casa dos representantes electos dos cidadáns galegos. Mais, ¿quen soubo deste incidente no noso país? Os choferes dos seus conselleiros, que se arremuíñaron espectadores ó redor do *caseto* da policía e cruzaban apostas sobre quen gañaría o pulso, se o Beiras ou os que deran ós axentes as consignas de atranca-lo paso. Ós axentes mesmos, que non atendían a razóns, que ignoraban que as normas desta casa franquean o acceso automático ás súas dependencias a calquera cidadán que veña facer calquera xestión ou entrevistarse con calquera en actitude pacífica, de nada lles valía que un portavoz asumise a responsabilidade da entrada no edificio deses cidadáns nin que lles dixese que incluso tiñan pasado comigo persoas, representantes de grupos, que estaban manifestándose en ocasións anteriores fóra do Parlamento e pasaran sen máis sentido que o de dicirle ó xefe de vixilancia "pasan baixo a miña responsabilidade". Ben, pois nada, repre-

sentantes dun colectivo de centros de traballo afectados pola situación límite do Grupo Álvarez viñan, sen moita ilusión, por certo, dados os paos que estaban a levar e a xordeira da Administración ata entón, a ensaiar unha modestísima xestión de apoio propiciada polo BNG a prol dos seus dereitos e dos seus salarios. Os axentes só tiñan oídos para o *dictat* do poder, léase autoridade que ordena e manda. Os nosos poderes, os dos deputados elixidos polos cidadáns para exercer-lo noso poder lexislativo nada menos, os dun grupo parlamentario enteiro non existían nin finalmente valeron para nada ata que o poder - neste caso a Presidencia da Cámara- acabou por dar permiso para o que debería ser automaticamente aplicado coma exercicio dun dereito cívico: o acceso daqueles cidadáns ó recinto do Parlamento.

Mais a clave está en que nin eles nin nós eramos cidadáns naquela situación: eramos súbditos. Ese día, exactamente, questioneime o sentido da miña permanencia nesta Cámara, non noutra situación nin por motivos políticos máis complexos. Aquel día, exactamente, questioneime o sentido da miña permanencia nesta Cámara. E resultoume, resultame aínda, arrepiante asumir que un motivo clave para a miña permanencia aquí foi este pensamento inconcibible nun contexto democrático normal: se sendo deputado e portavoz -pensei- teño que loitar dúas horas para logralo exercicio dos meus dereitos máis elementais, ¿que me pasaría se fose un simple cidadán non apoiado por miles de votos democráticos? Mais ó mesmo tempo, ¿como podo garantirlles ós meus electores o respecto e a defensa dos seus dereitos e liberdades individuais e colectivas se non teño garantido o normal exercicio dos meus propios dereitos coma deputado?

Mais, repito, ¿Quen, amais dos choferes da Xunta e dos axentes de seguridade alí presentes, soubo deste grave incidente? Un cámara da TVG estaba presente e gravou. Díxome que baixara a cubri-la información pola súa conta, porque cando se decatou do que ocorría e consultou o que facía nin lle encomendaran nin lle prohibiran que baixase. Gravar, gravou, mais a información gravada por aquel profesional nunca foi emitida nin retransmitida pola TVG do señor Villot, do señor Rodil e do señor Maneiro -mellor dito, do outro señor que eu dou en denominar sempre metaforicamente “o pequeno Goebbels”-. E isto condúceme a tratar do secuestro da información.

Cando Voltaire estaba a escribir *A princesa de Babilonia*, relato que, como é sabido, encerra un alegato contra os xesuítas -que é o Opus de agora- e unha gavanja dos príncipes ilustrados, a xeito dun gran lenzo da Europa das luces de entón, un dos acontecementos concretos que máis o conmoven é a sinatura e promulgación por Gustavo III de Suecia dun edicto a prol da liberdade de prensa. Era o ano 1766; nada menos que douscentos anos antes que a súa famosa Lei de prensa, señor Fraga.

O ilustrado monarca escandinavo decretaba liberdade de prensa como garante do exercicio da liberdade de opinión, ou sexa, en rigor, de pensamento; é dicir, en defensa dos librepensadores fronte ó escurantismo reaccionario dos xesuítas de entón, do Santo Oficio e da Inquisición, que Voltaire denuncia noutra obra da mesma época: *As cartas de Amabed*. E non como faría vostede dous séculos máis tarde, para substituír parcialmente a censura oficial pola autocensura dos directores e responsables dos medios de comunicación privados -forma diabólica de reduplica-la censura e facérllela exercer ós seus propios pacientes inmediatos sobre si mesmos e sobre as vítimas finais, os cidadáns.

Non falo disto por volver sobre o pasado, señor Fraga, senón porque durante o seu mandato na Presidencia da Xunta, desde o comezo mesmo ata hoxe, vostede emprendeu unha escalada imparable cara ó restablecemento dunha censura diferente pero máis brutal e drástica ca precedente e que xa desembocou a estas alturas nun virtual secuestro de información sen precedentes aquí desde hai máis de dúas décadas. Pero eu afirmo, arríscome a afirmar -e coído que podería demostralo con materiais de hemeroteca- que a prensa galega tiña máis marxe de manobra fronte ó poder político nos anos setenta do chamado tardofranquismo do que amosa ter na actualidade.

A clave do aparente enigma é moi sinxela. Radica esencialmente nun resorte crucial: actualmente vostede, señor Fraga, pode en seis meses converter unha empresa xornalística próspera en ruínosa. Hai vinte anos tiña máis difícil. Hoxe os medios de comunicación públicos audiovisuais son a súa megafonía e o seu NO-DO particulares. Mais os medios de comunicación privados galegos -especialmente a prensa escrita- son os seus súbditos, coma os cidadáns, e mes-

mo máis coartados aínda que os propios cidadáns para o exercicio da liberdade de prensa.

Cómpre te-la coraxe de dicilo aquí aínda a risco de que non comprendan que coas miñas palabras estou a librar por eles un combate que non dan librado eles mesmos. Vostedes actúan neste terreo sen calquera clase de escrúpulos. Un grupo parlamentario fai unha rolda de prensa na que critica ou ataca unha conducta ou acción calquera de goberno de vostede ou dun conselleiro seu e ó día seguinte o que sae en titulares non é o que dixerón os convocantes da rolda de prensa, senón o que di a nota de réplica enviada directamente ós medios polo conselleiro en cuestión; ou mellor dito, nin tan sequera polo conselleiro, senón polo seu pequeno Goebbels. Iso é sinxelamente indecente. Non obsta para que sexa a regra que reiteradamente opera no acontecer cotián. Os profesionais do xornalismo sábano; ningún ousa denunciálo. O terror está establecido. E o terror, unha vez establecido, funciona maquinalmente de xeito automático e convértese en trivial presenza habitual co que se acaba por convivir a cotío.

Fálase moito nestes tempos de corrupción por cargos na clase política. Non se fala en absoluto, como é lóxico, desa corrupción peor ca calquera outra. A corrupción por desuso forzado dos principios deontolóxicos que rexen a provisión xornalística e a actividade informativa nunha sociedade democrática. Felicítoos, señor Fraga, puxo vostede os medios de comunicación debuzados ós seus pés lambéndolle as pantuflas coma naquel sinxelísimo e terriblemente veraz retrato, que fixera o malogrado Chichi Campos e que publicaran os seus amigos máis leais despois da súa prematura morte, dalgún tipo de columnista mercenario que espernexa entre a nada e o detrito.

Ouso dicir estas cousas porque para iso fun votado e elixido por cidadáns que non tolerarán nunca ser reducidos á condición de súbditos, e menos aínda á de servos, e mais porque só a luz diúrna -diría eu que a luz da aurora- reclúe os vampiros nas súas covas. E lémbrolle a Pondal -a min contábamo o meu tío Antón de neno-: “Non lle cantes cantos brandos para adormiña-lo rapaz, cántalle cantos ousados que esforzado o peito fan, cántalle o que xa cantara o nobre bardo Gundar: a luz virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán”. Tarda, pero se o dixo Pondal, se ca-

dra ocorre no ano 2000. Aí bateu xa vostede, e volverá bater sempre, co Bloque, co BNG.

Vostede, que fixo todo o posible e unha parte do imposible para impedi-la presenza de candidatos nosos no Consello de Administración da RTVG, que se aliou ata co actual secretario xeral do PSOE en Galicia para impedi-lo nun atentado flagrante ós máis elementais principios, regras de xogo e éticas democráticas, non o conseguiu. Bateu co duro perpiño do Bloque Nacionalista.

Quen secuestra información, goza, mentres lle dura, de impunidade política case absoluta. O que non se coñece non existe. E o que propalan os *sicofantes* sen posible oportunidade de desmentilo ou contradicilo é realidade forzosa por incontestable. “O ministerio da verdade”, chamouno así Orwel no seu 1984. Sabíao ben Goebbels, non o pequeno, senón o histórico, que porén era un anano. Din as crónicas que, cando as tropas aliadas entraron nos campos de concentración de exterminio nazi e difundiron imaxes daquel espanto, o 80% dos alemáns non sabían que existisen tales infernos e nin podían dar creto ó que vían retratado. O secuestro da información é o miolo do totalitarismo. Ese secuestro vostede practícao ata onde pode. Do seu corolario vostede saberá a que aterse; alá vostede e a súa conciencia.

Garantida a impunidade política dese xeito, vostede acomete impertérrito a angueira de todo usurpador que se empoleira en institucións nas que nunca creu para sometelas á mesma metamorfose có retrato de Dorian Grey, de Wilde, que ía reflectindo o deterioro da personalidade protagonista que, en troques, non se amosaba nas súas faccións físicas, que remanecían aparentemente inmutables. A vostede só lle valen as institucións se se acomodan ó seu persoal capricho, nin tan sequera á cosmovisión e á ideoloxía dun grupo social co que vostede se identifique. Vostede sempre quixo ser un “demiurgo do real”, como diría Carlos Marx. Outros dirían un manipulador da realidade, aínda que non é o mesmo.

O seu discurso -chamémolo así por cortesía- desta mañá foi todo un recital ilustrativo do que acabo de afirmar. Non falou para nada da esfera competencial que lle corresponde conforme a Constitución e o Estatuto de Galicia. Non fixo unha sóa análise nin

diagnóstico nin deseño de proxectos respecto da estrutura interna do anaco do aparello do Estado autonómico que é a Autonomía galega, das súas institucións e problemas da engranaxe co aparello da Administración local -provincial e municipal-, das marxes da autonomía administrativa desa Administración -non política- dentro do recinto da Comunidade Autónoma galega co funcionamento do conxunto. Por non facer, nin sequera fixo uso desta oportunidade para dar explicacións da grave reestruturación orgánica operada por vostede na Xunta de Galicia despois das eleccións. E digo grave porque foi arbitraria e incluso rompeu a simetría coa estrutura de comisións lexislativas deste Parlamento. Esas explicacións que a oposición leva demandado desde o comezo desta lexislatura mediante petición de comparecencia, que o seu grupo vetou sistematicamente ata o de agora na Xunta de Portavoces, reducindo á nada o dereito dos grupos parlamentarios a que vostede compareza e a súa obriga de comparecer. Vostede critica a González porque contesta as preguntas que lle peta nas Cortes, e vostede nin sequera acepta comparecer nunca a petición da oposición. Aí está a visión das institucións segundo o capricho. O subxectivismo levado ó paroxismo.

Mais ó que vou: vostede hoxe escolleu este Parlamento para bota-lo discurso que ten preparado para o Senado sobre as súas propostas para a reforma do aparello central do Estado. Nalgunhas vostede fai a apropiación -como se fosen orixinais súas- de iniciativas presentadas por esta oposición, como as referentes ó artigo 131 da Constitución, reiteradamente formuladas polo BNG desde hai varios anos, desde o debate do modelo de financiamento das comunidades autónomas e que vostede desofo sistematicamente ata agora mesmo. E nas que son orixinais, mesmo orixinalísimas, revélanse freudianamente as súas frustracións. ¡Desculpe!. Non pensa nunha Conferencia das Comunidades Autónomas, senón só dos presidentes, porque vostede é o presidente da Xunta aquí, e punto, -como adoita concluír vostede nas roldas de prensa-. A autonomía galega e o seu Parlamento non conta. Só conta a súa cobiza de retomar protagonismo a nivel de Estado “ad pompan nel ostentationes”, para efectos de ritual e de imaxe. E non lle importa entrar en contradicións e incongruencias flagrantes. Nin sequera se lle ocorre que poida incorrer nelas. Fala agora vostede da configuración e roles que deba te-lo Senado nes-

te Estado das autonomías coma se non tivese ocasión de suscitalo no debate constitucional de 1977-78, no que vostede era un dos pais da Constitución, membro da Comisión e no que vostede, en troques, nin sequera estaba a prol de que houbera autonomía políticas nin asumía o título VIII que as definiu e regula. Todo o mundo pode mudar. E unha cousa e mudar e outra cousa é pasarse de eixo, como din os directores cinematográficos.

En troques -insisto-, non falou palabra da situación interna da amazón autonómica galega, que repito que é o seu eido competencial e o marco institucional da súa acción de goberno como presidente da Xunta. Mais é natural, primeiro, porque foxe dese problema. Aí cómpre poñer en vereas as deputacións, levar ó rego os seus baróns e príncipes electores, construí-la vertebración política interna da Comunidade Autónoma pese a quen pese. Segundo -e aquí viña eu primordialmente desde o enunciado que fixen ó comezo-, porque vostede está a consumir ou propiciar ou permitir que o PP consuma a desvirtuación e mesmo o desmantelamento progresivo do aparello do Estado autonómico dentro de Galicia. Ei-la grande contradición e a grande fraude política.

Vostede ou vostedes están a operar aí dentro coma a couza ou coma as térmites en dous planos ou dúas dimensións e direccións.

Un é o esfrangullamento e apropiación do aparello institucional autonómico polo aparello partidario do PP e polos grupos de interese e de presión: organizacións privadas e sectas diversas -especialmente o Opus- que pululan nese formigueiro, fundacións, empresas fantasmais, entes disque sen fin de lucro que dan de comer moi ben, mulleres rurais -pintoresca forma de *apartheid*- e ata ese novo invento do voluntariado social que cheira a beatería hipócrita ou ó vello auxilio social que eu predixen que restablecerían vostedes. Todo iso debe ser unha realización do labirinto da famosa democracia orgánica. Só lles falta -desculpen a broma- que a señora López Besteiro monte as “SA” e o señor Diz Guedes as “SS” con equilibrio do home e da muller, coma no SEGAPIÓN.

O outro plano ou dirección é a do baleirado de contidos decisorios políticos efectivos no tocante ó exercicio institucional das competencias políticas,

porque aí cómpre asumi-las responsabilidades no canto de remitilas en globo cara a Madrid ou a Bruxelas. Daquela, todo se disfraz de propaganda e se evade no ordenancismo e no regulamentarismo reduplicados ata crear un enguedello tal que ninguén ten que responsabilizarse de nada, a Administración funciona peor ca nunca, os cidadáns son peloteados de xanela en xanela, en cada unha delas vólvenselles pedi-los mesmos formularios e papeis que xa formalizaran antes, e cando chegan ó remate non reciben finalmente resposta ou fáiselles saber que remataron os fondos presupostarios; iso si, poden chamar por teléfono ós novos contestadores do señor Rodríguez.

Non é só por incompetencia. É porque as redes paralelas do urdimento partidista interfíren ou chuchan e baleiran de substancia a rede oficial, o aparello institucional. O baleirado dos contidos políticos efectivos enxendra por compensación a hipertrofia dunha maraña administrativa parasitaria que fai impenetrable e opaca a realidade política interna dunha autonomía exáñime e reducida á pusilanimidade para afrontar os problemas da pesca, do agro, da enerxía, dos ferrocarrís, do ensino, do emprego, do patrimonio artístico, da espoliación de recursos ou do equilibrio ecolóxico.

E vostede sábeo, señor Fraga, porque non é parvo. Por iso non foi vostede capaz de abordar hoxe un só aspecto sequera do estado da Autonomía galega e fuxiu outra volta cara a Madrid, nesa pulsión incoercible de quen sabe, no fondo da súa conciencia, que dalgún xeito está aquí de paso e por accidente biográfico, non por compromiso preadquirido e lealdade política co noso pobo como estamos os nacionalistas do BNG. E é magoa.

Velaí ten, Jordi Pujol. Loitou sempre en Cataluña por Cataluña desde a súa óptica burguesa. Combateu o seu xeito baixo o franquismo para que Cataluña recuperase o seu autogoberno. Fixou no poder político do pobo catalán o centro de gravidade lexitimador da súa propia ambición política e escolleu o marco das institucións políticas catalanas para se realizar politicamente el mesmo. Como consecuencia lateral imprevista para moitos, hoxe Pujol é o home de Estado que vostede, señor Fraga, quixo ser e non deu sido. Trabucouse vostede de camiño, mais iso politicamente non é o grave; o grave, politicamente, sono as con-

secuencias para Galicia, que á vista están. Tan á vista que hoxe vostede nin sequera ousou falar aquí do estado da nación galega e da súa autonomía na coxuntura actual. Por iso tiveron que facelo eu mesmo en nome do BNG. Unha vez máis trócanse os papeis entre o Goberno e a oposición. É toda unha premonición do que se dexerga no horizonte do futuro próximo deste país, coma na bocarribeira do largacío val da Mahía: a promoción dos bos e xenerosos do BNG a empuñaren o gobernalles desta nao senlleira para poñeren o compás rumbo ó norte.

Dixen.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, Friedrich Nietzsche, nunha última obra titulaba os capítulos do seu libro do seguinte modo: Por que son tan sabio, por que son tan intelixente, por que escribo libros tan bos, por que son un destino... Hai estudiosos que analizando a obra, o contido, non dubidan en cualificala coma unha obra patolóxica. Non dubidan, tampouco, en considerar que o estado en que foi concibida e redactada era o estado que precedía á parálise xeral.

Analizando os discursos anuais nesta Cámara, de investidura ou do estado da Autonomía, un chega á conclusión, tamén, de que estamos chegando ó estado que precede á parálise xeral. Xa non caben máis vitorias fáciles, xa está todo feito neste país, tódolos problemas están resoltos, tódalas solucións foron aplicadas. O malo é que, de vitoria en vitoria, de fácil vitoria en fácil vitoria, estamos cada vez introducindo na sociedade máis dose de veneno porque, vitoria a vitoria, o veneno introdúcese nesta sociedade ata que, á fin, os seus males non teñan remedio, porque o nivel de tóxico será demasiado alto.

Hoxe abordamos un debate de política xeral e o noso grupo non pode concibilo doutro xeito se non é o da tensión dialéctica que xorde da análise dos factores obxectivos, é dicir, da realidade deste país, coa

confrontación na valoración dos factores subxectivos, é dicir, a vontade das persoas, a vontade do Goberno.

Pódese utiliza-la linguaxe desvirtuadora da realidade, pódese, polo tanto, trazar unha imaxe irreal deste país para que a valoración dos factores subxectivos, para que a valoración do Goberno, sexa sempre a que lle permita perpetuarse nel, pero, en troques, hai que sinalar que só hai rendibilidade nesta postura a curto prazo, a longo prazo, inevitablemente, aparece a parálise xeral.

No discurso desta mañá, do señor presidente, houbo unha primeira parte constitutiva dunha aportación teórica, sen dúbida interesante desde o punto de vista intelectual, e unha segunda parte de relatorio dos gastos feitos polo seu Goberno en múltiples cousas, que nos foi citando máis ou menos de présa. A primeira impresión que un ten despois de analizar este discurso e comparalo cos outros, cos anteriores, é que se pode establecer un certo paralelismo entre -perdoen a comparación- a auga imantada e a política do señor Fraga. Saben vostedes que venden un aparello que disque imanta a auga e que é remedio para tódolos males, o malo é que as leis da física din que a auga non se pode imantar. Aquí tamén nos venden a política do señor Fraga pasada por un *turmix* que teoricamente a fai eficaz, pero neste caso son as leis da metafísica as que fan que isto sexa imposible.

¿A conto de que vén isto? Vén a conto de que calquera argumentación que desde aquí se impoña tropeza sempre cunha argumentación do Grupo Popular e do Goberno que consiste en: digan o que sexa, argumenten o que queiran, pero a nós vótannos. Tamén compran a auga imantada e non quere dicir que a auga imantada teña os valores que se lle atribúen, o malo é que quen utiliza ese remedio contra os males que sofre, co tempo veraos agravados máis que se puxese a tempo os remedios tradicionais, os remedios que son racionais.

Polo tanto, eu quero sinalar que se debe aproveitar este debate para dicirlle a verdade ó país. E dicirlle a verdade ó país non é facer promesas que logo sempre se incumpren. Dicirlle a verdade ó país é dicirlle que non estamos nun escenario idílico, onde non hai problemas porque xa se resolveron nos últimos cinco anos e só nos queda camiñar cara a un futuro perfec-

to. Hai que dicirlle ó país que temos moitos problemas e hai que dicirlle ó país, se se pode, como se intentaron resolver, cousa que esta mañá non se fixo aquí. Nós tentaremos dicir como cremos que hai que resolve-los problemas que cremos que hai.

Neste punto empezarei falando do proceso autonómico, tanto no que se refire a nós internamente, como nacionalidade, como ó noso papel no concerto das autonomías, do Estado das autonomías, xa que a iso fixo referencia o señor presidente esta mañá.

Eu vou recordar, en primeiro lugar, a razón de ser da autonomía, a razón de ser do autogoberno, que non é outro que dotarnos dun proxecto político diferenciado, e non para a nosa satisfacción persoal senón para a defensa da nosa identidade e dos intereses de Galicia. E esta razón -por definición- non pode nin debe ser supeditada a intereses persoais ou de grupo, máis ben o que hai que facer é rendibilizar toda a capacidade política que a Constitución e o Estatuto de autonomía nos confiren para desenvolver este país ata os niveis de desenvolvemento social e económico que hoxe non temos, que hoxe teñen outras comunidades deste país e que todo o mundo debía desexar.

Non hai máis saída que afrontar, pois, o desenvolvemento pleno do Estatuto de autonomía, é a obriga se temos en conta este principio. Pero non o desenvolvemento pleno coa mecánica simple de asunción de competencias. Trátase de exercer-las competencias, asumilas, si, pero exercerlas co exercicio da responsabilidade que implica esa capacidade política que nos debe permitir defini-lo noso modelo autonómico e, sobre todo, que nos debe permitir construí-lo país de acordo coas pautas que son coherentes con ese modelo que hai que definir.

En segundo lugar, é imprescindible que exista unha estratexia política propia de Galicia, que exista no contexto de España como estado unitario e que exista no contexto do marco do Estado das autonomías e a súa vocación federalizante, pero que exista esa estratexia propia de Galicia sempre en función, e unicamente en función, dos intereses deste país.

Ningunha destas dúas cousas está a ocorrer en Galicia. Nin se está a exercer-la capacidade política que nos confire o Estatuto e a Constitución para logra-lo desenvolvemento pleno deste país nin se está

deseñando o modelo autonómico que permitiría a definición das pautas, a definición de modelos de desenvolvemento, etc., etc., nin se está a ter, en consecuencia -porque non hai as claves previas-, unha estratexia política propia de Galicia para posicionarnos no concerto do Estado das autonomías.

En relación co concerto do Estado das autonomías o primeiro que temos que dicir como grupo é que a exposición parecíanos, ou parécenos, unha aportación intelectual interesante, pero desde o punto de vista político parécenos unha burla a este Parlamento, porque deben sabe-las súas señorías, debe sabe-la poboación de Galicia e debe sabe-la poboación española, que a proposta que o señor presidente vai levar ó Senado non é a proposta de Galicia, é a súa proposta, que por sorpresa nos presenta aquí sen ningún tipo de diálogo institucional previo.

Cando se aborda o asunto do papel dunha comunidade histórica no concerto do Estado das autonomías, o menos que cabe pedir é lealdade institucional co resto das forzas políticas para formular unha posición de Galicia, a ser posible, de consenso. Vostede, señor presidente, non vai levar ó Senado a posición de Galicia, vai leva-la súa posición; independentemente de que nós poidamos, ou non, estar de acordo co texto. Entre outras cousas, non tivemos tempo para velo nin se nos deu a oportunidade de debatelos nin de aportar.

Claro que estamos pola reforma do Senado, claro que estamos pola participación nas negociacións na Comunidade Económica Europea, na Unión Europea, pola participación das comunidades autónomas no Consello Económico e Social, e por moitas outras cousas que son parecidas, tamén, aquí en Galicia, e que vostede non practica aquí. Non é coherente o que predica para fóra e o que practica aquí. Pero tamén estamos en ir máis lonxe de considera-lo Senado unha Cámara territorial. Ó mellor se nos queda curta a súa proposta e, ó mellor, tamén botamos en falta algunhas cuestións.

Vostede fala da Conferencia de presidentes de comunidades autónomas e nós, ó mellor, botamos en falta un Consello de presidentes ou un Consello de nacionalidades históricas, por exemplo, e tantas outras cousas que se poderían dicir a ese respecto. Pero

como desde que vostede é presidente deste país o diálogo político non existe, como a desertización das relacións institucionais avanzou ata cubrilo todo, non tivemos oportunidade de contribuír coma forzas políticas representantes de milleiros de cidadáns a facer, a construír, a deseña-la posición política de Galicia en canto ó Estado das autonomías.

Falou tamén esta mañá da creación de riqueza. Tamén o Estatuto nos dá, en termos de economía, unha competencia exclusiva, que é o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia. ¿Exércese con responsabilidade, tal e como dicía ó principio eu? Pois imos aproveitar tamén aquí para dicirla verdade. A verdade entendida como a observación directa da realidade deste país, non a verdade entendida como se facía no ensaio aquel de *La voluntad del poder*, onde o verdadeiro só é aquilo que vale para mante-lo poder. Non, verdadeiro é o que lles afecta ós cidadáns nas súas vivencias cotiás, como xa foi exposto antes aquí.

No debate do estado da Autonomía do ano 1992, señor presidente, dixo vostede: “Galicia dispón xa, tras unha detallada descrición dos problemas e das solucións nos libros blancos do Partido Popular, dun Plan económico e social cos seus equilibrios económicos e as súas prioridades”. A este Parlamento veu ese Plan económico e social. Nese Plan económico e social recollíase como obxectivo a converxencia real da economía galega coa economía española en termos de produto interior bruto per cápita, e ese obxectivo íase conseguir, segundo o Plan económico e social, porque iamos medrar máis có resto de España; iamos medra-lo 1% máis, anualmente, co resto de España.

Segundo a Fundación FIES -tamén citada por vostede aquí e, polo tanto, supoño que fonte aceptable en canto a cita tamén a oposición-, agora que comezamos a saír da crise crecemos menos có resto de España; Galicia medra menos en termos de creación de riqueza, en termos de produto interior bruto, có resto de España. É dicir, que o obxectivo do Plan económico e social de converxencia -ou para entendernos todos, aquí e fóra de aquí-, o obxectivo de que os galegos puidesen ir aproximándose ó nivel de vida do resto de España, non só non se cumpre senón que a diferenza empeza a aumentar outra vez. Significa isto que Galicia non está en condicións de afronta-la recu-

peración e de afrontala aproveitando a reactivación da economía, e significa, porén, que cada vez os galegos imos vivir peor cós españois e peor cós europeos. Este era o Plan económico e social que saía da descrición dos problemas e da descrición das solucións que había nos libros brancos. Como dicía, no título do capítulo do libro de *Nietzsche* ¿por que son tan sabio?, ¿por que son tan intelixente?, ¿por que escribo libros tan bos? Xa van vendo por que son estas cousas.

O señor Quintás, o profesor Quintás, economista nada sospeitoso, escribía hai pouco un artigo que titulaba: "Galicia 1994, a realidade e o desexo". Nese artigo expóñense unhas teses, por outra parte compartidas por moitos expertos en economía, nas que se parte da vulnerabilidade da economía galega e se considera que este problema que afrontamos os galegos, que afronta a sociedade galega, non é novo, que é un problema que xa tiveron que afrontar outros países e tamén se di, a maneira de aviso, que non en moitos casos con éxito. Leva este razoamento a expoñer logo cales son os problemas, a diagnosticar onde están os males da economía galega e á xustificación, polo tanto, de que medremos menos, de que creemos menos riquezas das que crean outras comunidades autónomas.

Antes de entrar niso recorda este economista, e outros moitos, que nos países onde hai unha certa cultura do compromiso, onde hai unha certa conciencia do interese común, a asunción desta situación, a asunción da realidade deseña unha dinámica que parte da consideración de determinados problemas como de interese común, e forza unha dinámica, entre as forzas políticas e as forzas sociais, de estratexia cooperativa como única forma de resolver os problemas dese país. Así, abandónase o electoralismo, abandónase o triunfalismo e óptase por unha estratexia cooperativa que se fomenta incentivando a concesión social da sociedade, porque sen ela sería imposible por unha razón moi simple: porque unha estratexia cooperativa para afrontar problemas estruturais como ten a economía galega, que non se resolven con programas de publicidade nin con campañas publicitarias, esixe unha concentración de esforzos e de medios nas prioridades que deseñe unha boa análise estratéxica. Esixe, polo tanto, realizar opcións entre as fronteiras que hai que atacar e os problemas que hai que resolver. Non se pode afrontar todo alegremente, hai que realizar

opcións, e realizalas en función da análise estratéxica. Polo tanto, hai que priorizar, e as prioridades implican sempre unha dinámica na sociedade que acepte que algunhas cousas deben deixarse de facer porque hai que face-las que son prioritarias. E non se poden satisfacer os pequenos intereses localistas nin se poden satisfacer os pequenos intereses sectarios ou de partido, como tampouco se pode levar a cabo unha política coma a que se está levando desde o punto de vista presupostario neste país.

Desde este punto de vista, cómpre que lle digamos a este país que os problemas -para o noso grupo- da economía deste país e, polo tanto, as posibilidades de creación de riqueza son tan complicadas, tan difíciles de resolver que asumímo-la responsabilidade de ofertar que para determinados temas se opte por unha cultura política das solucións pactadas, unha cultura do compromiso. Pero isto esixe negociación e consenso, esixe o abandono da prepotencia, esixe o abandono do uso da maioría absoluta como un rodo absolutamente impenetrable a ningún tipo de argumentos ou razóns que se expresen a prol de Galicia. E nesa liña nós ofertámo-lo pacto dos presupostos desta Comunidade, ofrecémosos a pacta-los presupostos, non para repartilos, senón para pacta-las grandes liñas dos presupostos desta Comunidade Autónoma, para que a opción que se faga en función das prioridades non teña un custo político única e exclusivamente para un Goberno, senón que estas sexan asumidas corresponsablemente por tódalas forzas políticas.

En canto ás institucións, tampouco é malo, é máis, eu creo que é absolutamente necesario que nun debate de política xeral se aborde o estado das institucións, o estado de saúde democrática das institucións. Non vou insistir moito, pero a nosa percepción -e expoñémolo con tranquilidade- é que desde o ano 1990 da chegada do señor Fraga á presidencia da Xunta de Galicia ou, se se quere, coa primeira maioría absoluta existente neste país, a vida política, a vida das institucións foi sometida a unha restricción progresiva desde o eido das liberdades ata a eliminación do diálogo institucional, desde a instauración do desprezo como fórmula de contestación máis inmediata a calquera denuncia da oposición ata mesmo o rexeitamento por sistema de calquera proposta por argumentada que fose. Deste xeito -hai que dicilo con claridade-, hoxe o Parlamento de Galicia está depreciado na súa función,

e está depreciado porque a estratexia do Grupo Popular, a estratexia do Goberno só ten un criterio: o da maioría. Fronte a este criterio non valen argumentos nin valen razóns, e esa maioría utilízase para propiciar-la ocultación, para que non haxa transparencia, para vetar e boicotear sistematicamente as iniciativas que pretenden unha maior información.

Cómpre recorda-la petición de comparecencias. Iniciado este período lexislativo, o Grupo Socialista pediu a comparecencia do conselleiro de Educación. Díxosenos que non había problemas, que o que dicíamos sobre a existencia de problemas non era real. Pode ser que non fose real, cada un subectiviza como quere, pero en todo caso o funcionamento do sistema educativo deste país, gran peza que sempre se utiliza nas retóricas, etc, etc, ¿non é motivo suficiente para que o conselleiro compareza ó inicio do curso escolar neste Parlamento? O incumprimento con nocturnidade e aleivosía dunha resolución deste Parlamento, tal cal foi a de que as autoestradas non terían peaxe, ¿non era motivo suficiente para que o conselleiro do ramo comparecese e explicase os motivos últimos do Goberno para ir contra unha resolución aprobada por unanimidade neste Parlamento? Hai motivos económicos, dise, hai motivos de tódolos tipos para anular esa decisión ou para non cumprila, e iso non é razón suficiente para explicar neste Parlamento. E así *ad infinitum*.

Aínda así, o outro día o señor presidente contestáballes ós xornalistas e dicialles: “O Parlamento galego é un dos que máis posibilidades de control ten”. Non digo que sexa mentira, ó mellor ten posibilidades de control; o problema é que o Grupo Popular e a maioría absoluta do Grupo Popular afogan esas posibilidades de control, foxen desas posibilidades de control, sistematicamente ademais. E por se fose pouco reformouse o Regulamento deste Parlamento e reformouse para coarta-los debates neste Parlamento, para propiciar aínda máis a ocultación e a falta de transparencia, para reduci-los trámites dos debates das leis dunha maneira absolutamente insoportable desde o punto de vista dun debate minimamente enriquecedor.

Aínda así, tamén o señor Fraga dicía hai poucos días, na clausura dunhas xornadas, que a transparencia é un valor formidable para unha época coma a no-

sa, tan patentemente reacia a soportar secretismos, opacidades, ocultacións e secuestros de todo tipo. Pero unha cousa son as palabras ditas nunha clausura e outra cousa son os comportamentos cotiáns; esa información si que non a secuestrou o aparello de intoxicación, desinformación e censura que ten montado na Presidencia da Xunta. Se cadra o ten montado porque o señor Fraga recorda ou sabe o que Napoleón lle dicía a Metternich: “Cunha prensa libre eu non aguantaría tres meses”. Quizais por iso é polo que se monta ese aparello.

E ó fío de todo o antedito cabería falar tamén da corrupción. Ben sei que en tocando este tema non é difícil imaxinar pola miña parte por onde vai vi-la cornada; pero aínda a risco de intuír por onde vai vi-la cornada e para salvagardarme, eu non vou fuxir de falar da corrupción. Cando se fomenta a ocultación, cando se fomenta a falta de transparencia, cando se coarta a liberdade, cando se elimina o diálogo institucional do panorama político deste país, cando se degradan as institucións, cando se identifica a Administración cun partido, cando se intenta asentar unha rede de influencias identificada cos poderes dispersos territoriais do Partido Popular, inevitablemente xorde a corrupción por tódalas esquinas. E cando se denuncia, nin sequera hai unha actitude por parte do señor presidente, cando se denuncian casos concretos, de respecto para o que a denuncia, senón que sempre temos observado a mesma resposta: un desprecio automático, un rexeitamento da denuncia e un intento de mata-lo mensaxeiro. Esa é a resposta que se dá, pero a corrupción está. Está nos nomeamentos na Administración, está no manexo dos fondos públicos, está na Administración paralela -da que logo falaremos-, está na falta de transparencia, en definitiva. Gustaríanos saber se o señor Fraga pensa que este país pode permitirse tamén un nivel de funcionamento con tan alto nivel de corrupción propiciado polo sistema administrativo político que están montando.

Falou de industria tamén esta mañá. E non me vou estender moito neste tema. Ó falar de industria noutros discursos sempre se fai referencia a aquelas cousas que se ían apoiar, moi en concreto á investigación e á formación profesional; logo falaremos da investigación e da formación profesional para que se vexa como se apoia. Pero un exemplo vale máis ca un montón de palabras ditas desde aquí: o caso Fenosa,

empresa no centro dunha polémica xurdida pola venda da súa sede social. Os datos concretos dos últimos anos, contrastados, publicados e absolutamente verificados son que no ano 1982 había 3500 traballadores e agora hai 2300; que de 70 directivos en Galicia quedan 11; que dos 1083 postos de xefatura quedan 361; que cotiza o IRPF e o IVE en Madrid; que explota recursos naturais deste país; que as compras con subcontratas, subministracións, asínanse en Madrid, e ademais asínanse con empresas de fóra. Polo tanto, en definitiva, que milleiros de postos de traballo directos e indirectos foxen deste país.

E no medio desta polémica, que pon ás claras a desgaleguización desta empresa, tercia o presidente da Xunta dicindo que hai que destaca-la especial vinculación de Unión Fenosa con Galicia e eloxiando o seu labor. Leo textualmente: "Elogiar a labor de esta empresa y felicitar a la compañía". Pois non sabemos nós cal é esa especial vinculación nin o que hai que eloxiar e por que hai que felicitar a unha empresa que descapitaliza e desinveste en Galicia. Pero si sabemos que Fenosa é socia da Xunta en SOGAMA; que SOGAMA é unha sociedade na que Fenosa ten o 49% e nós o 51%, ben é verdade que nolo xestionan desde o Partido Popular; SOGAMA ten que facerlle fronte ó Plan de residuos sólidos; pero SOGAMA ten un conselleiro delegado que é un empregado de Fenosa, e ten un director xeral técnico que é un empregado de Fenosa; SOGAMA ten a súa sede en Santiago en Fenosa; SOGAMA ten que decidir un concurso de 30 mil millóns de pesetas; SOGAMA ten que xestiona-lo un negocio dos residuos sólidos despois. Os estudos sobre os residuos sólidos, algúns, por certo, fíxoos un consulting propiedade de Fenosa.

Respecto da política hidráulica, o proxecto de directrices do Plan hidrolóxico aprobado pola Consellería contratouse a un consulting chamado Ufisa, de Fenosa. É dicir, que un documento de bases das actuacións sobre o dominio público hidráulico nolo dicta un consulting propiedade de Fenosa. E nese estudio recóllese a viabilidade de trece centrais hidroeléctricas para aumenta-la produción a 734 megavatios, o dobre do que actualmente hai e case a metade do que prevé de aumento o Plan enerxético nacional. ¡Será que a nosa política enerxética nola dicta Fenosa! E o Plan MEGA, que é un plan estrela, recolle 67 mil millóns, dos cales 55 mil son para Fenosa,

para a obra que fai Fenosa en relación co Plan MEGA, e deses 55 mil o 60% pono a empresa, Fenosa, e o 40% a Xunta. E dese 40% que se lle dá para paga-la obra do tendido, para mellora-la distribución da enerxía eléctrica por toda Galicia, Fenosa non fai a obra directamente, e recibe iso en pagamento do custo, senón que subcontrata con outras empresas, e subcontrata á baixa, cunha media do 30%. É dicir, que nós entregamos 22 mil millóns para subvencionar-la realización de obras de tendido eléctrico e deses 22 mil millóns nada máis ca 12.800 van para o pagamento desas liñas de tendido. Pois é vinculación, e é bastante especial. Non hai control sobre o Plan MEGA desde a Xunta... Ben, hai unha empresa que é Norcontrol que leva o control do Plan MEGA, porque este plan xestionao, execútao e planifícao, todo o fai Fenosa, nós só pagamos. Hai unha empresa que é Norcontrol, pero esta resulta que tamén é de Fenosa.

Por todas estas razóns pediremos neste Parlamento que se nos diga e se nos permita investigar, a este Parlamento, se hai trato de favor cara a esta empresa, se hai información privilexiada ou se hai tráfico de influencias. E se non hai nada de todo isto, a ver se nos informamos nós e tódolos galegos de que é o que lle debemos a Fenosa para que teña un trato tan de favor por parte da Xunta de Galicia, e así ó mellor as empresas que non veñen instalarse neses innumerables parques empresariais aprenden o exemplo e deciden desinvestir en Galicia para ser empresas favorecidas e ben tratadas pola Xunta de Galicia. Este é o exemplo sobre a política industrial que eu quería poñer; agás que nolo expliquen mellor, non o entendemos.

En infraestructuras, como non coñecemos cal é, porque nunca se explicou, o modelo de desenvolvemento que se defende para este país, non sabemos cales son as prioridades en función dese modelo, e polo tanto non podemos avaliar. Non sabemos se se lles vai facer caso ós expertos e, polo tanto, valorando a actividade productiva e localizándoa xeograficamente neste país, se se vai vertebral-lo sistema das cidades e das súas áreas de influencia e se se van priorizar, por exemplo, unha rede viaria entre elas, porque é onde está a actividade productiva; ou se, pola contra, imos colle-lo mapa de Galicia, traza-las estradas que leva feitas a Xunta e comprobar como non se establecen estradas entre puntos onde a actividade productiva é significativa ou hai que apoiala para que tire da eco-

nomía neste país, senón entre puntos onde ou hai un conselleiro que manda moito ou hai alcaldes que unir por unha estrada de vía rápida ou cousas polo estilo. Pero non acabamos de ver nin neste caso nin noutros que as infraestructuras respondan a unha planificación acorde coas prioridades que saen dun modelo de desenvolvemento pensado para as necesidades deste país. Non o acabamos de ver e non sabemos se iso que se nos di do Plan de desenvolvemento comarcal ten algo que ver con isto ou se só ten que ver co asentamento definitivo da estruturación popular; se só ten que ver coa perfecta definición da rede caciquil electoralista do ano 2000 perpetuadora da institucionalización do poder.

Pero tamén respecto das infraestructuras quixera poñer outro exemplo: o tema RENFE. Hai poucos días a Xunta de Galicia envioulle a este Parlamento e a outros moitos sitios un documento radical, existente con RENFE, sobre as infraestructuras e sobre os investimentos que RENFE tiña que acometer en Galicia para poñermos ó nivel que nos corresponde. Ben é verdade que como a lea que se montou co tema da RENFE foi ampla, houbo que ampliar moito estes requirimentos respecto dos que hai ano e medio se nos enviou, porque hai ano e medio reclamábanse 12 mil millóns en non sei cantos anos e agora, un ano e medio despois, xa son 57 mil os que reclamamos. Eu non sei se necesitamos os 57 mil, os 12 mil ou 100 mil.

Estou disposto e estamos dispostos no meu grupo a apoiar-lo que haxa que apoiar para pedir que RENFE invista en Galicia para poñermos un trazado acorde coas necesidades deste país; o que non estou disposto a facer, nin o meu grupo tampouco, é a ser comparsa dun Goberno que o día 27 de xullo lle acepta redución de servizos a RENFE e, como en agosto se monta un cirio, a primeiros de setembro fai un documento incendiario no que di: “Y no aceptamos ninguna redución de los servicios que actualmente se prestan”. Tomaduras de pelo, non. Reducen servizos internos en Galicia e hai conformidade por escrito, aí está o documento da Consellería de Política Territorial no que hai aceptación por escrito do 27 de xullo. Pero a primeiros de setembro o escrito radical da Xunta remata: “e non aceptarémo-la redución de ningún servizo”, ¿con que nos quedamos? “e ademais pedimos 57 mil millóns”.

Vai chegando o tempo de aborda-los servizos públicos.

Falar de sanidade é falar do fiasco que supuxo a transferencia do INSALUD. Falar de sanidade significa dicir que como había présa por mangonear nos hospitais, como había présa por mangonear nos cadros de persoal, aceptouse unha transferencia do INSALUD absolutamente lesiva para Galicia. O Goberno central non foi xusto con Galicia e o Goberno autonómico foi irresponsable aceptando ese comportamento. E iso significa que hoxe estea paralizada a reforma á atención primaria; que mentres no resto de España a poboación atendida por equipos de atención primaria está no 70%, neste país seguimos aínda no 20%, e iso significa que a atención sanitaria é peor. Na atención hospitalaria a situación non é moito mellor: non hai investimento en equipamento practicamente; as listas de espera non só non melloraron senón que unha vez máis se ocultan, xa que o noso grupo pediu as listas de espera, fixo unha pregunta neste Parlamento alá polo mes de marzo e aínda non se contestou; péchanse centos de camas no verán a pesar de que as listas de espera son máis amplas; átráanse os hospitais comarcais do Barbanza, do Salnés e da Costa da Morte; prodúcese un abandono case total da asistencia psiquiátrica, de tal xeito que algunhas organizacións como o Colexio Oficial de Psicólogos ou a Sociedade de Medicina Familiar digan que a asistencia ós enfermos mentais en Galicia se mantén nunhas condicións de atraso tales que fai que a poboación estea case desasistida. E todo isto pretende taparse con millóns en propaganda, pero a realidade segue sendo a que é, non cambia.

E no tocante ós servizos sociais, como sempre hai que buscar indicadores neutrais. Vou ler algúns parágrafos dun precioso informe do Valedor do Pobo titulado “Ser vello en Galicia”. Dise nesta escolma breve, menor do que pensaba: “A maioría das residencias non están preparadas para facerlle fronte a ningunha caste de sinistro. En xeral hai que sinalar que a maioría dos anciáns internados nas residencias” -estou falando, evidentemente, de servizos sociais, de residencias para vellos- “a penas reciben asistencia xeriátrica nin fisioterapia nin xeropsiquiátrica especializada. Cando a maioría destes anciáns están peor atendidos en materia medio sanitaria é pola noite, a maioría das residencias quedan atendidas pola noite por un

único conserxe. O tempo de espera para obter unha praza é entre 3 e 8 anos. É evidente que moitos anciáns están morrendo antes de ter conseguido unha praza nas residencias”, bastante normal, tamén.

No tema da vivenda, o ano 1993, coas cifras na man, foi o peor ano de toda a historia da Autonomía en canto á construción de vivendas. Hoxe fixo referencia aquí o señor presidente desde esta tribuna ó convenio que asinou cos concellos das grandes cidades para a dotación de solo residencial; normal, porque nesas 7 cidades é onde se atopa o 80% da demanda de vivenda. Pois non hai solo, o convenio non se cumpriu. Este Goberno acostumouse a crer que os convenios son todos coma os das autovías, que non teñen que poñer nada; claro, cando se asina un convenio e hai que facer algo, o convenio non se cumpre.

Respecto do ensino, eu non podo deixar de citar unha frase dun libro da autoría do señor presidente, *de Santiago a Filipinas pasando por Europa*, editado no ano 1988 no apartado “Galicia en la encrucijada” Di este libro falando de ensino: “Si saben comer mejor, vestirse mejor, cuidar la higiene, respetar las reglas de juego, convivir correctamente con los demás y actuar con libertad interior, estarán educados, y si no, no”. Con este concepto do ensino é normal que cando nós queremos que compareza o conselleiro para que nos explique por que a CONFAPA, a Confederación de Asociacións de Pais de Alumnos, di que o 25% dos centros deste país non teñen biblioteca, que o 30% carece de salón de actos, que o 50% non teñen instalacións deportivas ou non teñen laboratorios ou non teñen duchas ou vestiarios, lemos este parágrafo de “si saben comer mejor” e xa nos damos cun canto nos dentes acerca da situación do ensino, aínda que o conselleiro se negue a explicárnola. Aínda onte lía no xornal que o centro Roberto Vidal de La Torre, de Ferrol, centro de FP, vería imposibilitado o comezo das clases porque a Asociación de Pais o vai impedir mentres non se resolvan as graves deficiencias. E cito este caso porque neste Parlamento e por máis dun grupo político se tratou e se propuxo o arranxo de algo tan difícil e imposible como que as prácticas dos alumnos de artes gráficas deste centro non teñan que ser feitas no retrete. E despois de pedilo neste Parlamento, aínda está a punto de empeza-lo curso e os alumnos de artes gráficas de FP de Ferrol teñen

que face-las prácticas no retrete; apoio á investigación e apoio a FP para a innovación tecnolóxica.

Na universidade só vou citar outro exemplo: as titulacións. Montaron follón en Pontevedra por mor da polémica da instalacións da escola de Enxeñería Forestal. Como aquela estaba comprometida para Lugo, caeu un bo día por alí o conselleiro de Política Territorial, señor Cuiña, e dixo: “A Pontevedra o que ten que vir é unha titulación clásica, ou filoloxía ou bioquímica”, tocou filoloxía. Estes son os criterios. Montouse follón en Ourense porque se pechan os primeiros ciclos dalgunhas carreiras e a finais deste curso pasado, este curso académico, físicas vai para Ourense e cabréase A Coruña. porque ela non leva nada e, nesa mesma reunión do Consello Universitario onde se aproba físicas para Ourense, e coa aquiescencia do conselleiro, apróbase biblioteconomía para Ferrol. Santiago cabreouse ó día seguinte da reunión e xa non había máis.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: E aínda así, como en Ourense seguen protestando, o señor conselleiro dille á altura do 20 de setembro ó rector da Universidade de Vigo que poña físicas a funcionar este ano, sen plan de estudos, sen cadro de profesorado, ¡terán aula! Esta é a forma de sacar este país adiante.

Remato xa, señor presidente, cun apunte brevísimo sobre a Administración. Nós temos unha Administración que pretende a vontade do señor Fraga que sexa única, de momento está sendo increíble porque empeza a ser paralela: sociedades anónimas, fundacións, miles de organizacións xestionando os cartos públicos sen ningún tipo de control, e acabará sendo unha Administración perpendicular porque caerá coma un chuzo sobre a nosa cabeza.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate.

O señor CORTIZO NIETO: O señor Fraga ten recordado tamén nun libro, do que protagoniza parte, que Hegel dicía -son palabras, insisto, do señor Fraga- que a historia é o xuício universal e que non xulga ata o xuício final, por iso ten esa sensación de impunidade e fai todo o que fai, e pasa e desprezia amplamente este Parlamento, porque segue a Hegel, neste caso.

Pero nós responderemos con algo máis español: “Cuan largo me lo fiais”, que lle dicía don Juan a dona Inés, e dona Inés non é Galicia.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o representante do Grupo Parlamentario Popular.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, é obvio que nesta Cámara escoitamos tres discursos e que calquera parecido entre eles é pura casualidade. O discurso do señor presidente que, por certo, e ó meu criterio, a criterio do Grupo Parlamentario Popular, é un absoluto compendio de respecto á Cámara, nada oculta, nin tampouco das súas intencións de Madrid, e sobre iso volveremos. Ten, ademais, dúas condicións que eu quero resaltar, dun lado é globalizador, non xoga con retrincos, con afirmacións parciais, entresacadas, senón que mira a Galicia enteira e, en segundo lugar, é realista, enormemente realista.

Arranca dunha Galicia de vella historia, de lingua e cultura propia, que aquí esquecen outros, cuns sectores económicos en franco desenvolvemento, necesitados aínda de dinamización -e así é recoñecido-, que forma parte da España común -xa verémoslos criterios doutros- coma un crisol no que se integra a nosa recia personalidade pero que non por iso padece, senón que resulta garantida polo teor desa propia Constitución. Un discurso que considerou con auténtico realismo o outro pólo no que está inserta Galicia, a Europa comunitaria, e está inserta -e recálcollo, señorías- non só xeograficamente senón por historia e por vocación. Unha historia, diría eu, a historia recente, tamén de curso imparabile, que a fin de contas logrou alterar tres factores esenciais do noso contorno que tamén se esqueceron e o discurso do presidente recordou. Un deles, o fenómeno que chamamos mundialización do mercado, outro a alteración do mapa político europeo, e o segundo a alteración do mapa político de España.

Ninguén ignora na rúa, salvo versións interesadas nesta Cámara, que se producen nun contexto que non se sabe a onde nos leva, a que paraxes ignoradas nos poden conducir, que é imposible militar no illamento ou na atarquía, que hai unha interdependencia abso-

luta que nos leva a ese fenómeno da mundialización do mercado, evidentemente transcendente á hora de deseña-las nosas políticas.

En segundo lugar, cando eu falo da alteración do mapa europeo non estou a referirme a eses ventos de renovación que arrumbaron con aquel telón de aceiro -xa é vello pasado este feito- senón que estou a referirme a esta nova Unión Europea, ampliada e máis estreita, que comporta, dunha banda, maiores obrigas pero que, por outra banda, comporta tamén maiores posibilidades de desenvolvemento e de homologación coas rexións máis avanzadas de Europa.

A alteración do mapa político de España tampouco ignoran as súas señorías que ten un motivo absolutamente determinante. A un Goberno que por máis de dez anos foi sostido pola maioría absoluta, sucedeu outro Goberno, minoritario obrigado a buscar circunstancialmente os pactos con terceiras minorías, nunha dinámica que ó noso criterio dificilmente lle vai permitir protagonizar ou garanti-lo pacto constitucional no eido autonómico desde os puntos de vista dos valores irrenunciabes da solidariedade e da xusticia, e quero ser máis claro por se algunha señoría non logrou entenderme aínda.

Os pactos de contido último publicamente ignorado do Partido Socialista con Convergencia e Unió para sosterse no Goberno, e episodicamente tamén co Partido Nacionalista Vasco, é o certo que crearon na conciencia das comunidades autónomas, nas demais, o lastre de privilexios que non foron confesados ou de esixencias satisfeitas máis alá deses principios que eu resaltaba da solidariedade e da xusticia. Son tres desafíos, no criterio do Grupo Parlamentario Popular, expostos ante Galicia, que o único que asumiu e intentou, dalgunha forma, controlar, resaltando o marco no que eses desafíos debían atopar xusta solución, foi o discurso do presidente, os demais discursos ignoraron estes tres fenómenos como se con Galicia non fose nada do que estou dicindo.

Son curiosas as críticas aquí escoitadas e eu pregunto publicamente na Cámara se todo isto que acabo de resaltar é banal ou indiferente para Galicia, se a mundialización do mercado é absolutamente irrelevante para esta terra e non nos obriga a calibra-la nosa propia competitividade acelerada e, en definitiva, di-

namiza-la nosa propia economía. Se estas non son as formas únicas, pregunto, señorías, de participar nese fenómeno de xeito rendible e activo, non pospoñendo o noso desenvolvemento ou intentando un illamento absolutamente suicida. Ee sigo preguntando se é indiferente ou irrelevante para Galicia participar nas decisións da Unión Europea na que estamos insertos en materia como agricultura, como gandería.

Non hai moito, as críticas sobre a pretendida regulación do viño exhibíronse nesta Cámara e exhibíronse reiterativamente en público en temas como a pesca, o reparto dos fondos comunitarios, sexan Fondos Estructurais ou sexan Fondos de Cohesión Social. Pregunto se Galicia ten que manterse de costas a esta realidade ou, pola contra, debemos mante-la pasividade, porque de todo hai, ou as críticas absurdas ou os laios, ou temos que afronta-lo desafío, que foi o que fixo o discurso do presidente.

Eu pregunto se é indiferente ou banal para esta terra participar nos grandes temas que afectan a España e, especificamente, na planificación económica. ¿Ou non son importantes os principios da solidariedade e do reparto xusto entre as comunidades autónomas? ¿Interesa crear foros onde o exercicio do dereito á defensa dos nosos propios e lexítimos intereses acade o eco necesario ou, pola contra, temos que militar de costas a toda iniciativa, a toda participación, esperando pasivamente as decisións que outros, desde a distancia do centralismo, absolutamente inxusto en múltiples ocasións, nos queiran inflixis?

O discurso do señor presidente tentou, como as súas señorías recordarán, no medio das críticas da oposición, dar resposta a estes tres desafíos da única forma lóxica e posible, intentando que Galicia sexa protagonista da súa propia economía, da súa propia cultura, en definitiva da súa propia historia, como diría o filósofo liberal recentemente morto estes días, Karl Popper, por contraposición á teoría do caos que outros defenden.

Galicia ten que estar presente alí onde se producen as decisións que nos afectan para axudar a conducilas e a defende-los nosos intereses. De aí, as propostas do presidente: primeiro de territorialización do Senado, segundo de creación da Conferencia dos presidentes, tanto do Goberno central como das comunidades au-

tónomas, de creación dun verdadeiro Consello Económico e Social, de elaboración e aprobación dunha lei que, no ámbito interno de España, garanta a presenza de Galicia alí onde se toman as decisións europeas, onde, polo tanto, poidamos defende-los nosos problemas do viño, os nosos problemas do leite, os da gandería, os da pesca, en xeral os da agricultura, o reparto dos fondos, e todo iso que para o noso desenvolvemento interesa e, desde logo, que nós nunca rexeitaremos. Pensa-lo contrario é estar en babia ou, como diría Sartre, estar entre o ser e a nada. Espero que nesta Cámara tal non exista.

Quero dicir, en definitiva, que non é ningunha sorpresa, como alguén intentou esgrimir, que por parte do presidente da Xunta se diga que estas son as teses ou se intúa que estas son as teses que vai defender no Senado. ¿Pretenden as súas señorías que no debate sobre o estado das autonomía a nivel español a ese Parlamento se lle oculten cales son os designios e propósitos do grupo maioritario da Cámara encabezado polo seu presidente? As súas voces alzaríanse denostantes, como moitas veces fixeron, se realmente tivesémo-la tentación da ocultación. Pero, a maior abundamento, non falen de sorpresas, non falen de falta de convenio, de falta de concordia, non falen de falta de negociación, estan anunciadas as propostas no propio discurso, mañá serán presentadas solememente ante esta Cámara e as súas señorías terán ocasión de debatelas, de matizalas, de face-las súas contrapostas, en definitiva de face-lo que crean oportuno e, ó final, asumilas ou non asumilas. É así como se xoga limpo e, polo tanto, os seus criterios, denostacións e críticas, neste caso, permítanme que lles diga que están absolutamente fóra de lugar.

Aquí non procede falar diso, afirman. ¿Pretenden a ocultación, acaso? ¿É que isto non é relevante para Galicia? Acabo de facer unha serie de preguntas e a súa resposta non pode ter máis que unha dirección, segundo acabo de indicar. Se as súas señorías teñen outra resposta, díganme e díganla publicamente, sería transcendente que os cidadáns se informen de que non interesa a sorte de Galicia no concerto das comunidades autónomas de España ou a sorte de Galicia no concerto das nacións da Unión Europea.

Dito isto, é obvio que o señor presidente dedicou longos esforzos, brillantes e nítidos esforzos, a perfi-

lar cal debe se-lo marco en que se ten que desenvolver Galicia. É notorio que sen un marco xusto, de convivencia e participativo con España e coa Europa comunitaria dificilmente poderemos falar de progreso, porque é aí onde están as nosas referencias, inexcusablemente. Pensen as súas señorías que nin a agricultura nin a gandería nin a pesca nin a industria poden ter outro punto de referencia que non sexa o resto de España e que non sexa Europa, e aí están -insistosos seus precios como referencia, as súas materias primas, os seus mercados, incluso o seu mercado de traballo, que actualmente ten unha regulación na Comunidade Económica Europea, na Unión Europea, semihorizontal.

É máis, señorías, referíndonos ó sector do leite que tantos debates leva ocasionado nesta Cámara, sen dúbida ningunha pola preocupación xeneralizada dos grupos parlamentarios e, sen dúbida, por sensibilidade de cara a ese sector gandeiro, polo que todos sentimos simpatía dado o peso específico que ten dentro da economía de Galicia, o certo é que, en primeiro lugar, teño que rexeitar esas acusacións demagóxicas que en ocasións se verteron de que o Goberno Fraga algo tivo que ver co sinalamento da cota inicial do leite. Non foi así, durante o período do Goberno Fraga a cota do leite incrementouse nun 70%, pasando de 900 toneladas en números redondos a 1.540, sen que isto sexa a nosa meta. Por ese camiño seguimos para efectos de incrementa-la nosa participación nese mercado. Pero o que quero dicir ante as súas señorías, despois deste exordio, é simple e exclusivamente a verdade: que o marco europeo frecuentemente denostado, e con razón, nesta materia, constitúe, a pesar de todo, garantía desa cota e garantía dun mercado sen o que o propio sector leiteiro sería totalmente inviable. Créanme as súas señorías que isto é así.

Direilles que o sector servizos, e especificamente o turismo, no que tanto ten que dicir e leva dito Galicia contra algúns agoireiros, ten o seu gran nutriente xustamente no resto de España e tamén en Europa, sen prexuício doutras presencias que a esta terra acoden, pero é aí onde masivamente témo-los nosos visitantes. E eu díralles ás súas señorías, recordando as palabras do presidente, que os nosos verdes -que afortunadamente subsisten porque se controlaron os incendios forestais- ou o noso patrimonio ó que alguén quixo aludir pexorativamente en canto á falta de

coidado -o noso patrimonio monumental, numeroso e admirable, que constitúe a esencia mesma da historia de Galicia ata o punto de que podemos afirmar que esta terra ten máis escritas ou tan escritas as súas vivencias en pedras como en letras- ou ese secular Camiño de Santiago, símbolo da vella Europa, patrimonio da humanidade, crisol de culturas, constitúen outros tantos atractivos que de cara a esta terra orientan masas, orientáronnas no 1992 de xeito crecente, no 1993 por razóns que todos coñecen e no 1994 de xeito inmensamente superior ó que acaceu en 1992.

Fronte a isto, señorías, non me queda máis remedio que referirme ós discursos da oposición, evidentemente, porque son a contraposición ó que eu defendo. En consecuencia, a impugnación de determinados asertos, será ou é a condición indispensable, ó noso criterio, para que reluza a verdade do discurso do presidente.

Quero dicirle, en primeiro lugar, señor portavoz do Grupo Socialista, que o conselleiro de Educación estaba disposto a comparecer e que se este grupo vetou a súa comparecencia foi en aras de que a petición non é como vostede di, que explicase o inicio do curso, senón que vostedes literalmente escribiron, na demanda desa comparecencia, que explicase o conflito xeral no que estaba imbuído o sistema educativo galego, ou a educación en Galicia. Non había tal conflito xeral, calquera observador minimamente imparcial e subxectivo sabe que ese tipo de explicacións non proceden cando non exista causa e porque, ademais, son en sí mesmas, por razóns metafísicas como vostede di, absolutamente imposibles.

Eu quérolle recordar á súa señoría, decididamente, que o Plan de desenvolvemento rexional pasou pola Comisión de Facenda, foi debatido e brillantemente aprobado; non entendo como di a súa señoría que nós non logramos resumi-los libros brancos para os levar ó debate deste Parlamento. Si que se levaron e, naturalmente, aprobados, e o plan está en vigor, créamo vostede.

En canto ó modelo de autonomía eu comprendo as súas dúbidas. Aquí díxonos que ía máis alá das nosas propias propostas, eu estou esperando o día de mañá a ver se, efectivamente, de tal xeito así nos sorprende, e créame que recibiría un aplauso deste portavoz pero,

naturalmente, en nome do Grupo Parlamentario Popular. En todo caso, o que lle quero dicir é que terá ocasión de debate-las nosas, ocasión de presenta-las súas, ocasión, polo tanto, de confrontalas e, en definitiva, teremos ocasión de que vostede se sume a ese consenso que parece pretender nesta sala.

En canto ós pactos presupostarios aceptámo-la súa oferta, pero non confunda a oferta de pactos coa imposición dos criterios das minorías.

Polo demais, ¿eu que quere que lle diga? Xa entramos en materia máis decididamente, pero vostede parece non saber nada, porque non sabe nada nin do plan de electrificación nin do plan de estradas nin do Plan de comarcalización; parece vostede enemigo da prensa e enemigo do Parlamento. Aquí houbo explicacións e a prensa destas cousas publicou, invítoo a ler, aínda que só sexan as actas deste Parlamento.

Digamos, en definitiva, señoría, con todo o respecto e deferencia, que eu non atopei no seu discurso unha liña conductora, si atopei unha suma de episodios, de circunstancias coas que quixo compoñer un puzzle, crear unha imaxe absolutamente negativa nesta Cámara, imposible de erradicar ou, mellor dito, imposible de impugnar polas múltiples afirmacións apriorísticas de ton xeral, de banalidades perfectas que non constitúen nin liña programática de Goberno nin responden nin supoñen ningunha contraposición ó modelo de autonomía deseñado no discurso do presidente e que nós temos, naturalmente, na nosa mente.

Direille á súa señoría que todas esas denuncias que fixo o único que poñen de manifesto, ó meu criterio, é a versatilidade de se os retrincos son múltiples e en moitos campos. Mínimos, eu diría que absolutas minucias, e quizais detrás deles pretendeu a súa señoría ocultar o que é o seu verdadeiro modelo de autonomía. É máis, a súa confesión aquí foi absolutamente clara cando di que non sabemos, ó mesmo imos máis alá ou nos quedamos máis acá, o mesmo non nos vale ese modelo de Senado ou o mesmo o presentamos. Comprendo que despois de tanto tempo vostedes non teñan aínda discurrido cal é o seu modelo de autonomía; comprendoo se ponderamos sincera e claramente aquelas palabras que un moi ilustre portavoz socialista dixo referíndose ó seu congreso, celebrado en febreiro deste propio ano, pero cunha sinceridade

que eu aplaudo desde o fondo do corazón: “os socialistas galegos recoñecen que ata agora teñen actuado con frecuencia como escudo protector do Goberno do Estado en detrimento dos intereses de Galicia “-dixo así literalmente-. E logo vostedes recolleron isto, tamén literalmente, no seu relatorio-marco. Eu comprendo as posibilidades e os propósitos de emenda que poidan existir pero, certamente, con estes precedentes comprenderá que o seu discurso non ten gran credibilidade, dito -insisto- con total cordialidade.

Eu diríalle á súa señoría que non se poden esquecer responsabilidades que lles competen desde o Goberno da nación, que non llas vou recordar, sería recordarlhas inutilmente, esterilmente, por terceira ou por cuarta vez, pero que eses factores macroeconómicos son os que determinan a gravidade das crises e o incremento do paro. Iso é así. Eu se quere refírome á última acción acometida por vostedes mesmos cando, dun xeito inexplicable, elevaron tarifas telefónicas, elevaron carburantes -especificamente a gasolina-, incidindo negativamente no punto de inflación e poñendo en perigo a incipiente recuperación económica deste país. É dicir, dito todo isto, non confesen vostedes responsabilidades exclusivas dunha autonomía botándose da parte de fóra porque isto, nos seus propios termos, é absolutamente inadmisíble.

Eu quérolle dicir a vostede que Galicia, señor portavoz, creceu e mellorou a ollos vista a pesar das dúas grandes fronteiras que tivo que vencer, as súas propias dificultades internas e mailas que outros lle impuxeron -insisto- desde un centralismo frecuentemente inxusto.

No discurso do presidente -eu quero insistir- hai seriedade, hai realismo, hai obxectivos claros, hai horizontes definidos, hai credibilidade, en definitiva. Isto xustamente, señor portavoz, dito con absoluta sinceridade, é o que boto en falta no seu discurso. A partir deste momento, naturalmente, correspóndelle a rolda a outro grupo parlamentario.

Nós non alcanzamos a percibir, nin moitísimo menos, cal pode se-la liña conductora do grupo nacionalista exposta desde esta tribuna, ignorámola absoluta e totalmente. As razóns ata poderían ser tan absolutamente obvias que me aforrasen a min mesmo dicilas. Falouse, quizais excesivamente, dun mesmo. Falouse

da relación con persoas determinadas. Falouse de como se sae da casa, de como se chega ó traballo, de que lecturas se teñen ou onde se vai de vacacións. Falouse de Brión, falouse bucolicamente do pasado, parece que botando en falta aquelas explotacións de escasísimas vacas absolutamente irrendibles, da vaca pola corda. Claro, desta forma a nós énos ben difícil atopar-la liña discursiva que aquí se lle tratou de imprimir á postura do grupo nacionalista. Eu efecto, agora xa coñecemos mellor o concello de Brión, pero importaba coñecer-las súas teses sobre Galicia e non tan só as súas denuncias, que tamén foron episódicas, circunstanciais, referidas a pormenores, quizais a falta de cereixas, etc.

Eu quero relaxa-lo discurso do señor presidente, observar que soubo centrar perfectamente a situación de Galicia no seu marco relacional, sen o cal é imposible absolutamente facer ningún deseño serio de proxecto, de Galicia, de país. Un marco relacional que comprende o que chamámo-la España común, por máis de 500 anos común, e a Europa comunitaria -insisto- na que estamos non só xeograficamente senón por vocación e por historia. E preguntome, ¿é nese marco no que cabe busca-la convivencia, tanto política como económica de Galicia, alentando desde o interior do mesmo os esforzos creativos dos galegos, o seu traballo, a súa capacidade de crear riqueza, en definitiva o benestar? ¿Ou é ese marco o que hai que romper para ir buscar outros pagos ignorados -nós non sabemos onde poden estar- e, en definitiva, adentrarnos nun mundo descoñecido do que ignoramos tamén os seus horizontes?

Sabemos que vostedes teñen, evidentemente, ansias de autodeterminación e independentismo. É lexítimo, non o imos discutir desde esta tribuna, só iso faltaba, ese é o seu problema, pero, reitero unha vez máis, dígasenos. Se nós, se Galicia, se estes señores deputados descoñecen os obxectivos finais do seu modelo autonómico, toda discusión, toda oferta de remedios e ata toda denuncia convértese en algo absolutamente alleo, estéril e utópico, carece de marco, carece de punto de referencia no tempo e no espacio.

Querolles dicir ás súas señorías que os afáns de independencia predicáronos clarísimamente o 25 de xullo cando criticaron agremente -coma tódolos anos, non estou falando dun ano, tódolos anos- a

Constitución porque afirman as súas señorías que nega o dereito á soberanía nacional, e logo despois fixeron unha afirmación, ó meu criterio máis reveladora aínda, cando dixeron que o Bloque non ten ningunha fe nos españois.

(O señor Beiras Torrado: Castelao. Cita de Castelao).

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE:

Evidentemente, deixando claro que vostedes non son españois ou, cando menos, non se sinten tales. Esta é a afirmación contundente.

Contra Europa vostedes terminaron dicindo nun programa, e por escrito, que a adhesión do Estado español á CEE supuxo para Galicia a integración forzoza que xa está a induci-la desintegración máis gravosa, desvertebradora e aniquiladora, expoliadora e salvaxe, así de literal. Fácil é colixir que esta expresión non se refire ás episódicas ou incluso de fondo, terriblemente de fondo, dificultades que puido supoñer unha mala negociación de adhesión, senón que é unha filosofía de exclusión terminante. Así o confirman tamén as citas reiteradas que fan de Galicia como colonia ou cando vostedes din que no punto da transición da longa noite de pedra celsoemiliana, iso que citan con tanta reiteración, seica agravou a crise entre o réxime fascista maila postmodernidade no novo réxime constitucional da actual restauración borbónica. No seu programa din todas estas cousas. É dicir, a vostedes parece que non lles satisfai nin a Constitución nin a restauración borbónica nin Europa.

Ben señorías, eu podía seguir na cita, incluso aludindo a aquelas referencias específicas que vostedes por escrito plasmaron tamén con absoluta solemnidade, coa solemnidade dun programa, cando recriminaban tremendamente a quen falaba de que o illamento podía conducir ó terceiromundismo. Vostedes acabaron dicindo terminantemente -á parte de chamar imbéciles, etc.- que cando a estulticia dalgún político nos ameaza denigratoriamente con asemellarnos a países africanos e terceiromundistas, tomados como referencia pexorativa, mal sabe que terceiro mundo xa somos. Esta é a súa afirmación. "Dos africanos negros só nos diferencia esencialmente a cor física da pel." ¡Dolosa afirmación! O Grupo Popular cre que a pel non diferencia esencialmente ós homes, cre que todos

son esencialmente iguais, pero tamén o que cre o Grupo Parlamentario Popular é que Galicia ten unha lingua e unha cultura propias que a vinculan a España e a Europa e non a África, señores do BNG. Nós non somos terceiomundistas nin xeográfica nin económica nin culturalmente.

Así, pois, eu conclúo preguntando se a vocación do BNG é o independentismo. É lícito, díganos aquí desde a solemnidade desta tribuna. Digannos vostedes, unha vez conseguida a independencia, a onde imos. ¿Cal é o noso marco relacional? ¿É España, Europa ou nada disto? ¿Cal é o noso modelo económico? ¿A quen nos vinculamos? ¿Ó modelo que di a Constitución ou ó que predicán os seus relatorios, que aínda son resabios do marxismo?

As respostas claras son esixibles sempre polos grupos parlamentarios. Se queren que este grupo parlamentario maioritario lles outorgue a vostedes a credibilidade do señor que aquí é leal coa postura que logo no seu interior defende, díganos aquí con absoluta claridade porque, en caso contrario, insisto unha vez máis, non creremos que todo isto que se nos acaba de dicir, que se nos acaba de pintar, carente de marco de referencia, carente de punto de referencia, carente de marco relacional económico, carente, en definitiva, ata de marco culturalmente referencial, intentando pechase nos mesmos tralo escudo da independencia, todo isto é lonxano, utópico e alleo a Galicia. Non se pode construír un edificio sen terreo nin unha tese sen hipótese nin un programa político sen marco relacional. Eu quéroilles dicir, señores, e xa o dicía Schopenhauer, que non hai ningún vento favorable para o que non sabe a que punto dirixirse.

A realidade económica da actual Galicia comporta quizais unha observación o suficientemente clara como para poder dicir, señor presidente, que non se sospetaba cando comezou o seu mandato. Nin no discurso do presidente nin no discurso deste portavoz nin no credo do Grupo Parlamentario Popular está ningunha afirmación que veña supoñer un canto idílico á situación actual de Galicia: nin nos satisface economicamente nin nos satisface socialmente nin nos satisface culturalmente, as nosas metas están moito máis altas. Non se confundan, señorías, e non veñan acusando aquí do que non deben acusar.

Pero eu dígolles a vostedes que é absolutamente lícito, total e plenamente lícito, e ata obrigado, que reflectamos con claridade e coa humildade de quen rende contas ante o pobo, os logros conquistados como fitos que marcan o camiño da esperanza, tal e como o teñen percibido e acreditado os cidadáns galegos porque, non hai moito, e tampouco é cantar triunfalismos onde non existen, é reflectir realidades, nese histórico 1993, ano xubilar, non é que lle reiterasen a vostede, señor presidente, a súa confianza, aumentáronlla, vendo, sen dúbida, o esforzo leal de catro anos singulares para esta terra que acadou prestixio e atopouse a si mesma nas vías da normalidade institucional e dunha evidente autoestima. Esta confianza dos galegos é, señorías, o máis sensible e inapelable termómetro sobre o estado desta nacionalidade histórica que segue alumeando esperanzas e futuro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señorías, esta mañá alguen comentou se eu errara o discurso por falar aquí de temas que indubidablemente terán que ter reflexo nun próximo debate no Senado da nación. Eu estou seguro de que se non trouxese aquí estas cuestións, ó Parlamento galego, se me reprocharía por non facelo, porque cuestións institucionais de alto bordo non foran presentadas aquí.

Tamén se dixo que non había nada novo nas propostas, e é verdade e non é verdade. Efectivamente, as persoas serias, os grupos serios, en política non están cambiando de tocata constantemente. Nin é lóxico que se espere dun produtor de viño que diga que este ano o viño branco é rosado ou que o rosado é tinto, o que hai é que face-los viños cada vez mellor.

Eu digo que cando se presentan cinco volumes con catro anexos, un xogo completo de propostas para a creación do Estado autonómico, parece que a Xunta debe merecer algunha atención e, por outra banda, é lóxico que o Parlamento queira debatelo. Non é a primeira vez que o traio aquí, por iso ninguén pode falar de sorpresa ou de improvisación, pero, en definitiva, eu con moito gusto paso a responder algunhas das observacións porque, naturalmente, foron moi numero-

sas e moitas están respondidas xa brillantemente polo portavoz do Grupo Popular.

Eu teño que dicir que contesto con moito gusto ás observacións do señor portavoz do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, home que nos ten afeitos a unha arte que é a da excentricidade, que eu non censuro, máis aínda, eu traballei por este país en Inglaterra, onde os excéntricos teñen unha certa consideración, naturalmente dentro dunha orde. O que quero dicir con isto é que hoxe nin se petou co zapato nin se vestiu de indio bravo, pero se fixo unha narración dunha Galicia que realmente non ten que ver coa realidade. Penso eu, en todo caso, que se escolleron mal os exemplos, porque eu tamén vivo na periferia por esa parte, vivo en Roxos, eu tamén falo cos paisanos, tamén vou a misa a Vilvestro, teño ocasión de conversar e tamén teño algunha avaría na luz, de vez en cando. Creo que se se falou esta mañá de exceso de optimismo, o pesimismo negro do señor Beiras paréceme que ten pouco que ver coa realidade. E repito que escolleu mal os exemplos porque, con respecto ó das vacas, nunca houbo tantas nin tan ben coidadas nin tan sas, nin un Goberno que non deixou -como se fixo nalgún momento con LARSA- que se estivese dous ou tres meses sen pagar, que afrontou o tema das cotas nun momento en condicións dificilísimas e que, en definitiva, pode dicir que neste momento máis ben se propaga o bo leite.

Por certo, nunha revista que sen dúbida le o señor Beiras e que eu leo tamén, porque eu aprendo tódolos días, interésame todo -logo falaremos das verdades absolutas que teñen algúns sedicentes revolucionarios-, na revista *A Nosa Terra* había un artigo na última páxina sobre as vacas, eu crin que era un artigo de humor, porque se criticaban as vacas saneadas, criticábanse as razas modernas das vacas, díciase que se destruía con elas o labrego tradicional, que eran vacas caras e que había que volver ás vacas tuberculosas (*Interrupcións*). Eu, desde logo, unha vez que comprobei que non era un artigo humorístico pareceume que, efectivamente, xa se poderían aplicar outras medidas. Non hai retroceso neto de Galicia, ó contrario, é un progreso evidente, non tan rápido como quixésemos, pero os datos que dei esta mañá e que manteño, e despois repetirei comentando algunhas observacións humorísticas do señor Cortizo, os datos aí están, son datos públicos e recoñecidos, son interpreta-

cións das institucións máis respectables, como FIES ou o servizo de estudos do Banco de Bilbao, etc., e, polo tanto, a eles me remito.

E despois, evidentemente, aquí fixéronse afirmacións que, como é lóxico, convíña a medir un pouco, porque se dixo, por exemplo, que nunca houbera ningunha reunión da Comisión de seguimento do Plan forestal. Houbo varias sesións no que vai de ano, polo menos tres. Houbo información da Consellería, información dos sindicatos agrarios e asociacións forestais, información de tódolos representantes do sector. É evidente que, polo tanto, non se pode dicir iso. Tamén creo que será un exemplo mal tomado porque, efectivamente, se hai algo polo que neste momento estivo Galicia todo o verán en tódolos medios de información do país, con gran satisfacción para nós e dando moitas grazas a Deus pois, efectivamente, foi o tema da superioridade da nosa política forestal.

Falouse da concentración parcelaria. Fálase a miúdo das campañas de concentración parcelaria, estase a face-lo que nunca se fixo, estase traballando seriamente, estase a mellora-lo sistema; polo tanto, creo que os exemplos se tomaron mal. Como o do viño, o viño non vai tan mal, hai unha política de loita contra a proposta europea, pero é evidente que en cantidade e en calidade, por obra xustamente deses denostados consellos reguladores, neste momento os nosos viños brancos son os primeiros de Europa, como tal se recoñecen, os precios que teñen son considerables e aumenta a produción. Eu estiven dúas veces nunha bodega de Cambados en tres anos e están a dobra-la produción, e así sucesivamente.

Estradas, ferrocarril, teléfonos, non parece que vaian por mal camiño, pero, iso si, en cambio estase a mata-la alma do pobo. Nunca se fixo tanto e tan eficaz pola cultura galega en tódalas ordes, e como é natural faise de acordo co que o pobo quere. A democracia non é só Goberno para mellora-lo pobo coas miñas ideas; é Goberno -como dixo Lincoln- do pobo, para o pobo e co pobo. Falar neste momento duns pactos secretos cando precisamente non é a especialidade da casa, pero que proban precisamente, co ambiente de diálogo institucional sempre que é posible, paréceme que tamén é unha formulación que non se pode tomar en serio.

O revolucionario que posúe a verdade fronte os demais sistemas que son insensatos, non importa que teñan a maioría, é unha figura que, desde logo, non é propiamente democrática. E xa que Platón foi citado en tantos dos seus escritos, todos importantes, eu sigo crendo que o mellor dos escritos de Platón, precisamente non é *A República* nin son *As Leis*, é demasiado novo na primeira, demasiado vello no último, é *O político*, que eu recomendo, aínda que seguramente a erudición do señor Beiras xa o coñece, porque é un libro onde se expón este problema, de como non habendo pastores divinos que coiden dos homes, os homes teñen que aprender a gobernarse ós uns ós outros, sen prepotencia, sen pretensións, sen impoñer ningunha verdade.

Fixo diferenciación entre cidadáns e súbditos. Mire, na democracia, como cidadáns todos participamos directa ou indirectamente en face-la lei, pero, feita a lei, todos somos súbditos dela e toda idea de democracia que supoña que a lei non vale e que precisamente a lei ten que ser interpretada por cada un e que un pode ser insubmisos dun tipo ou doutro, non ten nada que ver nin coa Constitución do noso país nin coa idea filosófica da democracia.

Falouse do grupo Álvarez, detívose moito tempo o señor Beiras nun problema interesante e respectable, pero eles non ignoran que os seus problemas se van resolvendo e que non foi por demagogia nin foi pola acampada, foi simplemente porque se fixo unha política adecuada.

Secuestro de información. A min isto paréceme unha broma pesada, porque se hai alguén que teña ocasión tódolos días de demostrar que non é así é, evidentemente, o señor Beiras e o seu grupo. Falou do terror. Sería o *Terror dos mares*, aquel famoso barco dos chistes, pero, efectivamente, eu creo que neste momento falar en Galicia de restricións á información é pouco serio.

Díxose igualmente que nós falamos por atavismos de Madrid, cando as autonomías, e certamente a galega especialmente, necesitan un marco claro no que actuar. Falouse un pouco do interior. Ben, as deputacións, que algúns odian e quixeran suprimir, son órganos constitucionais. Sobre as comarcas, por primeira vez na historia da Autonomía está a traballarse seria-

mente, hai 20 en plena organización e, por outra parte, neste momento, por unha iniciativa brillante do Consello de Política Territorial, nos temas de urbanismo -antes de chegar a ningún pacto especial, porque eu non creo nun pacto local, creo nun pacto autonómico xeral, xa se está a falar institucionalmente- está o decreto preparado para cederlles ós municipios estas competencias.

Pero hoxe falou aquí de dúas leis a punto de chegar ó Parlamento, a Lei de ordenación do territorio e a Lei do réxime local. ¿Como se pode dicir que non nos ocupamos destes temas? Din que estamos desmantelando a Autonomía, pero eu creo que nunca tanto pesou a Autonomía galega, nin cara a dentro nin cara a fóra, o peso da Administración é real e o prestixio que imos adquirindo é importante.

Desprecian as formas de incorporación á sociedade civil. Din que só as formas burocráticas son as boas, mesmo chegan a falar con desprecio do voluntariado social, cando nunca -repito-, nunca os grandes problemas da atención ós vellos, os grandes problemas da protección civil, os grandes problemas da atención ós nenos se resolverán sen esa cooperación do voluntario social. Evidentemente, sen el non imos a ningunha parte.

Eu me temo, despois dos exemplos que puxen, e do famoso asunto das vacas, que non é o famoso de un millón de vacas, que o oportunismo combinado cun certo fundamentalismo pseudorevolucionario produce unha mestura explosiva que, afortunadamente, propende a estoupar nas mans dos que a usan.

E quero contar un recordo dos últimos meses. Aquí, da man dun distinguido representante do seu grupo, falou das fragas do Eume. Despois chegou o debate de distintos concellos, nun sitio dixeron que era moito, noutro que era pouco e no concello de Pontedeume, que no fondo terían que votar, como non o querían non votaban o plan. Evidentemente, nestas condicións comprenderá que é difícil tomar en serio as excentricidades.

As verdades non son absolutas, en política hai que falar delas con humildade. O querer dar leccións a todo o mundo sempre é perigoso. Eu creo que mesmo os concilios, ou se discuten moi a fondo as súas declaracións, ou afirmar que se está en posesión da ver-

dade é moi perigoso. Había nas cortes medievais un persoeiro que era o bufón, que era o que sabía a verdade sempre. Mestura de tolo e de pallaso, podía dicilo que quixera, só para facer rir, como era natural. Pois ben, eu afirmo que neste momento imos deixalas verdades para o que quere o pobo, e o pobo finalmente, que non é parvo, porque sabe cando hai un precio do leite que lle convén, e sabe perfectamente cando, por outra parte, funcionan os teléfonos rurais, que algúns din que non os hai, e cando se fan os camiños e as concentracións, evidentemente, o pobo ten razón e aplícase aquilo de *Vox populi, vox dei*.

Do mesmo xeito, agradezo a intervención do señor voceiro do Grupo Socialista. Espero que non lle sorprenda, porque creo que fixo un comentario de que o meu discurso tiña sempre a mesma estrutura -evidentemente, un discurso estruturado ten que ser pensado e partir dos mesmos principios e ideas-, que evidentemente algo de contraposición con isto é que xa coñeceramos catro voceiros en menos de un ano; cando se elixe o quinto, eu creo que haberá moi bos motivos para reclamar un posto no libro Guinness dos records.

Ben, o portavoz necesita voz e é evidente que o honorable deputado señor Cortizo a ten, e despois algo ten que achegar, o cal non parece o caso. Fálase de parálise xeral, supoño que queredo dicir progresiva, que como fase ten todo o picante que eu lle quería dar. Falou da auga imantada, e volvo dicir que ó galego a auga imantada, el que sabe moi ben onde lle aperta o zoco, e que sabe moi ben -repito- onde están os camiños, onde están as escolas e cal é o precio do leite, e os teléfonos, etc. que é o que conta, pois eu teño que a auga imantada non lle vai moi aló.

En todo caso, temos sempre o mesmo discurso. O meu tiña dúas partes, unha de propostas sobre o estado autonómico, outro detido e apoiado nunha documentación importantísima, pero non deses datos que se ocultan, senón coas fichas de cada expediente, cos datos. Alguén lle chamou a isto a pedrea, ben, iso é dar conta, dar conta da pedrea dos millóns ou dos centos de miles de millóns que van e para que proxectos. Pois ben, se falamos de realizacións non hai proxectos e se falamos de proxectos onde están as realizacións.

Señor Cortizo, claro que hai problemas, claro que os haberá sempre, claro que non está todo feito, pero eu creo que se está no bo camiño, o importante son as tendencias. No famoso libro de Dickens, lembro aquel persoeiro que lle di a un amigo mozo: "Meu amigo, se ti ganas mil libras ó ano e gastas mil e unha libra, acabas no cárcere, acabas na cadea; se polo contrario gañas mil libras ó ano e aforras unha e a pos a interese composto, acabarás por ser rico". Pois ben, os datos indican que estamos na boa dirección.

O señor Cortizo mencionou a FIES. Os datos de FIES impresos téñoos eu aquí, porque os datos do 94 aínda non se coñecen, e mesmo algunhas interpretacións do que pode pasar esperaremos a fins de ano para coñecelas.

Estes son os datos da FIES do ano 1993:

Taxa real de variación do PIB: España -1,13, Galicia 1,20. Polo tanto non é un punto máis, son máis de dous puntos máis de diferenza.

Taxa de variación do PIB por habitante: Galicia 1,34 máis, fronte a 1,36. Son os reais, porque os nominais en pesetas do ano serían 7,21 e 4,07.

Participación no PIB de España: pois pásase de 5,73 no 91 a 5,87 no 93.

Crecemento da renda nacional bruta trienio 91-93: real, en España 2,52, en Galicia 3,88.

Crecemento da renda familiar dispoñible trienio 91-93 -repito, textos impresos de FIES-: España 6,05 real, Galicia 10,65.

Polo tanto, estes son os datos e non podemos cambialos. Ó final de ano estudiaremos con moito gusto se houbo algunha variación á baixa. Desde logo, afirmo que seguiremos na mesma dirección.

Fíxose unha definición da autonomía cun proxecto diferenciado ó servizo de Galicia; eu estou totalmente de acordo. O que me gustaría ver sempre é ese proxecto realmente reflectido en tódalas accións do Grupo Socialista; foi difícil velo cando a discusión sobre o apoio ás autovías. Estes días estase a discutir e mencióneno con lamentación esta mañá -o tema dos portos. Hai poucos días o señor Taboada, o noso

compañeiro, falando da transferencia do porto de Marín dicía que non se debía pedir, que perdería categoría ó ser transferido a Galicia. Se este é o modelo de autonomía que defende o Grupo Socialista, pois que veña Deus e que o vexa, pero eu desde logo supoño que non debe ser así.

Asumir competencias e exercelas, pero ¿que outra cousa facemos? Estamos a facelo e precisamente iso é o que probablemente amole a algúns.

Nós levamos falando moito tempo destas propostas. Mañá, se hai medidas do Parlamento que apoién as mocións, eu entendo que o diálogo está aberto.

E quero dicir, señor Cortizo, de bromas e de veras, que a oposición ten que face-lo seu papel e eu teño que responderlle en nome do Goberno. Pero así como na outra intervención non houbo, que eu puidese percibir, e ben o sinto, ningunha oferta de diálogo, no seu haina; eu acéptoa unha vez máis, pero preciso vela. Eu ás veces preguntome -e perdóeme que diga isto-: non será que diálogo onde falta é no interior do PSOE e en particular do PSOE galego. Esa é unha cuestión que lle deixo sobre a mesa.

En todo caso, quero dicir que a estratexia cooperativa que está reflectida nos nosos constantes diálogos cos axentes sociais e coas forzas políticas, que terá un órgano que eu pedín de momento e despois en tódolos acordos cos sindicatos, un Consello Económico e Social, perante esta Cámara, evidentemente é a práctica constante de goberno ata onde é posible segundo a vontade dos máis.

Falouse de corrupción. Eu non sei que cornadas espera o señor Cortizo; nós non somos cornúpetos nin cornudos, cada un que aguante dos seus apéndices. Pero o que quero dicir é que falando de corrupción en xeral pódese chegar a pensar que o que se quere é que a xente pense noutro sitio e noutros persoeiros. Mire vostede, despois das cousas que teñen pasado -e afórreme da-los nomes que, como é natural, están na lingua e nas orellas de todos-, non se pode falar diso sen mencionar casos, e moito menos nun Parlamento no cal por un asunto discutible, certamente, 14 millóns de pesetas, se aceptou unha Comisión de investigación.

Falouse na intervención do voceiro do Bloque e na do voceiro Socialista do tema Fenosa, e nisto quero ser absolutamente claro.

Primeiro, o que pasou pasou noutros tempos, a decisión de que Fenosa entrase nunha operación con Unión Madrileña pasou noutro tempo, as consecuencias diso eran inevitables.

Segundo, eu teño que dicir que se eu terciéi neste asunto foi por dúas razóns. A primeira para negar expresamente que a Xunta nin tiña proxecto nin se lle pasara polas mentes adquirilo famoso edificio. Polo demais, Fenosa explicou que ten outros dous edificios, que ese xa non lle vale. Son operacións de libre mercado nas cales nós non temos nada que dicir. Dise que terciéi, e como naquela obra: “terció y así hizo mal tercio.”

Pois ben, MEGA, efectivamente, é un plan importante que vai ben, é un plan no que o único que non se cumpre son as achegas asinadas pola Administración central, que espero que chegarán a cumprirse e niso seguimos negociando. Pero o que non ten dúbida é que se aí ten unha parte principal Fenosa é pura e simplemente porque é a compañía que domina, efectivamente, e foi unha gran... para Galicia e séguese sendo, a maior parte do territorio. Hai outra parte que lle corresponde a Begasa, hai outra parte máis pequena que se refire ós grupos unidos dos pequenos produtores e todos eles entran no plan. En todo caso, teño que dicir que no asunto SOGAMA as cousas están todas por ver, que hai un Comité científico actuando, que aínda non se coñecen os sistemas que se van utilizar e que nese asunto coma en calquera outro as comparecencias ou investigacións estarán abertas sen dúbida ningunha a este Parlamento.

Infraestructuras. Din que non se coñecen as prioridades. ¡Un pouco de seriedade! Se algo está a facer este Goberno é a ordenación. Aí está a Lei de ordenación do territorio que dicíamos agora mesmo; o Plan de estradas, o Plan comarcal, os plans sectoriais, o Plan económico xeral que van recoller esas prioridades e, como é natural, o que ocorre ademais é que as cousas se están facendo.

Teño que dicir, en relación co ferrocarril, que a acción que estamos a facer xa demostrou unha certa eficacia. Neste momento é certo que uns servizos se re-

ducen, outros ampliáanse, outros adaptáanse, outros complementáanse, pero dicir que neste momento nós estamos a acepta-lo que nos veña, iso corresponde tan pouco coa realidade como sabe todo o pobo.

En canto á sanidade, fálase de fiasco. Non é malo que se recoñeza que o Goberno central non foi xusto con Galicia; estes días estamos en novas e importantes negociacións para que o sexa aínda máis. O que non ten dúbida de ningunha clase e que tódolos datos que figuran nesa memoria compoñen unha realidade que, por certo, recolle unha serie de equipamento con trascendencia especialmente importante, con moitísimos investimentos, e que, mesmo no Plan de asistencia primaria coma no Plan de asistencia especializada, Galicia se está a poñer na cabeza. E non hai propaganda, señor Cortizo, hai información. Nunca se fixo tanta información das campañas, das cousas que hai que evitar, e faise contra o tabaco, e faise contra o cancro de mama. Resulta que a metade da poboación son mulleres, por certo, a mellor parte da poboación, e teñen perfecto dereito que se defenda un asunto que mata a tantas delas por desgracia.

En canto ó informe do Valedor do Pobo, institución que o noso grupo político puxo en marcha e que está a cumprir, ó meu xuício, perfectamente o seu traballo, fala xustamente das razóns polas cales nós demos ese paso, como son as de facer certas reestruturacións administrativas e integrar algo a sanidade. Á parte de que se esquece nas referencias a el da cantidade de alternativas, a residencia familiar, etc. Pero xustamente neste momento, cando se están a face-las residencias asistidas, esas cousas tomarán tempo, xa que o crecemento da terceira idade é un dos grandes fenómenos do tempo. Podo dicir que, desde logo, a organización que neste momento hai entre Sanidade e Servizos Sociais é a máis axeitada para Galicia e pronto se verán os seus resultados.

Eu agradezo moito ¡quen non! que alguén lea os meus libros e que alguén faga citas deles. Por certo, non foi para criticalos, senón para dicir que non se compran bastante.

Ben, eu entendo que a mellora na educación é absolutamente indiscutible, pero quero facer algunhas observacións. En canto á referencia lixeira, porque en definitiva o tema dos retretes sempre é mellor deixalo

para outro tipo de intervencións, do instituto de Formación Profesional Roberto Vidal de la Torre, en Ferrol, debo dicir que se fixeron unhas obras de seguridade na instalación eléctrica, que están pendentes importantes obras de reforma con cargo ós presupostos do 95 para ofrecerlle mellores condicións ó gran número de alumnos nel matriculados, porque por fin, non era así cando nós chegamos, se conseguiu que a xente vaia a Formación Profesional. Destas obras están completamente informados o Consello Escolar, o Claustro e os pais. E o famoso retrete, posto que hai que falar del, foi utilizado estando xa desafectado desa función como cuarto escuro, e como é natural non para fins que puideramos considerar escatolóxicos na mente do señor Cortizo.

E si quero dicir sobre o tema das titulacións, que é un tema difícil, fixemos tres universidades, fixemos sete campus, hai lóxicas emulacións locais, que a biblioteconomía para Ferrol estaba solicitada antes ca físicas para Ourense; os datos están na Consellería de Educación á súa disposición. E, por último, que física foi pedida pola Universidade de Vigo regulamentariamente. Aquí hai palabras do señor rector que espero que se cumprirán, que no seu momento van ser discutidas pola Xunta da facultade e polo Claustro, pero quero dicir con toda claridade que o Plan de estudos si existe.

Finalmente, señor Cortizo, quero dicirle que non son hegeliano. Eu podo citar unha frase de Hegel, que por algo foi o primeiro tratadista de filosofía da historia, pero non estou totalmente de acordo. Si lle podo dicir que nós, nos guste ou non -e gústanos, e gústanos moito, gústalles menos en realidade ós que perden votos notoriamente dunha elección para outra-, cada catro anos ou un tempo máis breve estamos aí. Ese é o xuício, o da democracia, e non hai outro, e gracias a Deus por agora non nos podemos queixar dos xuícios que estamos a recibir dos cidadáns galegos. Cidadáns subditos, subditos cidadáns, galegos por encima de todo.

Gracias, por suposto, ó moi elocuente portavoz do Grupo Popular e a este Grupo Popular polo seu leal apoio.

E quero recordar con este motivo, porque moi a miúdo, hoxe mesmo se fixo en dúas ou tres ocasións,

fálase de desprecio ó Parlamento. O Parlameno é a Cámara mesma e os seus órganos estatutarios e regulamentarios, o Pleno, as Comisións e a Mesa. Os grupos teñen os seus dereitos para participar, todo iso dentro do respecto ó Regulamento e ó principio de maioría, pero o final é a Cámara, e a Cámara faise con maiorías. O feito de que por desgracia durante moito tempo non as houbera non impide que neste momento os que recibiron esa grave responsabilidade, ese serio mandato do electorado galego, teñan que exercelo, teñan que oír, teñan que dialogar e falar. Pero, finalmente, eles son os que responden e naturalmente neses asuntos non pode haber máis ca un criterio de dicir: nós tomamos esa responsabilidade. Non hai desprecio ningún, é simplemente dicir: o día que lles toque ós señores da oposición esa responsabilidade, exercerana. Nós sabémo-lo que é estar na oposición, sabémo-lo duro que é, Tamén sabémo-lo que é estar no Goberno, sabemos que é aínda máis duro e as responsabilidades que impón.

Repito que as minorías teñen dereitos recoñecidos a facerse escoitar, a chegar ó público, ós medios de información, e con iso a cambia-las maiorías, pero non a impoñe-lo seu criterio. Aínda escoitei hai uns días o extravagante concepto da maioría mecánica. ¿Que quere dicir? A mecánica, que foi un invento cando o socialismo era minoritario na constituínte, era unha referencia a que ou se facía o que dicía o grupo ou ben a maioría mecánica. Pois non, a maioría é a que di o pobo, e ten esa responsabilidade, e naturalmente a cantidade de emendas que se aceptan, de proposicións que se tramitan. E quero dicilo para honra de todos, porque o final, cando chega o momento do bonito, cando chega o momento dos camiños de ferro, si nos poñemos de acordo; noutros asuntos, non, mesmo se penso eu que en máis dun caso- se quixera facer así.

Pero en todo caso, teño tamén que recorda-lo principio de división de poderes. Nós vivimos pola Constitución e polo Estatuto en réxime parlamentario, que crea unha colaboración de poderes. Pero, en definitiva, o Lexislativo e o Executivo no sistema parlamentario son ramas diferentes. Un Parlamento non é unha convención que xulga, que decide, que administra, non é un concello onde están confundidos doutra maneira; pode investigar, pode facer mocións que son obrigatorias ata certo punto e que só se converten en

tales cando son maioritarias, verdadeiramente, pero nin goberna nin administra. E precisamente por iso eu respondo que terán tódalas facilidades, mentres nós esteamos en maioría, para exercer-los seus dereitos cada parlamentario e cada grupo, pero sen renunciar, non ós privilexios, senón ós terribles deberes de responder ante o pobo do que ten que se-lo servizo. Pero, xa que logo, nin hai ocultación nin falta de transparencia; simplemente, cada un no seu sitio.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Rolda de réplica para o Grupo Parlamentario do BNG.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, recoñecerá que hoxe non está vostede en forma ¿non? Pero aínda así é incorruxible. Sempre que lle poño engado vostede entra ó pano dereitiño, cunha limpeza absoluta, no sentido ese. Inevitablemente eu mesmo falei daquilo de se Ghandi, e tal, e vai don Manuel Fraga e di extravagante. Iso chamáronllo a Valle Inclán, ¿sabíao?, e contestou: “Jovenzuelo, querrá usted decir estrafulario, porque extravagante es el que deambula por fuera y yo estoy muy centrado en mi sitio”. Unha cousa é estrafulario e outra cousa é extravagante. Se vostede dixese que eu era estrafulario pola indumentaria, se cadra é perfectamente admisible, desde o seu punto de vista, pero se di extravagante non sabe de que fala, como *Le bourgeois gentilhomme*.

Por outra banda, a súa réplica corrobora as miñas teses. Vostede fixo unha intervención de réplica que logrou corroborar exactamente as teses que eu sostiven sobre a súa maneira de entende-lo réxime político democrático, a súa maneira de funcionar e de operar. É dicir, vostede nunca argumenta, vostede enuncia axiomas.

Cando se lle presenta unha cuestión, se lle fai unha argumentación, se segue unha liña de raciocinio e se chega a unhas determinadas conclusións que sempre

son cuestionables, vostede non colle e desfai o fío da argumentación para darlle a volta, para demostrar que está infundada, non, vostede enuncia axiomas, ou sexa, *dixit*, fulanito *dixit*. E claro, desa maneira non se resolve nada e ademais métese a pata. Métese a pata porque vostede conta con que, efectivamente, falar en Galicia de restricións da información é pouco serio - faltoulle dicir: e punto-, pero logo resulta que vostede mesmo está moi mal informado. Fíxese ata que punto hai secuestro de información que non lle chega información a vostede.

Sae vostede con que non sei que fixeron os concelleiros do BNG e tal respecto da fraga do Eume, e resulta que vostede do que non está informado, porque supoño que non está informado, porque se non vostede aquí o que fai é mentir, é de que o que ocorreu é que o BNG e tódolos seus concelleiros, non só na comarca do Eume senón en toda Galicia, están decididamente a prol da declaración de parque natural de todo o que sexa a conservación da fraga do Eume. É máis, unha das persoas, dos científicos que máis traballaron sobre as fragas do Eume e que elaboraron traballos sobre as fragas do Eume, don Carlos Vales, é recoñecidamente un militante do BNG que incluso foi candidato nunhas eleccións ó Parlamento do Estado español hai algúns anos. Outra cousa é que os concelleiros do BNG votaron en contra do Plano de ordenación dos recursos naturais da fraga do Eume da Consellería de Agricultura, porque afecta a unha serie de habitantes e núcleos de poboación que viven da agricultura e da gandería e que non se prevé compensación de ningún tipo; porque non contén o planing económico e afecta a extensión de 20.000 hectáreas que non son de bosque que haxa que protexer; porque o PP, por outra banda, un partido no Goberno, resulta que tamén votou en contra; porque ese plano nin sequera pasou a coñecemento e debate neste Parlamento.

Vostede respecta moito o Parlamento *ad pompam bellam ostentationem*, pero toman decisións, fan un plano e non vén a este Parlamento nin se debate. Incluso vostedes votaron en contra dunha proposición non de lei do BNG neste Parlamento respecto diso, e incluso da restauración no mosteiro de Caaveiro, que está convertido nunha cousa bastante deleznable por certo. ¿Quere que siga? Un acaba por pensar que o que pasa é que vostedes xogan a asusta-la xente ou a

desconcerta-la xente para que non se poida facer en definitiva nada, ningunha medida seria, ningún programa de mantemento das fragas do Eume e de recuperación medioambiental, e mentres tanto están deteriorándose con eucaliptos por tódalas partes e cousas polo estilo.

Outro exemplo, as vacas. Pero, señor Fraga, claro que eu teño lembranzas entrañables da nenez, si, si, de bebe-lo leite recén muxido, sen ferver sequera, coa espuma, e que por certo nunca me intoxicou; teño lembranzas diso, de neno, si, evidentemente. E iso non significa en absoluto que nin eu nin o BNG estea en contra da modernización da cabana gandeira, da rexeneración de todo o que sexa necesario; pero co que nós non estamos en absoluto de acordo é con que vostede diga que nunca houbo tantas vacas neste país coma agora, cando ademais están sistematicamente diminuíndo e hai cousas. Doulle un dato, en Sarria e en Abadín estanse a sacrificar vacas, de explotacións de máis de 20 vacas, polo tanto perfectamente competitivas, como din vostedes, sen explicarlles ós labregos por que. Moitas vacas infectadas polo IBR, enfermidade, como vostede sabe, transmitida por seme importado da Unión Europea sen controlar, sacrificanse sistematicamente pero tampouco se explica por que; iso é o que nós pensamos que realmente é completamente irracional.

Agora, eu non sei, porque non o lin, o que dicía A *Nosa Terra* sobre as vacas, non sei se se reproduciría aquela viñeta de Castelao tan famosa de que ten os tetos en Madrid e o pesebre en Galicia, pero ata estou por pensar que vostede coída que A *Nosa Terra* é un órgano de prensa do Bloque. ¿E iso o que lle pasa? ¿Vostede cre que eu leo A *Nosa Terra* como vostede o DOG? ou ¿pensa que A *Nosa Terra* escribe ó *dictat* de Beiras ou de calquera do BNG?

Señor Fraga, que vostede faga mención de A *Nosa Terra* paréceme moi ben, pero non ten nada que ver con nós, e ademais o director de A *Nosa Terra* está aí no palco de xornalistas, pode preguntarlle directamente se quere que lle dea unha explicación, se lle dan autorización para falar nesta Cámara. Outra cousa é a súa terra; esa é outra historia.

E do viño, por cousa que vostede mencionou aquí, pois fíxese por onde na reunión da Toxa, presidida

por vostede e polo señor Pérez Vidal, as propostas aprobadas son as do BNG do Salnés. Ou sexa, que á hora da verdade son as propostas que elabora o BNG do Salnés as que vostedes teñen que aprobar porque vostedes non teñen iniciativas propias. E son propostas elaboradas con base en deseños de política económica e especificamente de política agraria ós que me refería eu antes, cando lle falaba daquel deseño de política económica e de publicacións incluso feitas en resumo e en síntese en *A Trabe de Ouro*, unha revista deste país.

Ben, señor Fraga, ve como vostede chega aquí e pretende facer como fixo o alto cargo de educación, ó que me refería eu na primeira intervención, naquel programa de radio no que sae e di: “Non, non, primeiro hai que formula-las peticións”, e resulta que as peticións estaban formuladas. Vostede pensa que abonda con que vostede afirme unha cousa para que, como é o poder, iso sexa o que vai a misa. Evidentemente, iso non vale precisamente nunha sociedade democrática.

Insisto en que hoxe non estivo en forma, non tivo xenio. Eu coido que o embebedou un pouco ese ton seudolírico de parte do meu discurso, ese clima semibucólico, e entón vostede sentiuse un pouco desarmado; pero as cargas de profundidade están onde vostede ben sabe, e unha delas é mesmamente dos cidadáns e súbditos.

Non, señor Fraga, non comparto en absoluto, nin na ciencia política de propostas de óptica progresista se comparte, esa cuestión de que os cidadáns, en canto depositarios da parte alicuota que corresponde da soberanía que reside no pobo en concepción democrática, nese aspecto son cidadáns e son os que fan as leis, pero cando as leis están feitas son súbditos. Non, señor Fraga, o concepto de súbdito en política rematou coa Revolución francesa, e o único que queda é a obriga do cidadán de acata-las leis democraticamente elaboradas, porque a democracia non significa só dereitos e liberdades, senón que significa obrigas e compromisos; iso non ten nada que ver con súbditos. Súbditos e servos, no plano das relacións sociais o segundo e no plano da estruturación do poder e o status dos individuos na sociedade politicamente organizada o primeiro, rematou co Antigo réxime. É problema de vostede se quere aínda volver retomar eses esquemas e darlle erre que erre axiomáticamente tei-

mando en mante-lo que a propia historia varreu xa do mapa, e vostede con ela tamén.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras. Silencio, por favor. Na tribuna abstéñanse de aplaudir ou de manifestarse en calquera sentido. É algo que está en tódolos regulamentos de tódolos parlamentos, que desde a tribuna non se poden manifestar nin a favor nin en contra. Agradézolles que nos axuden a cumpri-lo Regulamento.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías.

Señor Portomeñe, eu estaría moi gustoso de debater con vostede se me dese pé, pero non me deu moito pé. En todo caso, vou facer un intento porque quero ser cortés. Dixo vostede que ía facer unha intervención para que reluxa a verdade do señor presidente. Mala verdade é se a ten que facer relucir vostede a maiores. “Comprende -dixo- “os propósitos de emenda deste portavoz como membro do Grupo Socialista, pero aínda así fáltalle credibilidade”. Oia, de propósitos de emenda, de cambios, de evolucións e, en consecuencia, de credibilidade, eu non quixen dicir nada, pero en evolucións e emendas pregúntelle ó señor Fraga. Eu xúrolle que nese sentido teño moito menos que explicar. Eu non entro niso. Auga pasada non move o muíño, e cada un, como ten dito o señor Fraga nalguna ocasión, é dono da súa propia historia.

Non me deu para moito, señor Portomeñe, e tampouco quixen facer un uso excesivo da cita aquela de Malraux que di: “Cheguei a xenio porque non contestei tódalas tonterías que de min se dicían”.

Señor Fraga, señor presidente, as medias verdades son medias mentiras. Cando fala do porto de Marín e nos manifesta a postura en contra para a súa transferencia, diga o que dicíamos, que non aceptámola transferencia se supón rebaixa-la cualificación de porto de interese xeral a porto pesqueiro, porque estamos escaldados con vostedes, porque aceptan as cousas simplemente para ter máis onde mangonear, rebaixan-

do a categoría, ¿entende? Xa pasou co INSALUD e agora co porto.

Tampouco lle criticamos que trouxese aquí hoxe a súa achega teórica sobre o estado das autonomías. O que lle criticamos foi que non o puxese en coñecemento das forzas políticas deste país con tempo suficiente para que puidesemos debatelas, para que puidesemos pensar nelas e, se fose o caso, achegar con ánimo constructivo, e chegar, deste xeito, polo diálogo e polo consenso, a unha postura de Galicia, non a unha postura do Partido Popular. Creo que quedou bastane claro.

Sobre o tema da FIES, eu citei o adianto que a FIES fai respecto do ano 1994. Eses non son fiables, pero mire, eu de economía seille pouco. O que dixeran, a verdade é que o dixeran porque un toma nas fontes de onde hai que tomar. Os economistas din que, en tempos de crise, as economías débiles coma a nosa soportan mellor o impacto da crise. De aí eses datos de crecemento que vostede dá. Pero cando empeza o auxe, cando se sae da crise, volvemos á posición de sempre; é dicir, a medrar menos, a volver a incrementar-las diferencias. E por como o lin, pareceume que era algo bastante simple, incluso non quería falar eu así aquí, porque me parecía tan simple, tan simple, que diría que todo o mundo o sabía.

Aceptou o diálogo. Isto non é un xogo floral. Se acepta o diálogo, e se acepta o diálogo para os presupostos, constituamos unha comisión para debater sobre presupostos, e en serio. Iso implica que vostedes, cos presupostos deste país, deixen de discrimina-los concellos socialistas ou outros que non sexan gobernados polo Partido Popular. E iso tamén é corrupción, ¿eh! Hoxe en día, neste país, aqueles concellos que non son gobernados polo Partido Popular son absolutamente discriminados polo Goberno da Xunta, e iso tamén é corrupción.

E no da corrupción, pois, díxome o da cornada. Pois a cornada veu precisamente por onde eu pensaba que ía vir a cornada. Pero para esa cornada tamén hai capotazo. E créame que me resulta difícil dicilo, de verdade. Terei que facer un esforzo persoal xa que cada día me desagradan máis estes aspectos da política. Neste Parlamento hai un deputado do seu grupo que utiliza un coche propiedade da Xunta. E hai un conse-

lleiro que llo permite. Téñoos documentado con fotos e datos. E ese deputado cobra as axudas de custo como se se desprazase a este Parlamento desde o seu posto de destino no seu propio coche. Se na réplica vostede asume que, se o demostró con datos, fotos e acta notarial, pide a demisión dese deputado e destitúe o conselleiro que permite iso, entón creremos que o que vostede di desde aquí para desmentir todo o que nos dicimos ten algunha credibilidade. E créame, insístolle, que me resulta moi doloroso dicir estas cousas.

Non terciou en FENOSA só para dicir que non se ía merca-la sede de FENOSA, terciou para felicita-la empresa. E está felicitando unha empresa que con tódolos datos na man está desinvestindo en Galicia, e entrou para eloxia-lo seu labor. Eu o que formulo é: se FENOSA está desinvestindo en Galicia, se FENOSA non ten como punto de mira especial Galicia, ¿por que a Xunta a beneficia tanto? ¿Que exemplo lles damos ás outras empresas que queiran vir implantarse aquí? ¿Que fagan o mesmo? ¿Que sigan a mesma tónica de comportamento? Insisto, non terciou co tema da venda, que tamén o dixó. Terciou felicitando a empresa. E eu digo: ¿pola súa política empresarial en Galicia? Os datos de cadro de persoal e de negocio da empresa non benefician precisamente a Galicia. Se a Xunta de Galicia ten por costume ou vai poñer en práctica unha política industrial de apoia-las empresas que teñan ese comportamento, pois malamente imos conseguir sacar isto adiante.

Quizais para explicar como se usan as maiorías, habería que significar que vostedes non cumpren as leis. E non é que non cumprisen aspectos formais. Utilizan a maioría para non cumprir aspectos cruciais das leis e que son fundamentais para o desenvolvemento económico deste país. Por poñer un exemplo, en I+D, fundamental para a innovación tecnolóxica nas empresas, fundamental para que as PEMES deste país poidan saír adiante, fundamental para que os produtos *made in Galicia* poidan ser fabricados a menor precio e con mellor calidade, en I+D, insisto, sómo-la comunidade que menos inviste de todo o Estado español. O sistema ciencia e tecnoloxía de Galicia leva oito anos de atraso respecto do resto de España sendo xenerosos na apreciación, pois vostedes, desde o ano 1990, incumpren sistematicamente a obriga que teñen de facer un plan de investigación para coordinar e im-

pulsa-los investimentos en I+D. No ano 1990 había unha lei aprobada que o obrigaba a vostede a presentar neste Parlamento un plan, e que o obrigaba a presentar anualmente unha memoria. Non o aplicou, e no ano 1993 modificou esa lei. Pero é que despois desa modificación segue sen presentar ese plan de investigación. Isto non é un aspecto formal. Se imos baixando na escala, significa que hai xente que non ten que comer porque vostedes desde arriba non toman as decisións que teñen que tomar, porque se perde emprego, porque van ó paro, porque as empresas non innovan tecnoloxicamente e porque teñen que pechar. De aí que alguén diga que, no eido da industria, o que está a suceder neste país, máis ca un acercamento ó novo paradigma tecno-económico e non sei cantas cousas, é que estamos asistindo a un desmantelamento brutal. ¡Claro!, como non vai ocorrer así se a política que se premia é a das empresas coma FENOSA. E eu non estou en contra da política empresarial de FENOSA. É dela. É a súa. Que teña a que teña. A min dáme igual. A min paréceme moi ben, eu respéctolla. Agora, o que me parece francamente mal como galego é que os meus cartos sirvan para incentivar eses comportamentos.

E remato xa, señor presidente. Falando, das alusións á falta de diálogo no Partido Socialista, voulle dicir unha cousa: pesábame a intervención nesta tribuna. Pesábame a responsabilidade de falar en nome dun partido que, derrotado literalmente, asumiu a derrota e que reflexionou sobre ela. Pesábame pola análise feita dos erros cometidos, e pesábame porque sabía que era posible que vostede utilizase torticeiramente esa cuestión para tratar de quitarlles razón ós meus argumentos. Os meus argumentos non perden razón nin aumentan de razón porque teña eu conflitos internos ou non os teña no partido. Os conflitos internos non quitan nin dan a razón, o que quita ou dá a razón é o que se di, son os feitos reais e os feitos concretos.

E remato agora, señor presidente. O outro día lía unha entrevista súa na revista *Época*, e ó fío dunha pregunta sobre o Goberno central, vostede remataba dicindo: “Ya no se soportan ni entre ellos. En el Parlamento de Galicia acaban de elegir al cuarto portavoz”. Cando leo esas afirmacións súas tan despreciativas sempre me pregunto: ¿pero este home quen cre que é?, ¿que currículo marabilloso ten detrás de

si, de ben nacido home deste país, para despreziciar tan absolutamente todo aquilo que non lle gusta? Aínda nunca atopei resposta.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señorías.

Ben, se estamos en forma ou non, non é que cada un teña que dicilo do outro. Eu atopei ó señor Beiras sempre na mesma forma de tódolos días, e felicítoo, pola súa constancia, pero si fago miña a súa frase: “Dentro de moitos dos meus erros, eu procedo con limpeza absoluta”.

Eu non falei de extravagante, falei de excéntrico, concepto moi diferente e que non lle vou explicar a persoa tan culta coma el. Pero si quero aproveitar para dicir que a versión exacta do que dixó Valle-Inclán está publicada. Porque despois duns famosos comentarios nos que se metía co xeneral Primo de Rivera, durante a dictadura, pois don Miguel chamoulle “escritor genial y ciudadano extravagante”, ó cal lle respondeu Valle-Inclán que se equivocara, que el, o que era, era un cidadán xenial e un escritor extravagante. Pero non importa nada, porque falando de libros, o señor Carlos Vales, -que non importa que sexa do Bloque para que escriba un bo libro- publicou un bo libro sobre a fraga do Eume e editouno a Xunta, como sabe. Teño os exemplares que queira á súa disposición. Tamén nós escoitámolo Bloque cando ten razón. Din que mesmo un reloxo parado dúas veces ó día dá a hora exacta (*risos*). Pero quero insistir con toda claridade en que o que se dixó en Pontedeume -eu estaba veraneando alí ó lado- foi exactamente: “Estariamos de acordo con isto, pero non o cremos e votamos en contra” Foi o que se dixó e punto. En canto ó que dixó *A Nosa Terra*, órgano que non ten nada que ver co Bloque, está aquí, vou lelo e voulle enviarla copia ó señor Beiras: “A máis vacas saneadas, menos xente no campo e máis gastos”, e segue, “naturalmente o técnico é a ... contra o labrego tradicional”. Isto é o que se di, e, naturalmente, hai que falar en serio, porque eu non sei se se pode dicir que isto é falar en serio.

En canto ó viño, quero dicirlle que, como é natural, din sempre que a victoria ten moitos pais e en cambio, a derrota é orfa. Pero o que fixo o relatorio do Congreso da Toxa foi o señor Lamo de Espinosa, e o acordo contra a OCM propúxoo a Mesa do Viño e foi aprobado por unanimidade.

En canto ós varridos da historia, cada un sabe dos seus, pero, como é natural, de momento os varridos indican moitos anos quen están nunha minoría excéntrica e quen polo contrario vai nos vieiros da maioría.

En canto á intervención do señor voceiro do PSOE, agradézolle as citas. Creo que fai ben en le-los escritos. Eu tamén leo os del. Non son moitos, pero, en fin, eu fago o posible por facerme cargo deles. Pero en todo caso eu asumo a miña historia, téñoa publicada en dous tomos de memorias, non oculto nada, e teño que dicir que, como é natural, acepto os xuicios positivos e negativos...

E agora si que hai un tema que creo que ten importancia, porque errar é humano pero perserverar din que é diabólico. Efectivamente, a clave é a expresión “interese xeral”. Como sabe o señor Cortizo, aínda que non participase na elaboración da Constitución, pero estimo que a estudia a miúdo, cando se fala no artigo 149.20 das facultades exclusivas do Estado en obras públicas, di “portos de interese xeral”, o que quere dicir que o interese xeral é o criterio para poñelo na exclusiva do Estado; polo tanto, non me diga iso. Naturalmente en canto o poñamos alí non se ... Esa pode se-la idea que teñen vostedes da autonomía, non é a que ten o Goberno galego e o Partido Popular.

Respecto do tema FENOSA, no que se insiste, eu quero dicir que sempre terciéi para dicir tres cousas. A primeira que non compramos esa finca. A segunda que nos servíciolos que se prestaban na Xunta estamos satisfeitos. E a terceira, que é a máis importante, que hai dúas visións disto. Hai quen cre que todo o que é facer Galicia é facelo de aquí a Pedrafita ou de aquí a Tui. Eu creo que a Galicia grande se fai con grandes empresas galegas que cheguen ó mundo enteiro. Ese é o caso de Zara. Se alguén quere que unha gran empresa como Zara se quede a producir só aquí, e soamente a vender aquí, pode propoñelo, eu non. Ese é o caso de Pescanova, que pesca no mundo enteiro, que inviste en Sudáfrica, onde queira. Ese é o caso de FENOSA, que eu vin o que está a facer en Uruguai, en

Arxentina e noutros sitios e creo que é o que lle convén a Galicia. Naturalmente outros poden ter outra idea; pero, desde logo, eu non entro, polo demais, a xustificar accións concretas de política empresarial, que, por certo, na Constitución, na lei europea e na lei galega son absolutamente libres.

En canto ó Plan de I+D teño que dicir que se acaba de aprobar por decreto a Secretaría do Plan de investigación, que está a elaborar este documento. Teño que dicir que o Plan de investigación é un tema moi serio, nun momento de estiaxe -poderíamos dicir- presupostaria, pero teño que dicir que o incremento real da investigación é notable cada ano. En cumprimento, o mesmo, por accións concretas do conselleiro de Industria. Como está a pasar no parque tecnolóxico e como o que se refire á Universidade a través do Plan de financiamento.

Finalmente, hai moitas maneiras de propoñelo diálogo e comezalo. Evidentemente, a do señor Cortizo é peculiar. Perdoe que lle diga que máis ca un cortizo de abellas que fan o mel, parece de avésoras. Pero, en definitiva, falar de discriminación dos concellos socialistas recórdame cousas que pasaron no Goberno tripartito, loado por algúns nesta sesión. Non se fai iso agora. Pero estamos en Santiago. Pregúntelle ó señor alcalde de Santiago. El fai declaracións de vez en cando. Témoloo ben cerca. Eu creo que, efectivamente, iso non ten nada que ver.

En canto ós coches, como é natural, eu non acepto aquí ningunha sentenza previa, pero se ten coñecemento dalgún abuso, señor Cortizo, por suposto que será investigado con todo interese.

Moitas grazas.

Pregaría que se lle dese isto o señor Beiras como recordo.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Como coñecen os grupos parlamentarios, ata ás doce da mañá poderán presentarse no Rexistro propostas de resolución.

A sesión reiniciárase ás catro e media da tarde de mañá.

Ata entón suspéndese a sesión.